



XUNTA
DE GALICIA

ESCOLA OFICIAL DE
IDIOMAS DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE ALEMÁN

CURSO 2023/2024

Contido

1. INTRODUCCIÓN	4
1.1. MARCO LEGAL	4
1.2. CONTEXTO EDUCATIVO	4
2. NIVEL BÁSICO A1 E A2	5
2.1. DEFINICIÓN DO NIVEL	5
2.2. OBXECTIVOS XERAIS	6
2.3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS, ACTIVIDADES, COMPETENCIAS E CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS EXIXIBLES, SECUENCIADO POR CUADRIMESTRE	7
3. NIVEL INTERMEDIO B1 E B2	60
3.1. DEFINICIÓN DO NIVEL	61
3.2. OBXECTIVOS XERAIS	62
3.3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS, ACTIVIDADES, COMPETENCIAS E CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS EXIXIBLES, SECUENCIADO POR CUADRIMESTRE	63
4. NIVEL AVANZADO C1 E C2	128
4.1. DEFINICIÓN DO NIVEL	128
4.2. OBXECTIVOS XERAIS	128
4.3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS, ACTIVIDADES, COMPETENCIAS E CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS EXIXIBLES, SECUENCIADO POR CUADRIMESTRE	129
5. AVALIACIÓN	163
5.1. NATUREZA DA AVALIACIÓN	162
5.2. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	162
5.2.1. AVALIACIÓN INICIAL	162
5.2.2. AVALIACIÓN FORMATIVA	162
5.2.3. AVALIACIÓN DE PROGRESO	164
5.2.4. PROBA FINAL DE PROMOCIÓN E DIRECTRICES PARA A SÚA ELABORACIÓN	164
5.2.5. PRBAS TERMINAIS ESPECÍFICAS DE CERTIFICACIÓN	165
5.2.6. AUTOEVALUACIÓN	167
5.3. CONVOCATORIA DAS PRBAS	167
5.4. ASISTENCIA	167
5.5. SESIÓN DE ESTADARIZACIÓN: DIRECTRICES E PROTOCOLO DE ANÁLISE DE RESULTADOS E CONCLUSIÓN	170
5.6. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	169
6. ORIENTACIÓN METODOLÓXICAS	169
7. RECURSOS DIDÁCTICOS	171
8. DIRECTRICES PARA CREAR, ORGANIZAR E MANTER O BANCO DE MATERIAIS DO DEPARTAMENTO	172
9. BIBLIOGRAFÍA E MATERIAL RECOMENDADO	176
10. MEDIDAS PARA A UTILIZACIÓN DAS TIC	176

11. LIÑAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	178
12. OUTROS CURSOS	179
12.1. CURSOS MONOGRÁFICOS	179
13. PROCEDEMENTOS PARA COORDINAR, VALORAR E REVISAR O DESENVOLVEMENTO E RESULTADO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	188
14. PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO	189
15. PROCEDEMENTOS PARA IDENTIFICAR E CANALIZAR AS NECESIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO DO DEPARTAMENTO	191

1. INTRODUCCIÓN

1.1. MARCO LEGAL

- Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Real Decreto 1041/2017, do 22 de decembro, polo que se fixan as esixencias mínimas do nivel básico para os efectos de certificación, se establece o currículo básico dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, e se establecen as equivalencias entre as ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas en diversos plans de estudos e as deste real decreto.
- Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Resolución do 16 de maio de 2023, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a preinscrición, admisión, matrícula e organización académica nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no curso 2023-2024.

1.2. CONTEXTO EDUCATIVO

O Departamento de Alemán da EOI de Santiago de Compostela pasa a contar dende este novo curso con 4 prazas docentes a tempo completo, perdemos con respecto aos últimos anos unha praza. As prazas docentes actualmente correspóndense con 4 docentes co destino definitivo na escola. Dous profesores do departamento son catedráticos. Outro aspecto a resaltar pola perda dunha praza en alemán, foi ter que renunciar a seguir ofertando o curso de alemán A1-A2 intensivo, así como o C11 da mañá, dous niveis que tiñan certa aceptación.

Polo que respecta ao alumnado, atopámonos cun alumnado heteroxéneo que, polo tanto, terá diferente:

- Polo seu nivel de estudos (estudios primarios, secundarios ou universitarios). Capacidade e ritmo de aprendizaxe. Interese pola lingua (profesional e laboral, académico ou persoal). Alfabetización tecnolóxica. Idade (desde menores de idade a xubilados). Condicións socioeconómicas (desempregados, persoal da administración pública, Alumnado de secundaria ou universitario, **persoal docente...**). **Cofecemento e contacto previo coa lingua. Modalidade de acceso aos cursos e niveis que ofrece o departamento.**

Se nos centramos nos dous aspectos máis importantes para analizar o contexto educativo do alumnado (o seu interese pola lingua e a modalidade de acceso aos estudos nos cursos de alemán), cómpre comentar o seguinte.

No tocante ao interese do alumnado pola lingua, o alumnado que estuda alemán ten a necesidade de aprender e perfeccionar a lingua porque:

- desenvolve unha profesión relacionada co turismo (guía, dependente en comercio, empregado dun establecemento hoteleiro...), co comercio (dependente de comercio, importación e exportación de produtos...) ou quere mellorar o seu currículum;
- precisa un certificado de nivel por motivos académicos (estudantes de secundaria ou universitarios);
- conta con familia en/de países nos que se fala a lingua;
- realiza cursos de linguas para a súa formación profesional (profesorado de primaria e de secundaria);
- ten un interese persoal ao contar con familia en/de países nos que se fala a lingua ou porque realiza viaxes de pracer;

- está interesado en facer unha actividade de carácter intelectual no seu tempo libre.

No que se refire á modalidade de acceso aos cursos e niveis ofertados polo departamento, atopámonos coas seguintes tipoloxías:

- principiantes absolutos, é dicir, alumnado que accede aos cursos A1.
- procedente das probas de clasificación, é dicir, alumnado que accedeu, sen certificación, a cursos de A2, B1,B1.2, B2 ou C1 na convocatoria deste ano ou do curso anterior;
- que conta cunha certificación de EOI na convocatoria 2022-2023, en anteriores convocatorias tanto do plano de estudos do 2007 coma do 1989;
- que promocionou de curso dentro da EOI no curso 2022-2023, en cursos anteriores ou que repite curso;
- con certificacións doutras institucións nacionais (p. ex: Centro de Linguas Modernas da USC,) ou internacionais (Instituto Goethe, de algunha Universidade alemá ou dunha Volkshochschule).

2. NIVEL BÁSICO A1 E A2

2.1. DEFINICIÓN DO NIVEL

O currículo do nivel básico das ensinanzas de idiomas de réxime especial ten a finalidade de dar resposta ás necesidades dunha comunicación eficaz na sociedade actual plurilingüe e pluricultural.

O proceso de ensino e aprendizaxe de idiomas parte dun modelo de lingua entendida como vehículo de comunicación, tal e como se define no Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación (MECRL) e na Lei Orgánica de Educación (LOE), do 3 de maio de 2006 (BOE do 4 de maio), modificada pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. O nivel básico das ensinanzas de idiomas ten como referencia o nivel de competencia A2 do MECR: os obxectivos xerais e específicos para cada unha das destrezas, a selección de contidos e os criterios xerais de avaliación son coherentes co establecido para este nivel e co enfoque accional polo que se pronuncia o MCER.

O nivel, tal e como establece o Decreto 81/2018 desenvolverase en dous curso (A1+A2)

BÁSICO A1

O alumnado que supere o nivel básico A1 será capaz de desenvolverse de forma elemental e satisfacer necesidades de tipo inmediato. Igualmente, poderá actuar en situacións moi cotiás mediando entre falantes de distintas linguas para facilitar a comunicación.

O alumnado que acade este nivel disporá das competencias que lle permitan utilizar o idioma, oralmente e por escrito, de maneira eficaz e apropiada en situacións comunicativas moi concretas e predicibles relativas a necesidades inmediatas e que requiran comprender e producir textos orais e escritos moi breves e sinxelos nun rexistro neutro da lingua estándar.

BÁSICO A2

O alumnado que supere o nivel básico A2 será capaz de levar a cabo tarefas simples e cotiás sobre cuestións coñecidas e habituais. Igualmente, poderá actuar en situacións cotiás de comunicación mediando entre falantes de distintas linguas que non poidan comprenderse de forma directa.

O alumnado que acade este nivel disporá das competencias que lle permitan utilizar o idioma, oralmente e por escrito, de maneira eficaz e apropiada en actividades comunicativas sinxelas e habituais relativas a necesidades inmediatas e que requiran comprender e producir textos breves que conteñan expresións e estruturas básicas e termos sinxelos de lingua estándar.

2.2 OBXECTIVOS XERAIS

BÁSICO A1

As ensinanzas do nivel básico A1 teñen por obxecto capacitar o alumnado para desenvolverse de forma elemental e satisfacer necesidades de tipo inmediato. Este nivel de uso do idioma permitirá, igualmente, actuar en situacións moi cotiás mediando entre falantes de distintas linguas para facilitar a comunicación. Con este fin, o alumnado deberá adquirir as competencias que lle permitan utilizar o idioma oralmente e por escrito de maneira eficaz e apropiada en situacións comunicativas moi concretas e predicibles relativas a necesidades inmediatas e que requiran comprender e producir textos orais e escritos moi breves e sinxelos nun rexistro neutro da lingua estándar.

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel básico A1, o alumnado será capaz de:

- Comprender a información esencial en textos orais moi breves, articulados con moita lentitude, claridade e redundancia, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos nunha variedade de lingua estándar, en situacións en que se utilicen frases moi sinxelas e habituais referidas a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, sempre que as condicións acústicas sexan boas e a mensaxe non estea distorsionada e se poidan utilizar estratexias que faciliten a comprensión, como apoios visuais, repeticións a ritmo máis lento ou reformulacións.
- Producir e coproducir, tanto en comunicación cara a cara como por outros medios técnicos, textos orais moi breves con estruturas moi sinxelas e habituais, relativos a necesidades inmediatas e temas moi cotiás e predicibles, e desenvolverse de forma comprensible, aínda que sexan evidentes o acento estranxeiro, as pausas e titubeos e sexa necesaria a repetición, reformulación e corrección de frases, así como a colaboración da persoa interlocutora para facerse entender.
- Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos moi breves e sinxelos claramente estruturados, en lingua estándar, e que conteñan información moi sinxelas relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá ou información persoal básica, especialmente se contan con apoio visual.
- Producir e coproducir, independentemente do soporte, textos moi breves e sinxelos con información moi básica relacionada con actividades cotiás e de inmediata necesidade ou información persoal, utilizando un repertorio léxico e estrutural moi limitado relacionado con situacións concretas e predicibles e os recursos de cohesión e as convencións ortográficas e de puntuación máis elementais.
- Mediar entre falantes de distintas linguas en situacións de carácter moi habitual en que se producen intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos moi cotiás ou con información persoal moi básica.

BÁSICO A2

As ensinanzas do nivel básico A2 teñen a finalidade de capacitar o alumnado para levar a cabo tarefas simples e cotiás sobre cuestións coñecidas e habituais. Este nivel de uso do idioma permitirá igualmente actuar en situacións cotiás de comunicación mediando entre falantes de distintas linguas que non poidan comprenderse de forma directa.

Con esta finalidade, o alumnado deberá adquirir as competencias que lle permitan utilizar o idioma oralmente e por escrito de maneira eficaz e apropiada en actividades comunicativas sinxelas e habituais, relativas a necesidades inmediatas, e que requiran comprender e producir textos breves nun rexistro neutro, que conteñan expresións e estruturas básicas e termos sinxelos de lingua estándar.

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel básico A2, o alumnado será capaz de:

- Comprender o sentido xeral e a información relevante en textos orais breves e sinxelos articulados con claridade e lentitude, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos nunha

variedade de lingua estándar, que traten de necesidades inmediatas, temas cotiáns e coñecidos cos que se estea moi familiarizado/a ou experiencias persoais e predicibles, sempre que non existan ruídos de fondo e se poidan utilizar estratexias que faciliten a comprensión, como apoios visuais, repeticións ou reformulacións.

- Producir e coproducir, tanto en comunicación cara a cara como por teléfono ou outros medios técnicos, textos orais breves con estruturas básicas e habituais, adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras, referidos a asuntos da vida cotiá, e desenvolverse de forma comprensible e clara, aínda que resulten evidentes o acento estranxeiro, as pausas e titubeos, e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación das persoas interlocutoras para manter a comunicación.
- Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos breves e sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar, relacionados con temas cotiáns, especialmente se contan con apoio visual.
- Producir e coproducir, independentemente do soporte, textos breves e sinxelos sobre aspectos cotiáns e temas predicibles relacionados coa experiencia persoal, utilizando un repertorio léxico e estrutural limitado e básico e os recursos de cohesión e as convencións ortográficas e de puntuación elementais.
- Mediar entre falantes de distintas linguas en situacións de carácter habitual en que se producen intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos cotiáns ou con información persoal básica.

2.3 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS, ACTIVIDADES, COMPETENCIAS E CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS EXIXIBLES, SECUENCIADO POR CUADRIMESTRE

BÁSICO A 1

No desenvolvemento detallado da secuenciación de contidos que se describe a continuación, o profesorado inclúe de forma planificada e intencionada un abano de actividades e ferramentas de avaliación formativa na súa programación diaria de aula. Estas actividades e ferramentas permiten observar, reflexionar e valorar o nivel de comprensión e cumprimento dos obxectivos de aprendizaxe por parte do alumnado. A través delas, adaptadas ás necesidades e ao contexto da aula, axudamos aos estudantes a avanzar na súa aprendizaxe e a facer os axustes necesarios para acadar os obxectivos de aprendizaxe esixidos. Ditas actividades e ferramentas responderán ás seguintes estratexias:

- Coñecer os obxectivos de aprendizaxe da unidade e reflexionar sobre o progreso actual que están a lograr.
- Obter evidencias de aprendizaxe para comprobar o nivel de comprensión dos contidos da unidade por parte do alumnado.
- Traballar con textos modelo orais e escritos para que os estudantes comprendan os criterios de calidade necesarios esixidos na súa produción.
- Autoavaliar e avaliar entre pares (coavaliación) os produtos de aprendizaxe da unidade mediante instrumentos de avaliación que proporcionan retroalimentación sobre o nivel de consecución dos criterios de calidade e os pasos a seguir para achegarse a eles.
- Fomentar un ambiente de retroalimentación no que tanto estudantes como profesorado reciben orientación para realizar axustes na súa aprendizaxe e na docencia

Unidades: 1. Ich heiÙe Miriam. (BegrüÙung, Vorstellung, Befinden) 2. Was macht ihr beruflich? (Angaben zur Person, Berufe) 3. Das ist meine Schwester (Familie, Sprachkenntnisse)
Saúdos, presentación / Datos persoais, profesión / Familia, coñecementos idiomas.

Obxectivos:

CO: Comprender o esencial en situacións nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre temas moi frecuentes que se refiren ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude e claridade.

Seguir un texto moi breve articulado con claridade, con xeito e con pausas, no que se utilicen expresións moi sinxelas e habituais referidas a temas moi coñecidos ou a necesidades inmediatas.

EO: Establecer contactos sociais moi breves, de estrutura moi sinxela, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa.

Establecer conversas moi breves e presentarse (saúdo, nome, idade profesión etc, para finalmente, despedirse).

Interactuar para obter ou ofrecer información básica sobre a persoa e familia.

CE: Comprender carteis, letreiros ou textos moi breves e sinxelos que inclúan ou soliciten información persoal básica e que conteñan vocabulario moi frecuente.

Comprender o sentido global e localizar a información sobre a familia, o lugar de orixe, as linguas que fala etc.

Utilizar estratexia que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas ou non lingüísticas.

EE: Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e elaborar estes seguindo textos modelo.

Redactar textos moi breves que conteñan información persoal básica.

Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal básica (nome, idade, enderezo etc.)

Mediación: Mediar en situacións moi cotiás e familiares, nas que se fale moi lenta e claramente.

Transmitirlle oralmente a terceiras persoas información relativa á persoa (idade, profesión, parentescos, linguas que fala...) ou explicarlle a terceiras persoas que se lle require esa información.

Competencias /
contidos

Socioculturais e sociolingüísticos:

- O saúdo
- Fórmulas de cortesía, usos de vostede e ti.

Estratéxicos:

- Memorizar palabras e estruturas novas,
- Ensañar o texto oral ou escrito.
- Aproveitar coñecementos previos (saúdo, despedida...)
- Valorar se se conseguiron ou non os obxectivos propostos.
- Relacionar a información nova con coñecementos previos.
- Solicitar repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu.
- Determinar os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolvela.

Funcionais:

	<ul style="list-style-type: none"> • Saudar e despedirse. • Presentarse ou presentar a alguén. • Agradecer. • Pedir información sobre a persoa • Interesarse por unha persoa (Wie geht's?..) • Preguntar o significado dunha palabra ou expresión. • Reaccionar e cooperar na interacción. <p>Discursivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Texto biográfico básico. • Conversas cara a cara • Carteis e letreiros. <p>Sintácticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • A conxugación • A pregunta (os pronomes interrogativos W- und Ja-Nein-Frage). • A oración simple • A oración coordinada con "und". • A oración simple: Tipos de oración, elementos e a súa posición. • Oración declarativa: afirmativa e negativa. • A negación: nicht). • Posición dos elementos; fenómenos de concordancia. • Substantivo: femininos co sufixo -in • Pronomes persoais (nominativo, ich, du, Sie); e • O sintagma verbal: presente do indicativo verbos regulares; introdución ós verbos irregulares <p>Léxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Identificación persoal básica: nome e lugar de orixe... • Traballos e profesións. • Identificación persoal (nome, apelido, idade, profesión, estado civil, familia e parentescos) • Os números ata 100 <p>Fonético-fonolóxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • O abecedario • Recoñecemento e produción dos sons vocálicos e consonánticos • Correspondencia entre grafías e fonemas • Entoación
<p>Descrición da actividade</p>	<p>CO: escoitar breves conversa/presentación na terraza dun bar. CE: ler diálogo. EE: Completar un diálogo. CO: Recoñecer e asociar partes dun diálogo coa función no discurso. EO: Preguntar sobre o lugar de orixe e a familia e outro datos biográficos. CO e EE: escoitar e completar un diálogo. CO e EO: escoitar e repetir as letras do abecedario. EE: Completar as terminacións verbais e escribir outras partes de diálogos fragmentarios. CO: escoitar breves presentacións e responder ás preguntas sobre o texto. CE e CO: ler e escoitar o texto simultaneamente, co fin de entender e mecanizar a relación entre a escrita e a fala (ortofonética). CE: Ler biografías de persoeiros famosos do mundo de fala alemá. CO: entender audios sobre series favoritas de distintas persoas. EE: escribir breves textos de presentación CE: entender tarxetas e perfíles persoais de Internet.. EE: escribir dictados relacionados cos datos persoais básicos.</p>

	<p>EO: ver vídeo sobre unha perruqueira e a súa clienta, no que se describe brevemente a biografía de ambas.</p> <p>CO: escoitar un diálogo e recoñecer a actitude (crible ou non crible)</p> <p>CO: escoitar un monólogo curto sobre a familia e recoñecer os parentescos principais.</p> <p>CE e CO: ler e escoitar o guión dunha escena de teatro, na que se presentan persoas e fala sobre as relacións de parentesco das mesmas.</p> <p>EO: Preguntar sobre o parentesco (xogo con dados e folio taboleiro con prespostas ou preguntas).</p> <p>Describir unha árbore xenealóxica coa fin de que a outra persoa a poida debuxar.</p> <p>EE: Escribir un breve correo electrónico a un/ha Au-pair que vai vir para casa describindolle a propia familia.</p> <p>CE e EE: Ler un texto sobre Heidi Klum e completar a súa árbore xenealóxica.</p> <p>CO: Ver vídeo sobre as familias de tres persoas distintas.</p> <p>Escoitar unha canción sobre a xeografía alemá</p> <p>EO: Facer entrevistas con datos biográficos distintos ós propios.</p>
Mínimos esixibles	<p><u>Comprensión e expresión oral</u>: ser capaz de:</p> <p>Saudar e despedirse</p> <p>Presentarse e presentar a alguén: nome, apelido, dirección, idiomas, procedencia</p> <p>Pedir e dar información sobre datos persoais: nome, apelido, procedencia</p> <p>Deletrear o seu nome e apelido</p> <p>Agradecer</p> <p>Contar ata 100</p> <p>Afirmar ou negar algo</p> <p><u>Expresión e interacción oral</u>: ser capaz de:</p> <p>Afirmar e negar algo.</p> <p>Presentar aos membros da súa familia e os seus amigos.</p> <p>Contestar a preguntas xerais sobre a propia persoa.</p> <p><u>Comprensión de lectura</u>: ser capaz de:</p> <p>Recoñecer a relación entre a EO e EE</p> <p>Comprender un texto básico sobre a biografía dunha persoa famosa.</p> <p>Entender un sinxelo texto no que se describa unha árbore xenealóxica.</p> <p><u>Expresión escrita</u>: ser capaz de:</p> <p>Escribir un texto dictado sobre os datos persoais básicos aínda que poida conter erros.</p> <p>Escribir un breve correo electrónico no que se describe a propia familia.</p> <p>Elaborar unha árbore xenealóxica.</p> <p><u>Mediación</u>:</p> <p>É capaz de recoñecer a información elemental que debe transmitir, pedindo que lla repitan ou reformulándoa empregando un dicionario, e cometer erros.</p>
Criterios de avaliación	<p><u>Comprensión oral</u>:</p> <p>Comprender formas básicas de saúdos e despedidas.</p> <p>Comprender formas básicas de presentación e indicación de procedencia.</p> <p>Entender o alfabeto e os números (1-100) en alemán.</p> <p>Recoñece o léxico oral máis básico e de uso máis común relativo á familia e ao ámbito persoal, e pode deducir do contexto significado probable de palabras ou frases que descoñece.</p> <p><u>Expresión e interacción oral</u>:</p> <p>Seguir unha conversa de presentación sinxela cun patrón estruturado de preguntas</p>

	<p>e respostas establecido con anterioridade</p> <p>Explicar as relacións familiares sinxelas</p> <p>Pronuncia e entoa con claridade aínda que resulte evidente o acento estranxeiro.</p> <p><u>Comprensión de lectura:</u></p> <p>Localizar e identificar palabras do alemán que son internacionalismos.</p> <p>Localizar informacións sinxelas sobre outras persoas (familia, traballo, procedencia).</p> <p><u>Expresión e interacción escrita:</u></p> <p>Escribir un texto sobre os datos biográficos básicos.</p> <p>Elaborar unha árbore xenealóxica básica cos nomes dos parentes.</p> <p>Escribir un correo electrónico básico sobre a súa propia familia. Coñece o formato e as formas de referencia máis habituais.</p>
Recursos e Temporalización	<p>Libro de texto e de traballo: Momento A1</p> <p>Material de audio e vídeo</p> <p>Fichas de reforzo do método e de outras fontes</p> <p>1º cuadrimestre / 8 sesións de 120 minutos</p>

Módulo 2

Unidades: 4. Das Bild ist so schön (Einkaufen, Möbel) 5. Ist das ein Tisch? (Gegenstände, Produkte) 6. Wir haben einen Termin (Büro, Technik)

Compras, mobles / Obxectos, produtos / Oficina e tecnoloxía.

Obxectivos:

CO: Comprender instrucións moi básicas e predicibles, articuladas lenta e claramente nunha linguaxe estándar relacionadas co tema dos mobles.

Comprender a información esencial de texto sobre temas habituais (obxectos de uso cotián: lapis, libro, cámara...), pronunciadas con lentitude e claridade e que contén con apoio visual ou poidan ser formuladas preguntas de non entender.

EO: Solicitar, mediante preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para preguntar nunha tenda acerca de mobles e decoración básica.

Participar en conversas nas que se describan de maneira moi sinxela mobles ou obxectos de uso cotián.

CE: Comprender información relevante en publicidade e anuncios moi breves que conteña con apoio visual.

Comprender instrucións e indicacións breves relacionadas con mobles e obxectos coñecidos, sempre que conteñan información moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual (anuncios, folletos...).

EE: Escribir mensaxes sinxelas e curtas con información relacionada co tema da lección ou das anteriores (mensaxe de WhatsApp, SMS...).

Completar documentos básicos nos que se pida información persoal para efectuar unha compra online.

Mediación: Repetir a información predicible contida en textos orais ou escritos moi breves e sinxelos (letras de cancións ou estribillos, carteis...) coa axuda do dicionario e aínda que poida cometer erros na asignación do significado algunha palabra.

Mediar en situacións moi cotiás, transmitíndolle a terceiras persoas información moi simple e predicible, para que se poida cumprimentar un impreso ou unha folla de pedido.

<p>Competencias / contidos</p>	<p>Estratéxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Planificar a estrutura básica do texto. • Ensaiar o texto oral ou escrito. • Presentarse ou presentar a alguén. • Dirixirse a alguén por teléfono • Determinar os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolve-la. <p>Funcionais:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Solicitarlle axuda á persoa interlocutora para facilitar a comprensión (p. ex., falar devagar, soletrar, repetir). • Pedir información • Descrición de produtos • Significado das palabras e deletreo • Agradecementos • Valoracións • Afirmar e negar algo. • Pedir axuda, obxectos e servizos. • Opinións e valoracións: • Expresar intereses, preferencias e gustos. • Mostrar acordo e satisfacción. • Expresar coñecemento ou descoñecemento e seguridade ou inseguridade. <p>Discursivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Notas e mensaxes. • Formularios • Conversas telefónicas sinxelas <p>Sintácticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Artigo determinado "der, die, das" • Artigo indeterminado "ein- e kein-" • Pronome persoal de 3ª persoa sing. en nominativo: "er, sie, es" • Artigo indeterminado " • Posición dos elementos e concordancia. • Pronomes persoais (nominativo, ich, du, Sie) • O artigo determinado "der, die, das" en singular e plural. • artigo indeterminado "ein, eine, ein" en singular e plural (explicar ausencia da forma plural). • A negación con "kein" en singular e plural. • A negación con "kein" en nominativo e acusativo. • O pronome persoal de 3ª Pers.Sing.. en nominativo: "er, sie, es". • A formación do plural dalgún substantivo. <p>Léxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Os mobles e as interaccións básicas en negocios • As cores • Os materiais • As formas • Obxectos domésticos varios • A oficina (computadora, mesas, cadeira...)
<p>Descrición da actividade</p>	<p>CO e EO: escoitar unha descrición de mobles, recoñecer os significados e repetir un situación semellante, empregando as mesmas estruturas.</p> <p>CE: Ler palabras e textos curtos e asocialos con fotos.</p> <p>CE e CO: escoitar un diálogo nunha tenda de mobles e asociar frases escritas con partes do diálogo e co interlocutor correspondente.</p>

	<p>EE: Escribir palabras ordeándooas segundo o seu xénero. CE e EE: Ler textos con prezos e ir identificando os números para así entender os prezos. Formular a pregunta para coñecer o prezo dos mobles previamente vistos. CO e EO: Ver un vídeo no que se escolle un cuadro e posteriormente se vai a mercado, releando o prezo. Posterior escenificación dunha situación semellante. EO: Conversar e opinar sobre mobles, describíndoos e dicindo se se consideran bonitos, caros, grandes ou o contrario. Global: Miniproxecto: un mercado nocturno de vello (Nachtflohmkt) CO: escoitar e identificar palabras vistas anteriormente. CE: Ler un cómic e completalo. CE: Ler un anuncio e responder a preguntas sobre o contido. CO e EE: Debuxar obxectos descritos e posterior dictado das descrición. CO e EO: Ver un vídeo e despois representar diálogos semellantes. EO (Med): Preguntar polo nome dos obxectos, describíndoos brevemente. EE: Ler a descrición dun produto e completar coa información requerida e completar un formulario online para face-la compra. EO: Practica de pronunciación por repetición ou karaoke. CO e EO: Vídeo para completar partes oralmente. CO: escoitar e identificar as descrições que se fan da foto. CE. CO e EE: Ler un correo electrónico incompletalo, escoitalo e completalo valéndose de apoios visuais. CO: escoitar e comprender con axudas visuais a asociar. CE e EE: Ler e completar unha mensaxe curta, tipo SMS ou WhatsApp.. CE e EE: Ler definicións e escribir significados respectando singulares, plurales, masculino, feminino e a forma do acusativo. EO: Reproducir conversas telefónicas. EE: Dictado dun correo electrónico ou miniconversa. EO (Mediación): Comparar uso de formas de cortesía en conversas telefónicas entre DACH e España. CO: Vídeo. CE EE: Minibiografías para comparar e escribir a propia. CO, EE e EO: Canción (vocabulario, escrita e cantar)</p>
Mínimos esixibles	<p><u>Comprensión oral</u>: ser capaz de: Comprender nunha tenda de mobles os prezos e a descrição básica dos mobles que se describen e valoran. Comprender información sobre obxectos coñecidos. <u>Expresión e interacción oral</u>: ser capaz de: Preguntar e dicir prezos de mobles e obxectos de uso frecuente. Describir un moble ou un obxecto de uso frecuente. Expresar a procedencia de algo (unha lápara, un sillón..). Identificar e nomear obxectos de uso habitual. Valorar o tamaño, prezo e o estilo dun moble ou dun obxecto cotián. Aceptar ou rechazar axuda facendo uso das formas de cortesía. Preguntar polo significado dunha palabra e por como se escribe Pedir que se repita algo <u>Comprensión de lectura</u>: ser capaz de: Entender prospectos coa descrição dun produto. Comprender mensaxes SMS/Whatsapp. <u>Expresión escrita</u>: ser capaz de: Escribir unha SMS e/ou mensaxe de Whatsapp. Encher a solicitude dun pedido online. <u>Mediación</u>: ser capaz de:</p>

	<p>Describir de maneira moi básica nunha conversa telefónica fotos de mobles ou obxectos de uso cotián.</p>
<p>Crterios de avaliación</p>	<p><u>Comprensión oral:</u> Recoñece o léxico oral máis básico e de uso máis común relativo aos mobles e pode deducir do contexto significado probable de palabras ou frases que descoñece. Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves nas que se describe un obxecto coñecido. Comprender fórmulas básicas de contacto telefónico, como saúdos e despedidas. Comprender o esencial de conversas telefónicas básico no ámbito do traballo, do relacionado coa oficina.</p> <p><u>Expresión e interacción oral:</u> Establecer contactos sociais moi básicos de xeito intelixible sempre que o interlocutor colabore. Intercambiar de xeito intelixible información sobre obxectos de uso común. Interactúa de maneira sinxela en intercambios telefónicos moi breves, articulados de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas sinxelas básicas para iniciar e pechar a quenda de palabra nunha conversa telefónica que trate dun tema coñecido (a oficina e a computadora), aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación. Intercambiar de xeito intelixible información sobre elementos dunha oficina ou outras persoas usando un repertorio básico de palabras e frases illadas.</p> <p><u>Comprensión de lectura:</u> Comprender a información esencial ou detalles relevantes en textos breves e sinxelos con información básica propia, doutras persoas ou sobre obxectos. Comprender a información esencial ou detalles relevantes en textos breves e sinxelos con información básica propia, doutras persoas ou sobre os elementos dunha oficina.</p> <p><u>Expresión e interacción escrita:</u> Utiliza as regras ortográficas de puntuación, maiúsculas e minúsculas na descrición dun obxecto. Utiliza saúdos e despedidas máis comúns en mensaxes curtas (SMS, WhatsApp...). Completar textos en papel ou soporte dixital nos que se solicita información básica sobre a identificación persoal, a dirección ou algún elemento de oficina (móbil, computadora etc.).</p> <p><u>Mediación:</u> Dar nunha conversa telefónica unha descrición de fotos de mobles ou obxectos de uso cotián.</p>
<p>Recursos e Temporalización</p>	<p>Libro de texto e de traballo: Momento A1 Material de audio e vídeo Fichas de reforzó do método e de outras fontes 1º cuadrimestre / 8,5 a nove sesións de 120 minutos</p>

Módulo 3

Unidades: 7. Sie können super tanzen! (Hobbys, Komplimente) 8. Ich habe leider keine Zeit (Freizeit, Verabredungen) 9. Ich mag Hamburger (Lebensmittel, Essen)
Pasatempos, piropos / Tempo libre, citas / Alimentos, comida.

Obxectivos:

CO: Seguir un texto moi breve articulado con claridade, con xeito e con pausas, no que se utilicen expresións moi sinxelas e habituais referidas a temas moi coñecidos (lecer, tempo libre, ámbito persoal e necesidades inmediatas).

EO: Participar en conversas moi básicas sobre temas predicibles, facendo invitacións e propostas e reaccionando adecuadamente ante elas, e expresar sentimentos e opinións de forma básica (facer cumpridos, pedir comida e bebida).

Interactuar para obter ou ofrecer bens e servizos ligados a necesidades inmediatas, empregando estruturas sinxelas e reaccionando adecuadamente ó que se lle solicite.

CE: Comprender información específica e predicible en correspondencia persoal moi breve e sinxela.

Comprender información relevante en publicidade e anuncios moi breves que conteñan algún apoio visual (p. ex. cómics ou publicidade).

EE: Escribir mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.

Intercambiar correspondencia persoal breve e moi sinxela sobre temas da vida cotiá.

Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e elaborar estes seguindo textos modelo

Intercambiar correspondencia persoal breve e moi sinxela sobre temas da vida cotiá.

Tomar nota escrita do que piden os compañeiros (clientes) nun bar ou nun restaurante.

Mediación: Repetir a información predicible contida en textos orais ou escritos moi breves e sinxelos (**letras de cancións ou partes que se repiten, mensaxes SMS ou WhatsApp...**) coa axuda do dicionario e aínda que poida cometer erros na asignación do significado.

Transmitirlle oralmente a terceiras persoas información moi simple e predicible relativa ás actividades diarias en textos orais ou escritos, sempre que estes sexan moi breves e de estrutura moi sinxela, e estean articulados con moita lentitude e claridade, e con repeticións.

Explicarlle de forma breve a unha persoa de fala alemá en que consiste ou como sabe unha especialidade de comida que descoñeza.

Competencias /
contidos

Estratéxicos:

- Planificar a estrutura básica do texto.
- Ensañar o texto oral ou escrito.
- Probar novas expresións.
- Utilizar estratexias sinxelas para comezar, manter ou rematar unha conversa breve.
- Cooperar coa persoa interlocutora para facilitar a comprensión mutua.
- Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos ou extralingüísticos.
- Funcionais:
- Expresión da aceptación ou do rexeitamento dun convite ou dunha proposta por escrito
- Comunicación de plans
- Negociación de datas en convites ou semellantes
- Expresión de habilidades ou capacidades
- Expresión de afeccións/cumpridos
- Consulta sobre o tempo de lecer

	<ul style="list-style-type: none"> • Solicitarlle axuda á persoa interlocutora para facilitar a comprensión (p. ex. pedir que se fale devagar, soletrear e repetir) • Consulta sobre as rutinas e preferencias na comida <p>Discursivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Notas e mensaxes. • Chats • Correos electrónicos • Receitas <p>Sintácticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • A conjugación en presente dos verbos modais "können", "mögen" • A conjugación dos verbos "fahren, lesen, treffen" • Sintaxe: paréntese oracional (verbos modais) • Preposicións de tempo: "am" (cos días da semana e as partes do día), "um" (coas horas) • Adverbios de frecuencia • Adverbios de modo • Preposicións de lugar con cambio de caso: "in"+acusativo • Sintaxe: paréntese oracional (verbos modais) • A conjugación do verbo "wissen" e "essen" • Sintaxe: inversión do suxeito • O Konjunktiv II de "mögen" • Os compostos de substantivo máis substantivo <p>Sociolingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • E-mails corteses e descorteses • Aceptar e rexeitar unha cita • Uso da hora formal e coloquial • Os usos e as funcións de "bitte" • As horas e as comidas típicas. <p>Léxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Afeccións • Deportes • Edificios e instalacións de lecer dunha cidade • Os días da semana • As partes do día • Actividades e tempo de lecer • Edificios de lecer (cinema, teatro, opera...) • Comidas do día • Partes do menú • As comidas • As bebidas <p>Fonéticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • O acento en oracións enunciativas co verbo "können" • O acento, a melodía e a entoación en oracións enunciativas e interrogativas • O acento en palabras compostas (Kartoffelsalat, Aalsuppe etc:)
<p>Descrición da actividade</p>	<p>EO: Comentar unha foto na que dúas persoas están a falar. CO: Escolta de escolla múltiple. CE: Ler breves descrições e asocialas a situacións. EE: Ordear palabras en oracións. EE e EO: Preimeiro un dictado sobre as actividades de lecer, despois conversas en grupos nas que se fala sobre os hobbies CO e EO: Ver vídeos e representar situacións semellantes.. EE: Escribir un texto descriptivo sobre as actividades propias de tempo libre.</p>

	<p>EO: Xogo con dados para ir formando minidiálogos CO e EO: Vídeo para completar partes oralmente. CO e EO: escoitar e cantar unha canción. EO: Mirar unha foto e describila. CO: escoita para completar texto. CE: Ler unha mensaxe de texto e responder en escolla múltiple ás preguntas. EE: Redactar postais, seguindo o modelo da lección anterior e da presente. CO: escoitar anuncios de horas escribir as horas. CE: Ler un chat e completar a información que falta. EE: Xogo no que hai que poñer na orde correcta as palabras das oracións incompletas. CE: Asociación de vocabulario e imaxes. EO: Falar sobre a parte do día que máis gusta, dicir cal é o día favorito, describir o que se fai ese día. CO e EO: Vídeo de pequenas entrevistas a repetir polo alumnado. CE e EE: Ler correos electrónicos e identificar se se trata de correos amables ou non. Posteriormente, escribir un correo amable ou pouco amable. CO: escoitar unha canción e poñer na orde correcta as estrófas que son dadas. EO: Mirar unha foto e explicar o que se ten no propio frigorífico; empregando os adverbios de frecuencia ([fast] immer, oft, manchmal, [fast] nie) CO: escoita de asociación. EO: Entrevistar ao demais alumnado e preguntarlle polas preferencias á hora de almorzar. CE e EO: Ler un cómic, responder ás preguntas e opinar sobre o que se leu. EO: Practicar en parellas a composición de palabras (xogo de dados). Miniproxecto: As comidas dos países de fala alemán. Coñecelas e opinar sobre as propias preferencias. CE: Asociación de vocabulario e imaxes. EO: Falar sobre a parte do día que máis gusta, dicir cal é o día favorito, describir o que se fai ese día. CO: Vídeo sobre restaurantes; marcar preferencias. CE e EO: Elixir títulos para os parágrafos dun texto e despois describir as propias preferencias á hora de escoller un restaurante.</p>
Mínimos esixibles	<p><u>Comprensión oral</u>: ser capaz de: Comprender breves diálogos sobre ocupacións de tempo libre. Entender informacións temporais básicas como a hora, horarios, partes do día, días da semana e comprender citas <u>Expresión e interacción oral</u>: ser capaz de: Falar sobre as actividades de ocio e tempo de lecer e preguntar por elas. Preguntar polos gustos e as preferencias das actividades de lecer. Preguntar polas preferencias horarias. Preguntar polas preferencias de comida Preguntar e dicir a hora. Dicir os días da semana. Producir breves diálogos sobre os costumes e preferencias diarias. <u>Comprensión de lectura</u>: ser capaz de: Ler e entender mensaxes breves (SMS/ Whatsapp) sobre citas e encontros (adianto á próxima lección) Entender o menú dun restaurante. <u>Expresión escrita</u>: ser capaz de: Escribir un texto sobre os propios hobbies. Concertar citas escritas por mensaxería ou correo electrónico.</p>

	<p>Escribir unha invitación, rexeitar unha invitación. Apuntar nunha nota o pedido de comida e bebida. <u>Mediación:</u> ser capaz de: Explicar por teléfono de maneira moi superficial o contido de fotos ou imaxes nas que se desenvolvan actividades. Nomear ante un/ha camareiro/a os nomes das bebidas ou comidas de alguén que non está presente.</p>
Criterios de avaliación	<p><u>Comprensión oral:</u> Comprender a información esencial de pasaxes curtas gravadas ou faladas que conteñan conversas sobre o tempo libre e as rutinas diarias. Comprender a hora, as partes do día, os días da semana (nunha cita). Comprender un pedido nun restaurante. <u>Expresión e interacción oral:</u> Expresar brevemente información sobre si mesmo relativa a hábitos de tempo libre. Formular invitacións e realizar propostas moi sinxelas e reaccionar. Dicir con corrección a hora, a parte do día e os días da semana. Pedir comida e bebida nun bar, nunha cafetería ou nun restaurante. <u>Comprensión de lectura:</u> Comprender información relevante en textos informativos sinxelos relativos a temas inmediatos como hobbies e lecer, rutinas diarias; tanto en mensaxes curtas como en correos electrónicos. <u>Expresión escrita:</u> Escribir mensaxes breves relativas ós hobbies. Escribir mensaxes breves relativas ás rutinas diarias. <u>Mediación:</u> Explicarlle a alguén telefonicamente as rutinas diarias dunha persoa partindo de debuxos ou fotografías. Trasladarlle ao camareiro/a o pedido dunha persoa que se ausentou.</p>
Recursos e Temporalización	<p>Libro de texto e de traballo: Momento A1 Material de audio e vídeo Fichas de reforzo do método e doutras fontes 1º cuadrimestre / oito a 8,5 sesións de 120 minutos</p>

Módulo 4

Unidades: 10. Wann kommst du denn an? (Reisen, Verkehrsmittel) 11. Was haben Sie gestern gemacht? (Tagesablauf, Vergangenes) 12. Im Frühling bin ich nach Hamburg gefahren (Jahresablauf, Reisen)

Viaxes, medios de transporte / Rutina diaria, o pasado / fases dun ano, viaxes.

Obxectivos:

CO: Comprender o esencial en situacións nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre temas relacionados cos medios de transporte e seguir indicacións sinxelas e breves, sempre que se fale con lentitude e claridade.

Seguir un texto moi breve articulado con claridade e con pausas, no que se utilicen expresións moi sinxelas e habituais referidas a temas moi coñecidos (medios de transporte, camiños habituais etc.).

EO: Participar en conversas moi básicas sobre temas predicibles.

Interactuar para obter ou ofrecer bens e servizos ligados a necesidades inmediatas (os medios de

transporte, invitacións), sempre que se fale amodo e con estruturas moi sinxelas e habituais, e reaccionar adecuadamente.

Solicitar, mediante preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.

Interactuar para obter ou ofrecer bens e servizos ligados a necesidades inmediatas, sempre que se fale amodo e con estruturas moi sinxelas.

Expresar sentimentos e opinións de forma básica.

CE: Comprender o sentido global e localizar información relevante en textos moi básicos e claramente estruturados relacionados con temas da súa experiencia.

Comprender información específica e predicible en correspondencia persoal moi breve e sinxela (instrucións e indicacións breves do día a día).

Utilizar estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas..

EE: Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e elaborar estes seguindo textos modelo.

Intercambiar correspondencia persoal breve e moi sinxela sobre temas da vida cotiá.

Escribir mensaxes sinxelas (correo electrónico; incluso unha moi breve entrada nun blog) con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.

Tomar notas a partir dunha información moi sinxela e predicible.

Mediación: Mediar en situacións moi cotiás, transmitíndolle oralmente a terceiras persoas información contida en textos escritos.

Transmitirlle oralmente a terceiras persoas información moi simple e predicible relativa a necesidades inmediatas (o horario dun tren...) ou aspectos do ámbito persoal contida en textos orais ou escritos, sempre que estes sexan moi breves e de estrutura moi sinxela, e estean articulados con moita lentitude e claridade, e con repeticións.

Competencias /
contidos

Estratéxicos:

- Memorizar palabras e estruturas novas aprendidas.
- Valorar se se conseguiron ou non os obxectivos propostos.
- Deducir o significado de palabras ou frases a partir do contexto.
- Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos ou extralingüísticos.
- Efectuar, de forma básica, as aclaracións e correccións necesarias para compensar dificultades e malentendidos na comunicación.
- Comprobar hipóteses.

Funcionais:

- Expresión da despedida de compañeiros.
- Intercambio de impresións sobre unha foto
- Relatos de actividades e rutinarias
- Expresión de preferencias de ocio en presente ou pasado
- A formulación de hipótesis

Sintácticos:

- Os verbos separables.
- gramaticais
- As preposicións "nach, von ... bis, ab" con valor temporal
- Complementos de tempo en acusativo: p. ex: „Letztes Jahr ..."
- Síntaxe: observar a colocación do auxiliar e o participio pasado nas oracións de "Perfekt"

	<ul style="list-style-type: none"> • Os tempos de pasado: o "Perfekt" e o "Präteritum" (haben) • A formación do "Partizip II" • Os tipos de oracións. • Complementos de tempo en acusativo: p. ex: „Letztes Jahr ..." • Preposicións de tempo: in+dem = im • Preposicións de lugar: "nach" (con nomes propios de países e cidades) e "in" (con acusativo, con nomes de países que levan artigo) • "Perfekt" co verbo auxiliar "sein" • O "Präteritum" de "sein" <p>Discursivos</p> <ul style="list-style-type: none"> • Billetes (e entradas) • O correo electrónico • Folletos informativos e informativos • Blogs, notas e mensaxe <p>Léxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Medios de transporte • Lugares de interese público para o transporte • Obxectos e utensilios para unha viaxe. • Viaxes rutinarios. • O verbo nehmen • Actividades e rutinas cotiás • Adverbios de tempo • Obxectos e utensilios para unha viaxe • Adverbios de tempo • As estacións e meses do ano • Festas e festividades • Actividades de ocio <p>Sociolingüísticos e socioculturais:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Os medios de transporte (uso do transporte público, funcionamento do transporte público; uso da bicicleta e do coche). • Variantes léxicas do alemán (D-A-CH) • Comparar actividades e costumes dos países de fala alemá cos nosos • Referencia a festas, festividades e eventos máis importantes de Alemaña, Suiza e Austria. • Referencia a rexións e cidades dos países de lingua alemá • O carnaval de Colonia • O Oktoberfest <p>Fonéticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • O acento nos verbos separables. • O acento e a melodía en "Perfekt" e "Präteritum"
<p>Descrición da actividade</p>	<p>EO: Mirar unha foto e explicar o que fai a persoa que aparece na foto, previa explicación do vocabulario máis esencial para falar dos medios de transporte.</p> <p>CO: escoita de asociación.</p> <p>CE e CO: Vocabulario de medios de transporte (Bilderlexikon), e dúas escoitas con asociación das palabras previamente vistas.</p> <p>EE e EO: Escribir e practicar diálogos tipo ("Wann kommst du an?").</p> <p>CE e EO: Xogo de vocabulario.</p> <p>CE e EE: Ler e completar un diálogo.</p> <p>CE e EO: Xogo de composición de oracións (oral) con fragmentos dados (escrito).</p> <p>EO: Xogo "Wo steigst du um?".</p> <p>CO: Recoñecer palabras exactas.</p> <p>EO: Practicar a despedida (teatralización).</p>

	<p>CE: Ler un texto texto descriptivo sobre Zürich. CO: Video sobre "Mein Weg zur Arbeit." EO: Mirar unha foto e describir as actividades seguindo o modelo. EO e CO: Formular suposicións (con "vielleicht") sobre a muller da foto, despois escoitar o texto. CO e EE: Escoitar unha conversa telefónica e ir completando as actividades nunha axenda.. EO: Describir as actividades que se van a facer despois de clase. Mediación: Ler un correo electrónico e contarllo por teléfono a outra persoa. Miniproxecto: As comidas dos países de fala alemán. Coñecelas e opinar sobre as propias preferencias. EO: Xogo de dados no que se formulan oracións en pasado (Perfekt). EO e EE: Describir oralmente o que se fixo fai uns días, despois escribir en parella un correo electrónico no que se narra unhas rutinas do pasado.. CO: Vídeo no que se describe o que se fixo na fin de semana. CE, CO e EO: Ler, escoitar e cantar unha canción. EO: Mirar unha foto e formular hipótesis, visto previamente o vocabulario necesario. CO: Escoita para completar información. CE e CO: Ler catro textos e escoitar catro audios para asociar. EO: Expresar preferencias sobre as festas máis coñecidas, concretando as datas nas que os festexos teñen lugar (seguindo un modelo e podendo recorrer ao vocabulario novo). CO: Escoita de verdadeiro / falso. Miniproxecto: Listar todas as actividades diarias, comprobalas co Tagesablauf-Domino. Completar e aprender as actividades que non se incluíran na lista. Xogar co Tagesablauf-Domino en pasado. Como exercicio para casa, describir o día de onte (o propio ou o de outra persoa, tamén é posible valerse de viñetas tipo cómic) . EO: Xogo de mesa tipo "De oca a oca" no se describen as actividades que se fixeron (onte, fai unha seman, un mes...) Mediación: Anotar algunhas actividades de xeito esquemático para que outra persoa as poida expoñer. CO: Ver un vídeo con varias entrevistas e completar a información que falta. CE: Ler un blog con recomendacións de viaxes.</p>
Mínimos esixibles	<p><u>Comprensión oral</u>: ser capaz de: Entender informacións temporais básicas como a hora, horarios, partes do día, días da semana e comprender as comidas e as rutinas alimenticias. Comprender a información máis relevante nunha entrevista da que previamente se fixo unha introdución. <u>Expresión e interacción oral</u>: ser capaz de: Preguntar por informacións sinxelas sobre transportes en estacións de tren ou autobús. Expresar de forma sinxela hábitos de mobilidade. Falar sobre algunha festividade e saber dicir cando é (Nadal, Entroido...) Facer propostas para o tempo libre e reaccionar diálogos sobre os hábitos e as preferencias alimenticias. <u>Comprensión de lectura</u>: ser capaz de: Comprender as ideas básicas dunha breve descrición dunha cidade. Entender a información esencial dun correo electrónico no que se describen en pasado actividades básicas ou rutinas moi frecuentes. Entender a información mais importante nun blog, nun anuncio moi pequeno ou miniartigo sobre destinos turísticos (ciudades centroeuropeas). <u>Expresión escrita</u>: ser capaz de:</p>

	<p>Escribir con algunha axuda un correo electrónico no que se describen en pasado actividades básicas ou rutinas moi frecuentes.</p> <p>Apuntar nunha nota algunhas actividades realizadas no pasado.</p> <p>Escribir un texto moi breve no que se describe algunha actividade, viaxe do pasado.</p> <p><u>Mediación:</u> ser capaz de</p> <p>Explicarlle a alguén por teléfono algunha rutina diaria que anteriormente leu (ou simultaneamente le) nun correo electrónico (véxase CE).</p> <p>Explicar a hora e o lugar de partida dun tren ou autobús.</p> <p>Anotar algunhas actividades de xeito esquemático para que outra persoa as poida entender e expoñer algunha delas. Ser tamén capaz de expoñer algunha actividade a partir dunha nota descriptiva moi sinxela.</p>
<p>Crterios de avaliación</p>	<p><u>Comprensión oral:</u></p> <p>Entender avisos de megafonía nunha estación e indicacións básicas para tomar un medio de transporte.</p> <p>Comprender números en contextos cotiáns (horarios, raís etc.).</p> <p>Comprender a información de pasaxes curtas, en pasado, gravadas ou faladas que conteñan información sobre rutinas diarias, horarios ou outras actividades do día a día.</p> <p>Comprender a hora, as partes do día e os días da semana.</p> <p><u>Expresión e interacción oral:</u></p> <p>Dicir con corrección a hora e o lugar de partido dun tren ou autobús.</p> <p>Preguntar pola hora e o lugar de partida dun medio de transporte público.</p> <p>Formular nun diálogo tipo (estación de autobuses ou semellante) oracións enunciativas e interrogativas correctas.</p> <p>Acentuar debidamente os verbos separables.</p> <p>Describir de xeito intelixible información sobre si mesmo, falar da rutina cotiá presente e pasada usando un repertorio básico.</p> <p>Preguntar sobre rutinas diarias.</p> <p>Formular hipótesis sobre horarios ou actividades frecuentes (vielleicht)</p> <p><u>Comprensión de lectura:</u></p> <p>Comprender a información dun texto descriptivo sobre unha cidade.</p> <p>Comprender información relevante en textos informativos sinxelos (correo electrónico) en pasado e, con conectores moi básicos; sempre realtivos a temas da propia experiencia coma rutina diaria ou actividades frecuentes.</p> <p><u>Expresión escrita:</u></p> <p>Redactar textos sinxelos (correo electrónico), con información e indicacións básicas relacionadas con actividades cotiáns, festexos e viaxes aos lugares dos festas, en presente e pasado.</p> <p>Tomar notas breves e exactas sobre festas, coa fin de poder ser usadas por terceiras persoas.</p> <p><u>Mediación:</u></p> <p>Explicarlle a alguén con exactitude os horarios e os lugares de partida e chegada dos medios de transporte público.</p> <p>Explicarlle a alguén por teléfono as rutinas diarias que anteriormente leu nun correo electrónico (véxase CE).</p> <p>Anotar actividades de xeito esquemático para que outra persoa as poida entender e expoñer, como tamen ser quen de expoñer as actividades que se describen nunha nota.</p>
<p>Recursos e Temporalización</p>	<p>Libro de texto e de traballo: Momento A1</p> <p>Material de audio e video</p> <p>Fichas de reforzo do método e doutras fontes</p>

Módulo 5:

Unidades: 13. Berlin gefällt mir (In der Stadt) 14. Vor dem Kaufhaus nach rechts (Wege beschreiben)
15. Ich finde ihr Zimmer schön (Wohnen).
Na cidade / Describir un itinerario / Vivenda.

Objetivos:

CO: Comprender o esencial en situación de indicacións de camiños nas que se utilicen frases moi sinxelas.

Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lenta e claramente e seguir indicacións sinxelas e breves.

EO: Interactuar para obter ou ofrecer información relativa a indicacións de camiños, sempre que se fale amodo e con estruturas moi sinxelas e habituais, e reaccionar adecuadamente.

Solicitar, mediante preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.

Participar en conversas moi básicas sobre temas predicibles, facendo valoracións e propostas e reaccionando adecuadamente ante elas, e expresar opinións de forma básica.

CE: Comprender carteis, letreiros ou textos moi breves e sinxelos que inclúan información básica sobre lugares e que conteñan vocabulario moi frecuente.

Comprender instrucións e indicacións breves relacionadas con actividades e situacións cotiás que conteñan información moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual (anuncios, folletos...)

Comprender o sentido global e localizar información relevante en textos moi básicos e claramente estruturados relacionados co turismo e as cidades.

EE: Completar documentos básicos nos que se solicite información sobre lugares.

Tomar notas a partir dunha información moi sinxela e predicible.

Escribir mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás na cidade e da búsqueda de vivenda.

Mediación: Transmitirle oralmente a terceiras persoas información moi sinxela e predicible relativas a aspectos do ámbito persoal contida en textos orais ou escritos.

Repetir a información predicible contida en textos escritos moi breves e sinxelos (carteis, anuncios,...)

Competencias /
contidos

Socioculturais e sociolingüísticos:

- Distinguir entre dirixirse a alguén de maneira formal e informal
- Referencias a lugares coñecidos dos países de lingua alemá
- A catedral de Colonia e o hotel Sacher de Viena
- Os anuncios de pisos e casas
- Elixir o saúdo e a despedida adecuados para escribir un correo electrónico
- Impresións de Halbermoos, Kassel, Halle, Kiel, Hatzenbühl e Zürich
- Referencia a destinos turísticos e a suas cualidades

Estratéxicos:

- Comprensión oral: prestar atención a palabras importantes
- Estratexia para memorizar vocabulario novo: pensar en estratexias personalizadas, facer definicións de palabras novas
- Estratexia para a comprensión escrita: o contexto axuda a comprender palabras

	<p>novas</p> <ul style="list-style-type: none"> •Estratexia para a produción oral: coller apuntamentos e planificar a intervención <p>Funcionais:</p> <ul style="list-style-type: none"> •Expresión de impresións sobre unha foto •Descrición da posición •Descrición dun camiño •Expresión da comprensión de indicacións de como chegar ata un lugar •Descrición da casa ideal •Formulación de preguntas nun cuestionario •Intercambio de información sobre lugares de vacacións <p>Discursivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> •Conversas cara a cara •Carteis, letreiros e sinais •Folletos/anuncios informativos <p>Sintácticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> •Preposicións de lugar (con dativo): expresando lugar "onde" (Wo ...? + Dativo) •Adverbios direccionais de lugar a onde •Contraccións da preposición co artigo determinado (por ex.: an + dem = am) •Os determinantes posesivos da 3ª persoa "sein", "ihr" en nominativo e acusativo <p>Léxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Lugares de interese na cidade • As preposicións de lugar • Figuras xeométricas • Tipos de vivenda • As partes da casa • Instalacións preto dunha casa ou no interior • A natureza • Abreviaturas típicas dos anuncios inmobiliarios: p.ex: "NK" <p>Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • A pronunciación dos ditongos "au, ei, eu" • A formación do plural dos substantivos con "ä" e "äu" • Os cambios fonéticos no paso do singular ao plural • As vogais longas "e" e "i" e as súas diferentes posibilidades fonolóxicas e ortográficas
<p>Descrición da actividade</p>	<p>EO: Describir a ruta para chegar dun punto A a un punto B na cidade CO: Entender indicacións dun navegador para atopar unha ruta CE: Identificar as infraestruturas mais importantes e básicas na cidade EO: Pedir axuda e usar as formas formais e coloquais CO: Entender nun audio a descrición e valoración dunha casa CO: escoitar a descrición dunha casa e entender as partes da vivenda CE: Ler unha serie de anuncios de vivendas e identificar a mellor segundo as necesidades. EE: Escribir un correo e describir a vivenda propia CE: Ler unha entrada dun blog sobre unha cidade EO: Describir o noso barrio con aspectos positivos e negativos CO,EO: Facerlle unha enquisa aos demais alumnos sobre as súas preferencias en diferentes ámbitos e despois presentar os resultados</p>
<p>Mínimos esixibles</p>	<p><u>Comprensión oral</u>: ser capaz de: Entender a descrición de como chegar a un lugar. Entender informacións básicas relativas á orientación na cidade.</p>

	<p><u>Expresión e interacción oral</u>: ser capaz de: Describir unha ruta. Dar informacións básicas relativas á orientación nun edificio e na cidade así como aos medios de transporte. Dar información básica sobre a propia vivenda (mobiliario, habitacións) expresar preferencias. <u>Comprensión de lectura</u>: ser capaz de: Comprender informacións básicas sobre vivenda. Entender valoracións básicas sobre cidades. <u>Expresión escrita</u>: ser capaz de: Escribir un texto curto sobre o tema "o meu barrio" (p.ex. nun blog). <u>Mediación</u>: É capaz de refacer para que sexa máis simple e comprensible o que se dixo, coa axuda doutras persoas ou de elementos paralingüísticos.</p>
Criterios de avaliación	<p><u>Comprensión oral</u>: Comprender o básico en conversas sinxelas e breves sobre temas relativos ao ámbito da vivenda sempre que se fale con lentitude e de forma comprensible. Comprender a información esencial de pasaxes curtas gravadas que conteñan conversas ou descricións emitidas mediante estruturas e léxico moi básico, que traten sobre rutas turísticas. Comprender as preferencias doutra persoa en conversas sobre cidades. <u>Expresión e interacción oral</u>: Intercambiar información sobre a vivenda e o mobiliario usando un repertorio básico de palabras e frases illadas. Describir unha ruta na cidade. Expresar preferencias relacionadas coa cidade. <u>Comprensión de lectura</u>: Comprender información básica sobre o tema da vivenda e da cidade. Comprender información básica sobre unha ruta turística. <u>Expresión e interacción escrita</u>: Escribir correspondencia persoal sobre vivenda e/o descripción dunha ruta. Escribir, a partir dun modelo, un texto breve (blog) sobre un barrio dunha cidade. Escribir textos con información moi básicos e breves relacionados co tema da vivenda. Escribir, a partir dun modelo, correspondencia persoal breve e sinxela sobre un destino turístico.</p>
Recursos e Temporalización	<p>Libro de texto: Momento A1 Material de audio e video de Momento e outros métodos Fichas de reforzo de Schritte, Goethe, Hueber. Schubert... 2º cuadrimestre / 8 sesións de 120 minutos</p>

Módulo 6:

Unidade 23. Es regnet. Na und? (Wetter)
 O tempo meteorolóxico.

Obxectivos:

CO: Comprender o esencial en situacións nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre o tempo e viaxes,

sempre que se fale con lentitude e claridade.

Comprender a información esencial de pasaxes curtas gravadas que traten a predición do tempo e actividades de vacacións, que estean pronunciadas con lentitude e claridade e que contén con apoio visual ou anticipación do tema.

EO: Participar en conversas moi básicas sobre temas predicibles, facendo descrições de forma básica.

Solicitar, mediante preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.

CE: Comprender textos moi breves e sinxelos que inclúan información do tempo e de viaxes básica e que conteñan vocabulario moi frecuente.

Comprender o sentido global e localizar información relevante en textos moi básicos e claramente estruturados relacionados con temas da súa experiencia.

Comprender información específica e predicible en correspondencia persoal moi breve e sinxela.

Comprender información relevante en predicións meteorolóxicas moi breves que contén con apoio visual.

EE: Tomar notas a partir dunha información moi sinxela e predicible.

Intercambiar correspondencia persoal breve e moi sinxela sobre temas de viaxes.

Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e elaborar estes seguindo textos modelo.

Mediación:

Transmitirlle oralmente a terceiras persoas información moi simple e predicible relativa a necesidades inmediatas ou aspectos do ámbito persoal contida en textos orais ou escritos, sempre que estes sexan moi breves e de estrutura moi sinxela, e estean articulados con moita lentitude e claridade, e con repeticións.

Repetir a información predicible contida en textos orais ou escritos moi breves e sinxelos (sobre o tempo) coa axuda do dicionario e aínda que poida cometer erros na asignación do significado axeitado a algunha palabra.

Competencias / contidos	Socioculturais e sociolingüísticos: <ul style="list-style-type: none">● clima en Alemaña e en outros países● Estratéxicos:<ul style="list-style-type: none">● asociacións coas estacións do ano (actividades, roupa, climatoloxía,...) Funcionais: <ul style="list-style-type: none">● Entender información sobre o tempo meteorolóxico● Falar sobre o tempo e o clima Discursivos: <ul style="list-style-type: none">● Postais, correspondencia persoal, entradas en blogs● mapas Sintácticos: <ul style="list-style-type: none">● Pronome impersoal "es2 para expresións de fenómenos meteorolóxicos● colocación das frases con "denn"● o sufixo "-los" Léxicos: <ul style="list-style-type: none">● o clima Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos: <ul style="list-style-type: none">● a pronunciación da vogal "ö"
Descrición da	EO: Describir o tempo nunha determinada rexión ou cidade

actividade	<p>CO: Entender as predicións meteorolóxicas e colocalas nun mapa EE: completar conversas sobre o tempo CO, CE: escoitar e identificar os fallos e corrixir un texto CE: Ler e asociar a unhas imaxes unhas entradas dun blog EE: escribir unha postal dende o lugar de vacacións</p>
Mínimos esixibles	<p><u>Comprensión oral:</u> ser capaz de: Identificar nomes de cidades e países. Identificar información sobre o tempo meteorolóxico. <u>Expresión e interacción oral:</u> ser capaz de: Expresar preferencias relacionadas co tempo e as estacións. <u>Comprensión de lectura:</u> ser capaz de: Comprender gráficos moi sinxelos Recoñecer nomes xeográficos básicos en alemán <u>Expresión e interacción escrita:</u> ser capaz de: Redactar correspondencia persoal con información sobre o tempo meteorolóxico. <u>Mediación:</u> É capaz de refacer para que sexa máis simple e comprensible o que se dixo, coa axuda doutras persoas ou de elementos paralingüísticos.</p>
Criterios de avaliación	<p><u>Comprensión oral:</u> Comprender conversas moi básicas sobre o clima e os países, transmitidas de viva voz ou por medios técnicos (teléfono, televisión, radio, etc.), e articuladas amodo, utilizando frases feitas e estruturas sinxelas e previamente traballadas. <u>Expresión e interacción oral:</u> Intercambiar de xeito intelixible información sobre fenómenos climáticos. <u>Comprensión de lectura:</u> Comprender información relevante en textos informativos breves ou gráficos moi sinxelos. Identificar os nomes xeográficos básicos en alemán. <u>Expresión e interacción escrita:</u> Escribir correspondencia persoal con informacións meteorolóxicas.</p>
Recursos e Temporalización	<p>Libro de texto: Momento A1 Material de audio e vídeo de Momento e outros métodos Fichas de reforz de Schritte, Menschen, Goethe, Hueber. Schubert... 2º cuadrimestre / 2 sesións de 120 minutos</p>

Módulo 7:

Unidad 16. Wir haben hier ein Problem (Termine) 17. Ich will . . . werden (Pläne und Wünsche) 18: Ich soll diese Übung machen (Gesundheit und Krankheit)
Citas / Plans e desexos / Saúde e enfermidade.

Obxectivos:

CO: Comprender o esencial en situacións nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre a saúde ou planificación, que se refiren ao ámbito persoal e laboral, sempre que se fale con lentitude e claridade.

Seguir un texto moi breve articulado con claridade, con xeito e con pausas, no que se utilicen expresións moi sinxelas e habituais referidas a planificación, axenda e saúde.

Comprender a información esencial de pasaxes curtas gravadas que traten sobre asuntos cotiáns (por exemplo de contestador), que estean pronunciadas con lentitude e claridade.

EO: Establecer contactos sociais moi breves, de estrutura moi sinxela, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía.

Intercambiar información básica e sinxela sobre si mesmo/a, e expresar intencións e desexos sobre temas moi cotiáns.

Interactuar para obter ou ofrecer bens e servizos ligados a necesidades inmediatas, sempre que se fale amodo e con estruturas moi sinxelas e habituais, e reaccionar adecuadamente.

Solicitar, mediante preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.

CE: Comprender o sentido global e localizar información relevante en textos moi básicos e claramente estruturados relacionados con temas da súa experiencia.

Comprender información específica e predicible en correspondencia persoal moi breve e sinxela.

Utilizar estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.

EE: Tomar notas a partir dunha información moi sinxela e predicible.

Escribir mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.

Escribir comentarios moi sinxelos en foros da internet

Mediación:

Transmitirlle oralmente a terceiras persoas información moi simple e predicible relativa a necesidades inmediatas, intencións ou aspectos da saúde contida en textos orais ou escritos, sempre que estes sexan moi breves e de estrutura moi sinxela, e estean articulados con moita lentitude e claridade, e con repeticións.

Mediar en situacións moi cotiás e familiares, nas que se fale moi lenta e claramente, escoitando e transmitíndolle a terceiras persoas información moi simple e predicible, pedindo que se reformule o discurso con palabras máis sinxelas, aínda que teña que usar palabras soltas ou axudarse de elementos non lingüísticos.

Competencias / contidos

Socioculturais e sociolingüísticos:

- Información a través da linguaxe non verbal: códigos e sinais
- Desculparse e aceptar desculpas
- Un show televisivo: Alemaña busca a superestrela
- Referencia ao mosteiro de Bieberach e á súa editorial

Estratéxicos:

- Estratexia para a produción oral

	<ul style="list-style-type: none"> • Estratexia para a produción escrita: apuntar ideas e relacionalas nas oracións • Estratexias para memorizar palabras: apuntar palabras relacionadas cun determinado tema <p>Funcionais:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Intercambio de impresións sobre unha situación • Petición de axuda ante un problema técnico • Expresión de necesidades nun hotel • Petición de axuda nun hotel • Modificación dunha cita • Expresión da subxectividade nun poema (Elfchen) • Expresión das necesidades de equipaxe para as vacacións • Manifestación dos desexos • Intercambio de impresións sobre unha foto • Descrición das partes do corpo • Transmisión de información nun cuestionario sobre os estilos de vida <p>Discursivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Horarios • Notas e mensaxes • Correspondencia persoal (mensaxes electrónicas) • Artigos e anuncios en periódicos/ na rede • Conversa cara a cara • Conversas telefónicas moi sinxelas <p>Sintácticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Preguntas con wann / wie lange? • O imperativo (Sie) • Pronomes persoais. • Os verbos modais sollen e wollen • O futuro • As preposicións ohne / mit <p>Léxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Accesorios e prestacións dun hotel • Os días da semana • Fórmulas de cortesía para pedir algo, desculparse por algo ou para lamentar algo • Fórmulas para expresar plans, desexos, propósitos • Nomes de obxectos (in) prescindibles nas vacacións • Expresións coloquiais: p. ex.: "Hier sehen Sie mal, ..." • As partes do corpo • Nomes de enfermidades • Nomes de medicamentos e outros remedios curativos básicos <p>Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • A pronunciación das vogais "o" e "u" • A pronunciación e o acento de algúns internacionalismos • A melodía e entoación das oracións imperativas
<p>Descrición da actividade</p>	<p>EO: Expresar un problema dunha situación cotiá (aparello non funciona)</p> <p>CO: Entender conversas sobre a solución de problemas cotiás</p> <p>EO: Pedir e dar axuda nun hotel</p> <p>CE: Entender o problema en correspondencia electrónica</p> <p>EO: Cambiar unha cita</p> <p>EO: Pedir desculpas por retrasarse</p> <p>CE: Ler unha serie de anuncios e identificar o que se solicita</p> <p>CE: Identificar os requisitos para un posto nun texto/anuncio</p>

	<p>CE: Identificar as intencións laborais futuras dunhas persoas EO: En parellas falar de desexos e plans CO: Identificar enfermidades e doenzas EO,EE: Dar consellos para diferentes problemas de saúde CE: Ler un texto dunha revista/internet que da consellos de saúde e identificalos</p>
<p>Mínimos esixibles</p>	<p><u>Comprensión oral</u>: ser capaz de: Entender informacións temporais básicas como a hora, horarios, partes do día, días da semana e comprender citas. Entender informacións de situacións da vida cotiá. Entender o vocabulario relativo as partes do corpo. Entender as recomendacións básicas relativas a saúde. Entender descricións básicas sobre doenzas, emocións e actividade física. Entender indicacións médicas básicas. <u>Expresión e interacción oral</u>: ser capaz de: Dar información horaria, concertar citas formais e informais, desculparse Pedir axuda en situacións formais (p.ex. nun hotel) Describir a rutina diaria de xeito básico Expresar planes no futuro Expresar doenzas Dar recomendacións en imperativo e co verbo modal "sollen" <u>Comprensión de lectura</u>: ser capaz de: Comprensión de lectura: ser capaz de: Entender informacións básicas en textos sinxelos no contexto das citas. Entender informacións de horarios de establecementos públicos. Entender textos relacionados con plans no futuro. Entender un texto sinxelo sobre un libro de herbas medicinais. Entender un texto sobre a alimentación. <u>Expresión escrita</u>: ser capaz de: Escribir un texto básico de desculpa, con estruturas xa definidas. Concertar citas escritas por mensaxería. Redactar poemas curtos: Elfchen. Redactar un texto nun foro sobre plans no futuro. <u>Mediación</u>: É capaz de recoñecer a información elemental que debe transmitir, pedindo que lla repitan ou reformulándoa empregando un dicionario, e cometer erros.</p>
<p>Criterios de avaliación</p>	<p><u>Comprensión oral</u>: Comprender indicacións e instrucións moi breves e sinxelas. Comprender a información esencial que conteñan conversas ou descricións mediante estruturas e léxico moi básico. Utilizar estratexias de comprensión para superar as limitacións que se encontren na comprensión da mensaxe, mediante claves identificadas no contexto lingüístico e non-lingüístico. <u>Expresión e interacción oral</u>: Dar instrucións e indicacións moi breves e sinxelas e reaccionar adecuadamente. Expresar brevemente e de xeito comprensible sentimentos e sensacións físicas frecuentes empregando un repertorio básico de expresións sinxelas. Utilizar estratexias de comunicación e de comprensión para asegurar o éxito da interacción. <u>Comprensión de lectura</u>: Comprender información relevante en textos informativos ou narrativos breves,</p>

	<p>sinxelos sobre a saúde ou planes persoais doutras persoas. Textos en todo caso ben estruturados, con conectores moi básicos.</p> <p>Comprender correspondencia persoal de desculpa.</p> <p>Comprender textos sinxelos utilizando estratexias lingüísticas e non-lingüísticas.</p> <p><u>Expresión e interacción escrita:</u></p> <p>Redactar notas, mensaxes e textos descritivos moi breves e sinxelas relativas a temática da lección.</p> <p>Utilizar elementos extraídos dun texto escrito para elaborar os propios textos, e organizar estes seguindo textos modelo.</p>
Recursos e Temporalización	<p>Libro de texto: Momento A1</p> <p>Material de audio e video de Momento e outros métodos</p> <p>Fichas de reforzo de Menschen, Schritte, Goethe, Hueber. Schubert...</p> <p>2º cuatrimestre / 7 sesións de 120 minutos</p>

Módulo 8:

Unidades: 19. Jetzt seid doch nicht gleich sauer! (Im Haushalt) 20. Das Team sieht sehr sympathisch aus! (Aussehen, Charakter) 21. Darf man das? (Regeln)
 No fogar / Aspecto físico, carácter / Normas)

Obxectivos:

CO: Comprender o esencial en situacións nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre temas moi frecuentes que se refiren ao aspecto das persoas, o seu carácter, as tarefas do fogar e normativas básicas de tráfico, sempre que se fale con lentitude e claridade.

Seguir un texto moi breve articulado con claridade, con xeito e con pausas, no que se utilicen expresións moi sinxelas e habituais referidas a temas moi coñecidos ou a necesidades inmediatas relacionadas coas tarefas do fogar e o tráfico.

Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lenta e claramente e seguir indicacións sinxelas e breves.

EO: Establecer contactos sociais moi breves, de estrutura moi sinxela, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía.

Presentarse e intercambiar información básica e sinxela sobre si mesmo/a, o aspecto e o carácter.

Interactuar para obter ou ofrecer axuda e ordenes ligados a necesidades inmediatas, sempre que se fale amodo e con estruturas moi sinxelas e habituais, e reaccionar adecuadamente.

Solicitar, mediante preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.

CE: Comprender artigos periodísticos, entradas en diarios e textos moi breves e sinxelos que inclúan ou soliciten información persoal básica e que conteñan vocabulario moi frecuente.

Comprender instrucións e indicacións breves relacionadas co tráfico e a cidade e que conteñan información moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual (sinais de tráfico).

Comprender o sentido global e localizar información relevante en textos moi básicos e claramente estruturados relacionados cos temas da unidade.

EE: Escribir mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.

Intercambiar correspondencia persoal breve e moi sinxela sobre temas da vida cotiá.

Mediación:

Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo o sentido xeral da información e as opinións.

Transmitirlle oralmente a terceiras persoas información moi simple e predicible relativa a aspectos do ámbito persoal e do fogar contida en textos orais ou escritos, sempre que estes sexan moi breves e de estrutura moi sinxela, e estean articulados con moita lentitude e claridade, e con repeticións.

Repetir a información predicible contida en textos orais ou escritos moi breves e sinxelos (artigos periodísticos) coa axuda do dicionario e aínda que poida cometer erros na asignación do significado axeitado a algunha palabra.

Competencias /
contidos

Socioculturais e sociolingüísticos:

- **Uso de "bitte" en oracións imperativas**
- Abreviaturas axeitadas nun anuncio de piso de aluguer compartido
- Información a través da linguaxe non verbal: códigos e sinais
- Poñer énfase de maneira coloquial

Estratéxicos:

- Estratexias para a produción oral
- Estratexias para aprender vocabulario novo
- Estratexias para a comprensión de escrita
- Estratexias para a produción escrita
- Estratexias para a comprensión escrita de letreiros e carteis
- Estratexias para a comprensión oral
- Estratexia para o uso do alemán na vida cotiá

Funcionais:

- Opinar sobre persoas
- Intercambio de información sobre a propia vida
- Expresión da opinión sobre a actividade dunha persoa
- Manifestar interese por un anuncio de aluguer dunha habitación
- Manifestar sorpresa
- Expresar peticións
- Intercambio de impresións sobre unha foto ou situación
- Presentación de informacións en público
- Transmisión de información sobre a propia reacción ou opinión fronte a distintas prohibicións
- Amosar interese polas impresións dos compañeiros

Discursivos:

- Correspondencia persoal (correos electrónicos, diarios,...)
- Letreiros e sinais
- Dicionarios
- Conversas cara a cara

Sintácticos:

- O pretérito de haben / sein
- O pretérito perfecto dos verbos non-separables
- O imperativo de du / ihr
- O pronome persoal no acusativo.
- Os verbos modais müssen / dürfen

Léxicos:

- Aspecto físico
- Personalidade
- Expresións de sorpresa
- Tarefas domésticas

	<ul style="list-style-type: none"> • Expresións coloquiais, p. ex.: "Na los, Mist ..." • Normas de tráfico <p>Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • O acento e a pronuncia nos verbos separables e non separables • Resumo global dos aspectos fonéticos das oracións enunciativas, interrogativas e imperativas • As vogais "ä" e "e"
<p>Descrición da actividade</p>	<p>EO, CO: Expresar e entender as descrições de rasgos físicos e de carácter de outras persoas CO: Entender os detalles de conversas durante unha festa CO: Entender os detalles da descrição física dunha persoa EO, CO: Contar unha historia que é mentira e identificar a mentira CE: Entender os detalles e as ordenes dunha entrada dun diario EO: Formular peticións CE: Entender correspondencia con peticións e identificar a que se refiren os pronomes EO: Describir unha persoa CE: Entender anuncios de vivendas e correspondencia relativa aos anuncios EE: escribir un correo electrónico presentándose e solicitando unha habitación nun piso compartido CE: comprender as prohibicións e os permisos expresados nun artigo periodístico e nas sinais de tráfico EO: Describir as actividades reflectidas na imaxe dunha zona da cidade EO: Valorar e dar a opinión persoal sobre as normativas que nos atopamos en situacións cotiás.</p>
<p>Mínimos esixibles</p>	<p><u>Comprensión oral</u>: ser capaz de: Entender informacións de situacións da vida doutras persoas. Entender o vocabulario relativo ao aspecto físico e á personalidade. Entender un texto básico sobre a rutina diaria. <u>Expresión e interacción oral</u>: ser capaz de: Mostrar sorpresa. Realizar unha conversa sobre outras persoas. Expresar peticións. Expresar opinións . Falar de obrigas. <u>Comprensión de lectura</u>: ser capaz de: Extraer información básica de textos sinxelos sobre a rutina diaria (p.ex. entradas nun diario, notas) Extraer información básica de textos sinxelos sobre obrigas na vida cotiá (p.ex. nun artigo dun periódico) <u>Expresión e interacción escrita</u>: ser capaz de: Redactar correspondencia persoal sobre a propia persoa. Redactar un texto nun foro. <u>Mediación</u>: É capaz de recoñecer a información elemental que debe transmitir, pedindo que lla repitan ou reformulándoa empregando un dicionario, e cometer erros. É capaz de intervir aplicando as conveccións máis elementais, ás veces cun comportamento incorrecto.</p>

<p>Criterios de avaliación</p>	<p><u>Comprensión oral:</u> Comprender a información esencial ou detalles que conteñan conversas ou descrições mediante estruturas e léxico básico relacionado cos temas das unidades.</p> <p><u>Expresión e interacción oral:</u> Formular sorpresa e reaccionar a ela. Intercambiar de xeito intelixible información sobre outras persoas usando un repertorio básico de palabras e frases illadas. Formular peticións. Intercambiar opinións.</p> <p><u>Comprensión de lectura:</u> Comprender a información esencial ou detalles relevantes en textos sinxelos con información doutras persoas. Comprender a información esencial doutros xéneros de texto como p.ex. periódicos.</p> <p><u>Expresión e interacción escrita:</u> Redactar notas, mensaxes e textos breves relativas a temática da lección. Utilizar elementos extraídos dun texto escrito para elaborar os propios textos, e organizar estes seguindo textos modelo.</p>
<p>Recursos e Temporalización</p>	<p>Libro de texto: Momento A1 Material de audio e video de Momento e outros métodos Fichas de reforzo de Schritte, Goethe, Hueber. Schubert... 2º cuatrimestre / 7 sesións de 120 minutos</p>

BÁSICO A 2

No desenvolvemento detallado da secuenciación de contidos que se describe a continuación, o profesorado inclúe de forma planificada e intencionada un abano de actividades e ferramentas de avaliación formativa na súa programación diaria de aula. Estas actividades e ferramentas permiten observar, reflexionar e valorar o nivel de comprensión e cumprimento dos obxectivos de aprendizaxe por parte do alumnado. A través delas, adaptadas ás necesidades e ao contexto da aula, axudamos aos estudantes a avanzar na súa aprendizaxe e a facer os axustes necesarios para acadar os obxectivos de aprendizaxe esixidos. Ditas actividades e ferramentas responderán ás seguintes estratexias:

- Coñecer os obxectivos de aprendizaxe da unidade e reflexionar sobre o progreso actual que están a lograr.
- Obter evidencias de aprendizaxe para comprobar o nivel de comprensión dos contidos da unidade por parte do alumnado.
- Traballar con textos modelo orais e escritos para que os estudantes comprendan os criterios de calidade necesarios esixidos na súa produción.
- Autoavaliar e avaliar entre pares (coavaliación) os produtos de aprendizaxe da unidade mediante instrumentos de avaliación que proporcionan retroalimentación sobre o nivel de consecución dos criterios de calidade e os pasos a seguir para achegarse a eles.
- Fomentar un ambiente de retroalimentación no que tanto estudantes como profesorado reciben orientación para realizar axustes na súa aprendizaxe e na docencia

<p>Unidade 1: Ankommen (Chegada)</p> <p>Obxectivos:</p> <p>Comprender o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos.</p> <p>Describir nun monólogo, de forma breve e sinxela, persoas, lugares e obxectos, respondendo a preguntas breves e sinxelas dos/as oíntes.</p> <p>Comprender tipos básicos de correspondencia sobre temas cotiáns.</p> <p>Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e organizar estes de acordo con textos modelo.</p> <p>Transmitir lle oralmente a terceiras persoas información específica e relevante relativa a temas cotiáns, necesidades inmediatas ou aspectos do ámbito persoal.</p>	
<p>Competencias / contidos</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Relacións persoais: relacións sociais, familiares, profesionais... • Planificar o desenvolvemento da tarefa tendo en conta a situación de comunicación e o obxectivo que se pretende acadar. • Utilizar estratexias sinxelas para comezar, manter ou rematar unha conversa breve. • Referirse a accións e situacións presentes e pasadas. • Conversas cara a cara. • verbo. Formas máis usuais para a expresión do presente e do pasado. • Estructuras subordinadas con „weil“. • Relacións familiares e sociais: parentesco
<p>Descrición da actividade</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Redacción dun texto curto en tempo pasado. • Lectura dun diario online. • Actividade de comprensión dun texto escrito sobre a familia e diferentes situacións familiares. • Presentación oral da árbore familiar.
<p>Mínimos esixibles</p>	<p><u>Comprensión de escrita:</u> ser capaz de ... entender textos con estruturas causales de “weil” entender postais, correos electrónicos en pasado composto. Expresión e interacción escrita: ser capaz de: redactar textos curtos en pasado composto usando algunha oración subordinada de “weil” e conectores como: “aber, trotzdem,also,...” escribir un texto curto sobre unha viaxe feita. <u>Comprensión oral:</u> ser capaz de ... de entender breves relatos dunha viaxe de entender información básica de formas de convivencia entender expresións comúns de sentimentos. <u>Expresión e interacción oral:</u> ser capaz de ... contar breves relatos dunha viaxe feita. falar da forma de convivencia familiar</p>

	<p>expresar os seus sentimentos de modo sinxelo</p> <p><u>Mediación:</u> ser capaz de ...</p> <p>Intervir aplicando as conveccións máis elementais, ás veces cun comportamento incorrecto.</p> <p>Recoñecer a información elemental que debe transmitir e as intencións elementais dos emisores ou receptores.</p>
Criterios de avaliación	<p><u>Comprensión escrita</u></p> <p>Identificar información relevante en textos narrativos, argumentativos e descritivos breves e sinxelos.</p> <p>Comprender correspondencia persoal breve en papel ou soporte dixital, redactada en lingua estándar, sinxela e que narre e describa acontecementos básicos.</p> <p><u>Expresión e interacción escrita</u></p> <p>Narrar de forma sinxela e breve feitos e experiencias, así como expoñer plans de xeito moi elemental e relacionado con temas cotiás.</p> <p>Escribir correspondencia breve e sinxela en papel ou soporte dixital, na que se expresen sentimentos, opinións e actitudes.</p> <p><u>Comprensión oral</u></p> <p>Comprender o sentido global de conversas básicas que traten temas cotiás, se se fala a modo e con claridade utilizando expresións e palabras habituais.</p> <p><u>Expresión e interacción oral</u></p> <p>Producir un texto oral breve e sinxelo no que se narra e se describe algo mediante un repertorio básico de palabras, expresións e estruturas, utilizando un nivel elemental de coherencia e cohesión, cunha pronunciación clara e comprensible, aínda que teña que facer pausas para pensar.</p> <p>É capaz de actuar tendo en conta os aspectos básicos xerais da comunidade de falantes, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento.</p> <p><u>Mediación</u></p> <p>Tomar notas moi breves coa información necesaria que considera importante trasladarlles ás persoas destinatarias.</p>
Recursos e Temporalización	<p>Libro de texto: Lección 1, Schritte international Neu 3</p> <p>Material de audio e vídeo</p> <p>Fichas de reforzo</p> <p>1º cuadrimestre / 4 sesións de 120 minutos</p>

Unidade 2: **Zu Hause ...** (Na casa)

Obxectivos

Comprender o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais.

Describir nun monólogo, de forma breve e sinxela, lugares e obxectos.

Comprender o sentido global e localizar información relevante en textos breves e sinxelos.

Describir de forma sinxela lugares e obxectos.

Tomar notas moi breves e sinxelas para terceiras persoas.

<p>Competencias / Contidos</p>	<ul style="list-style-type: none"> • referirse a accións e acontecementos presentes e pasados (viaxes etc) • escribir postais, correos • expresar enfado e lamentarse • propor actividades • manter unha conversa cun veciño. • fórmulas de saúdos • expresións de cortesía para pedir favores • a vivenda e a contorna: mobiliario, formas de vivenda, veciños • servizos: a recollida do lixo • vacacións e equipaxe de viaxe • correspondencia persoal: postais de viaxe • preposicións que rexen acusativo e dativo • verbos de lugar e dirección • adverbios direccionais: raus, rein, innen, heim • profundizar no uso das preposicións de acusativo e dativo • pronunciación do <i> e <ü> e do <e> e <ö> • acentuación dos elementos da frase • acentuación das palabras compostas • a separación do lixo, como evitar máis lixo? (DSD, Grüner Punkt) • carteis e regras de convivencia • pisos compartidos
<p>Descrición da actividade</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Ver e escoitar un episodio sobre reparacións na casa • Descrición dun cuarto e o seu mobiliario • Planear a decoración do lugar de estudo / traballo • Deseñar un cadro e describilo • Escoitar a conversa duns veciños • Pedir un favor a un veciño • Falar sobre os veciños • Escoitar un fragmento radiofónico sobre o problema do lixo • Ler un foro sobre residuos e expresar a opinión propia • Investigación policial sobre os habitantes dunha casa a partir do seu lixo • Lectura dun texto sobre o artista austríaco Hundertwasser • Lectura unha tira de cómic • Escribir un correo electrónico describindo o caos nunha casa • Vídeo sobre hábitos típicos de vivenda e decoración en Alemán
<p>Mínimos esixibles</p>	<p><u>Comprensión escrita: ser capaz de</u> entender textos informativos e comunicativos.</p> <p><u>Expresión e interacción escrita: ser capaz de</u> redactar pequenas notas informativas ou comunicativas. escribir pequenos textos para dar información sobre a casa, familia ou tempo.</p> <p><u>Comprensión oral: ser capaz de...</u> entender instrucións sinxelas usando preposicións de dirección. entender fórmulas de agradecemento. entender información sinxela sobre o tempo, a saúde e a familia. comprender unha charla na radio.</p> <p><u>Expresión e interacción oral: ser capaz de</u> escribir facer propostas. expresar disconformidade.</p>

	<p>dar instrucións usando preposicións e adverbios de dirección</p> <p><u>Mediación</u>: ser capaz de ...</p> <p>intervir aplicando as conveccións máis elementais, ás veces cun comportamento incorrecto.</p> <p>recoñecer a información elemental que debe transmitir e as intencións elementais dos emisores ou receptores.</p>
Criterios de avaliación	<p><u>Comprensión escrita</u></p> <p>Identifica e entende información relevante en textos informativos e comunicativos, breves e sinxelos, cunha secuencia lineal de elementos, que aparezan en medios de información e relacionados con temas moi coñecidos.</p> <p><u>Expresión e interacción escrita</u></p> <p>Escribe descrições moi breves e básicas de lugares, obxectos e persoas mediante frases e oracións sinxelas.</p> <p>Redactar pequenas notas coa información elemental sobre a actividade persoal, os hábitos e os intereses.</p> <p><u>Comprensión oral</u></p> <p>Comprende o sentido global de conversas básicas que traten temas cotiás, se se fala a modo e con claridade utilizando expresións e palabras habituais.</p> <p>Comprende transaccións e xestións básicas, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.</p> <p><u>Expresión e interacción oral</u></p> <p>Participa en conversas con intencións comunicativas básicas diversas facéndose entender, facendo propostas, utilizando estratexias axeitadas para poder iniciar, manter e rematar o diálogo, producindo un discurso comprensible con expresións básicas e adecuado ás características da situación de comunicación.</p> <p><u>Mediación</u></p> <p>Toma notas moi breves coa información necesaria que considera importante trasladarlles ás persoas destinatarias.</p>
Temporalización e recursos	<p>4 sesións de 120 minutos – 1º cuadrimestre</p> <p>Lección 2 Schritte International Neu 3 / Material de audio e video / Copias</p>

Unidade 3: **Essen und Trinken ...** (Alimentación: comer e beber)

Obxectivos

Comprender frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas.

Desenvolverse en actividades habituais e transaccións e xestións cotiás e sinxelas.

Comprender textos descritivos e narrativos sinxelos en lingua estándar.

Intercambiar información concreta e sinxela sobre aspectos cotiás.

Transmitirlle oralmente a terceiras persoas información específica relativa a temas cotiás.

<p>Competencias / Contidos</p>	<ul style="list-style-type: none"> • comparar e valorar un feito • expresar gustos e preferencias culinarias • dar instrucións e formular pedidos • pedir e reclamar en establecementos comerciais • convidar á casa e responder adecuadamente a unha invitación • expresións e fórmulas para diálogos de restaurante (pedir, pagar, reclamar) • frases e expresións moi usadas en invitacións á casa • comida: preparación e sabores • materiais e utensilios de cociña • a partícula etwa como marcador de preguntas retóricas • pronome indefinido: meiner, einer, demostrativo e pronome posesivo en nominativo e acusativo • posición dos adverbios na oración (G) • a pronunciación do <s> • a pronunciación do <y> • os horarios das comidas • a salchicha de curry • especialidades culinarias rexionais • invitados para cear, comer ou zum Kaffeetrinken • a conciencia ecolóxica en Alemaña (G) • a comida nas cantinas das empresas • - especialidades culinarias
<p>Descrición da actividade</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Ver e escoitar un episodio sobre unha cea con veciños • Lectura dun foro sobre costumes alimentarios • Entrevista sobre hábitos de alimentación e bebida • Compra de utensilios de cociña e electrodomésticos • Redacción dunha invitación para unha cea • Diálogo durante unha invitación a cear • Descrición de hábitos de cociña • Lectura dun texto sobre un comedor de traballo • Diálogos para pedir, reclamar e pagar nun restaurante • Discusión sobre gustos e preferencias culinarias no traballo. • Lectura dun texto sobre o local de kebab vexetariano de Mustafa • Lectura da información sobre un restaurante en Graz • Vídeo sobre o tratamento do lixo en Alemaña
<p>Mínimos esixibles</p>	<p><u>Comprensión escrita: ser capaz de</u> entender textos informativos sinxelos sobre costumes alimentarias entender unha carta ou menú dun restaurante</p> <p><u>Expresión e interacción escrita: ser capaz de...</u> redactar unha carta ou email sobre un feito acontecido.</p> <p><u>Comprensión oral: ser capaz de...</u> entender os gustos e as preferencias culinarias entender invitacións privadas entender unha conversa sinxela cun camareiro</p> <p><u>Expresión e interacción oral: ser capaz de...</u> expresar as preferencias culinarias pedir, pagar e reclamar nun restaurante</p>

<p>Criterios de avaliación</p>	<p><u>Comprensión escrita</u> Comprender indicacións e información básica en lugares de ámbito público e de estudo, así como en páxinas web de estrutura moi sinxela. Identificar información relevante en textos narrativos, argumentativos e descritivos, breves e sinxelos, cunha secuencia lineal de elementos.</p> <p><u>Expresión e interacción escrita</u> Narrar de forma sinxela e breve feitos e experiencias, así como expoñer plans e presentar proxectos de xeito moi elemental e relacionados con temas cotiáns.</p> <p><u>Comprensión oral</u> Comprender o sentido global de conversas que traten temas básicos cotiáns, se se fala a modo e con claridade utilizando expresións e palabras habituais do tema en cuestión. Comprender transaccións e xestións básicas sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.</p> <p><u>Expresión e interacción oral</u> Producir un texto oral breve e sinxelo no que se narra e se describe algo o alguén mediante un repertorio básico de palabras, expresións e estruturas, utilizando un nivel elemental de coherencia e cohesión, cunha pronunciación clara e comprensible, aínda que teña que facer pausas para pensar o que vai dicir. Mediación: ser capaz de: Refacer para que sexa máis simple e comprensible o que se dixo, coa axuda doutras persoas ou de elementos paralingüísticos. Éscribirlle ás persoas destinatarias notas moi breves coa información máis importante.</p>
<p>Temporalización e recursos</p>	<p>4 sesións de 120 minutos</p> <p>Lección 3 Schritte International Neu 3 / Menús de restaurantes / Material de audio e video.</p>

Unidade 4: **Arbeitswelt ...** (Traballo e mundo laboral)

Obxectivos

Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de entrevistas e conversas básicas.

Desenvolverse nas relación sociais habituais de xeito sinxelo pero eficaz, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa.

Comprender textos descritivos sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar.

Intercambiar correspondencia breve e sinxela sobre temas laborais

Transmitirlle oralmente a terceiras persoas a información relativa a temas habituais en gráficos

- explicar vantaxes e inconvenientes
- xustificar unha opinión ou unha actividade
- expresar condicións e relacións causais
- dar consellos
- iniciar, levar a cabo e finalizar unha conversa telefónica formal

Competencias / Contidos	<ul style="list-style-type: none"> • afirmar e negar algo • formular un consello co verbo <i>sollen</i> • saúdos e despedidas en conversacións telefónicas • o mundo do traballo: lugares e actividades • natureza • vacacións e festivos • uso e conxugación do verbo modal <i>sollen</i> • a conxunción <i>wenn</i> • os pronomes indefinidos (<i>jemand, niemand, etwas, irgend-, nichts</i>) (G) • pronunciación do <ch> • acentuación dos elementos da frase • lecer, festivos e vacacións • dereito laboral: tempo de traballo, enfermidade, vacacións
Descrición da actividade	<ul style="list-style-type: none"> • ver e escoitar un episodio sobre o traballo na recepción dun hotel • descrición do traballo na recepción dun hotel • asesoramento para a escolla de traballo • diálogos telefónicos no traballo • lectura dunha entrevista sobre a satisfacción no traballo • cuestionario sobre horarios laborais e vacacións e lectura dun texto informativo • entrevista e cuestionario sobre a rutina laboral e o tempo libre • visionado dunha reportaxe sobre unha ilustradora • xogo de adiviñas sobre profesións • lectura dun cómic sobre un perruqueiro • escoita de entrevistas sobre rutinas laborais • redacción dunha carta de solicitude de emprego
Mínimos esixibles	<p><u>Comprensión escrita: ser capaz de...</u> entender textos sinxelos do xornal, descripcións sinxelas e informacións sobre un produto.</p> <p><u>Expresión e interacción escrita: ser capaz de...</u> redactar producir textos escritos como: un e-mail, citas ou propostas, recados.</p> <p><u>Comprensión oral: ser capaz de...</u> entender suxerencias, consellos. entender conversas telefónicas e contactar con alguén. comprender entrevistas sobre unha entidade.</p> <p><u>Expresión e interacción oral: ser capaz de...</u> escribir dar consellos. falar por teléfono, dar e pedir información laboral. falar sobre as vacacións e os festivos.</p> <p>Mediación: ser capaz de: Refacer para que sexa máis simple e comprensible o que se dixo, coa axuda doutras persoas ou de elementos paralingüísticos. Éscribirlle ás persoas destinatarias notas moi breves coa información máis importante.</p>
Criterios de avaliación	<p><u>Comprensión escrita</u> Comprender o sentido global de textos auténticos, sinxelos con ilustracións, e de extensión limitada cuxo tema resulte predicible e familiar.</p> <p><u>Expresión e interacción escrita</u> Escribir correspondencia breve e sinxela en papel ou soporte dixital, na que se expresen sentimentos, opinións e actitudes.</p>

	<p><u>Comprensión oral</u> Comprender a información esencial de textos gravados breves, así como de conversas telefónicas, sobre temas previsibles e básicos. Comprender a información esencial en exposicións e presentacións públicas sinxelas, articuladas a modo e con claridade e referidas a temas habituais.</p> <p><u>Expresión e interacción oral</u> Participar en conversas con intencións comunicativas básicas, facéndose entender, utilizando estratexias axeitadas para poder dar consellos, poder iniciar, manter e rematar o diálogo. Producir un texto oral breve e sinxelo no que se narra e se describe algo o alguén mediante un repertorio básico de palabras, expresións e estruturas.</p>
Temporalización e recursos	<p>4 sesións de 120 minutos – 1º cuadrimestre</p> <p>Lección 4 Schritte International Neu 3 / Anuncios internet / Copias</p>

Unidade 5: Sport und Fitness (Deporte e saúde / estar en forma)

Obxectivos:

Comprender o significado global e as informacións relevantes de mensaxes gravadas sinxelas que relaten experiencias persoais e predicibles, articuladas lentamente e nunha linguaxe estándar.

Comprender o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos.

Desenvolverse en actividades habituais e transaccións e xestións cotiás, sinxelas, propias de situacións e temas coñecidos, facéndose entender ofrecendo ou solicitando información básica.

Describir nun monólogo, de forma breve e sinxela, accións, persoas, lugares e obxectos, respondendo a preguntas breves e sinxelas dos/as oíntes.

Comprender as instrucións básicas de aparellos de uso moi frecuente.

Comprender textos instrutivos, descritivos e narrativos sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar.

Intercambiar correspondencia breve e sinxela, sobre temas predicibles relacionados coa experiencia persoal, nun rexistro axeitado á situación de comunicación.

Mediar en situacións moi cotiás, nas que o discurso se articule con lentitude e claridade, escoitando e comprendendo, aínda que sexa preciso pedir repeticións ou reformulacións, transmitindo o sentido xeral e a información esencial e dando e pedindo opinión sobre algunhas ideas concretas.

Competencias / contidos	<ul style="list-style-type: none"> • Relacións persoais: relacións sociais, familiares, profesionais... • Convencións sociais: fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá, vestuario... • Formular hipóteses sobre o contido, baseándose nos seus coñecementos. • Planificar o desenvolvemento da tarefa tendo en conta a situación de comunicación e o obxectivo que se pretende acadar. • O verbo reflexivo e os verbos con preposicións. • Memorizar palabras e estruturas novas aprendidas. • Reformular unha palabra ou expresión para facilitar a comprensión. • Iniciar e concluír unha conversa telefónica moi sinxela. • Saúde e coidados físicos: estado físico, partes do corpo...
-------------------------	--

	<ul style="list-style-type: none"> • Tempo libre e ocio: actividades de lecer, actividades culturais, afeccións e intereses...
Descrición da actividade	<ul style="list-style-type: none"> • Entender anuncios sinxelos, textos do xornal curtos relacionados coa saúde ou as actividades deportivas. • Redactar un e-mail informativo. • Actividade de oral de pedir información telefónica e facer preguntas sobre intereses e aficións. • Lectura e comprensión de textos curtos informativos.
Mínimos esixibles	<p><u>Comprensión escrita:</u> ser capaz de ... poder entender folletos informativos. comprender anuncios sinxelos, textos do xornal curtos relacionados coa saúde ou as actividades deportivas.</p> <p><u>Expresión e interacción escrita:</u> ser capaz de ... redactar un e-mail informativo, unha axenda deportiva. redactar unha breve biografía.</p> <p><u>Comprensión oral:</u> ser capaz de ... entender conversacións telefónicas sinxelas. comprender informacións ou noticias sobre actividades deportivas.</p> <p><u>Expresión e interacción oral:</u> ser capaz de ... dar consellos. pedir e dar información. mostrar interese por algo.. expresar o estado de ánimo e de saúde</p> <p><u>Mediación:</u> ser capaz de ... refacer para que sexa máis simple e comprensible o que se dixo, coa axuda doutras persoas ou de elementos paralingüísticos. escribirlle ás persoas destinatarias notas moi breves coa información máis importante.</p>
Criterios de avaliación	<p><u>Comprensión escrita</u> Identificar e comprender información relevante en textos narrativos, argumentativos e descritivos, breves e sinxelos, cunha secuencia lineal de elementos, que aparezan en medios de información e relacionados con temas moi coñecidos e da súa experiencia e interese.</p> <p><u>Expresión e interacción escrita</u> Dar información elemental sobre a actividade profesional, a formación, os hábitos e os intereses. Escribir descrições moi breves e básicas da propia persoa, da actividade deportiva mediante frases e oracións sinxelas.</p> <p><u>Comprensión oral</u> Comprender a información esencial de textos gravados breves, así como de conversas telefónicas, sobre temas previsibles e básicos sempre que non haxa distorsión do son e se poidan pedir, se é o caso, repeticións e aclaracións.</p> <p><u>Expresión e interacción oral</u> Desenvolverse nunha entrevista e transaccións e xestións cotiás facéndose entender e intercambiando a información pertinente se se fala con lentitude e claridade. Participar en conversas con intencións comunicativas básicas diversas facéndose entender, utilizando estratexias axeitadas para producir un diálogo, facer preguntas sobre interese e aficións de modo sinxelo. Identifica, aplicando as estratexias necesarias, a información clave que debe</p>

	transmitir, así como as intencións básicas dos/as emissores/as e receptores/as cando este aspecto é relevante.
Recursos e Temporalización	Libro de texto: Lección 5, Schritte international Neu 3 Material de audio e vídeo Fichas de reforzo 1º cuadrimestre / 4 sesións de 120 minutos

Unidade 6: Ausbildung und Karriere (Formación e carreira profesional)

Obxectivos:

Comprender o significado global e as informacións relevantes de mensaxes gravadas sinxelas que relacionen experiencias persoais e predicibles, articuladas lentamente e nunha linguaxe estándar.

Comprender a información esencial en exposicións e presentacións públicas breves e sinxelas, referidas a temas habituais e coñecidos.

Desenvolverse nas relacións sociais habituais de xeito sinxelo pero eficaz, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía, utilizando expresións básicas moi habituais adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras.

Describir nun monólogo, de forma breve e sinxela, accións, persoas, lugares e obxectos, respondendo a preguntas breves e sinxelas dos/as oíntes, se lles repiten e se lle axudan coas respostas.

Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos breves e sinxelos, en lingua estándar, e relacionados con temas da súa experiencia, especialmente se contan con apoio visual.

Utilizar estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.

Transmitirlle oralmente a terceiras persoas a información relativa a temas moi habituais contida en gráficos e imaxes moi sinxelas, como mapas meteorolóxicos, aínda que sexan evidentes as pausas, os titubeos e as reformulacións.

Tomar notas moi breves e sinxelas para terceiras persoas en enunciados ou intervencións moi breves e claramente estruturados, sempre que o tema sexa familiar e se conte coa axuda de distintos recursos (dicionarios, Internet...).

Competencias / contidos	<ul style="list-style-type: none"> • Condicións de vida: vivenda, condicións laborais, transporte... • Relacións persoais: relacións sociais, familiares, profesionais... • Planificar o desenvolvemento da tarefa tendo en conta a situación de comunicación e o obxectivo que se pretende acadar. • Deducir o significado de palabras ou frases a partir do contexto. • Manifestar comprensión e falta de comprensión. • Pedirlle confirmación da comprensión á persoa interlocutora. • Referirse a accións e situacións presentes e pasada. • Expor proxectos e formular hipótesis • O verbo. O pasado simple do verbo modal. • Gramática textual. Procedementos elementais de organización estrutural de textos orais e escritos • A conxunción subordinada „dass“
-------------------------	---

	<ul style="list-style-type: none"> • Educación: material e actividades da aula, centros de ensino...
Descrición da actividade	<ul style="list-style-type: none"> • Actividade oral léxica de posta en común do tema. • Falar sobre o sistema educativo e establecer comparacións. • Actividade en grupo: posta en común sobre os desexos e plans na infancia. • Rolda de discusión sobre a importancia da educación e a formación continuada. • Proxecto individual ou en parellas: falar do traballo ideal.
Mínimos esixibles	<p><u>Comprensión escrita:</u> ser capaz de: comprender anuncios de ofertas de formación. entender artigos sobre a vida profesional.</p> <p><u>Expresión e interacción escrita:</u> ser capaz de ... producir textos escritos curtos como: un currículo académico, cubrir un formulario, textos curtos sobre profesións, e-mails sobre as experiencias de aprendizaxe no colexio.</p> <p><u>Comprensión oral:</u> ser capaz de ... entender entrevistas sobre temas escolares. comprender informacións persoais pasadas. entender consultas telefónicas sobre cursos.</p> <p><u>Expresión e interacción oral:</u> ser capaz de ... dar opinións, consellos. debatir sobre un tema escolar. falar do sistema educativo e as profesións.</p> <p><u>Mediación:</u> ser capaz de ... refacer para que sexa máis simple e comprensible o que se dixo, coa axuda doutras persoas ou de elementos paralingüísticos. escribirlle ás persoas destinatarias notas moi breves coa información máis importante. recoñecer a información elemental que debe transmitir e as intencións elementais dos emisores ou receptores.</p>
Criterios de avaliación	<p><u>Comprensión escrita</u> Comprender indicacións e información básica relacionada cos anuncios de oferta laboral e artigos sobre a vida profesional básicos, de estrutura moi sinxela e que poida conter apoio visual. Identificar información relevante en textos narrativos, argumentativos e descritivos, breves e sinxelos sobre a temática laboral, cunha secuencia lineal de elementos, que aparezan en medios de información.</p> <p><u>Expresión e interacción escrita</u> Dar información elemental sobre a actividade profesional e a formación. Narrar de forma sinxela e breve feitos e experiencias, así como expoñer plans e presentar proxectos de xeito moi elemental e realcionados coa formación ou o interese laboral.</p> <p><u>Comprensión oral</u> Comprender a información esencial de textos gravados breves, así como de conversas telefónicas, sobre temas previsibles e básicos sempre que non haxa distorsión do son e se poidan pedir, se é o caso, repeticións e aclaracións.</p> <p><u>Expresión e interacción oral</u></p>

	<p>Participar en conversas con intencións comunicativas básicas diversas facéndose entender, utilizando estratexias axeitadas para producir un diálogo, facer preguntas sobre temas escolares e o mundo laboral.</p> <p>Expoñer plans, facer hipótesis de forma breve, sinxela e comprensible en conversas informais sobre asuntos do sistema educativo e o mundo laboral.</p> <p>Repite ou reformula o dito de maneira máis sinxela para facerlle máis comprensible a mensaxe ás persoas receptoras, podendo axudarse de elementos non lingüísticos ou da colaboración doutras persoas.</p>
Recursos e Temporalización	<p>Libro de texto: Lección 6, Schritte international Neu 3</p> <p>Material de audio e vídeo de DW, outros métodos</p> <p>Fichas de reforzón de Schritte, Hueber</p> <p>1º cuadrimestre / 4 sesións de 120 minutos</p>

Unidade 7: Feste und Geschenke (Festas e agasallos)

Obxectivos:

Comprender o significado global e as informacións relevantes de mensaxes gravadas sinxelas que relaten experiencias persoais e predicibles.

Desenvolverse nas relacións sociais habituais de xeito sinxelo pero eficaz, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía, utilizando expresións básicas moi habituais adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras.

Describir nun monólogo, de forma breve e sinxela, accións, persoas, lugares e obxectos, respondendo a preguntas breves e sinxelas dos/as oíntes, se llas repiten e se lle axudan coas respostas.

Comprender textos instrutivos, descritivos e narrativos sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar.

Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e organizar estes de acordo con textos modelo.

Transmitirlle oralmente a terceiras persoas información específica e relevante relativa a temas cotiáns, necesidades inmediatas ou aspectos do ámbito persoal contida en textos orais ou escritos, sempre que estes sexan breves e de estrutura sinxela.

Mediar en situacións moi cotiáns, nas que o discurso se articule con lentitude e claridade, escoitando e comprendendo, aínda que sexa preciso pedir repeticións ou reformulacións, transmitindo o sentido xeral e a información esencial e dando e pedindo opinión sobre algunhas ideas concretas.

Competencias / contidos	<ul style="list-style-type: none"> • Relacións persoais: relacións sociais, familiares, profesionais... • Distinguir o tipo de comprensión (sentido xeral, información específica...). • Planificar o desenvolvemento da tarefa tendo en conta a situación de comunicación e o obxectivo que se pretende acadar. • Utilizar estratexias sinxelas para comezar, manter ou rematar unha conversa breve. • Cooperar coa persoa interlocutora para facilitar a comprensión mutua. • Saudar e despedirse.
-------------------------	--

	<ul style="list-style-type: none"> • Felicitar. • Convidar. • Pedir lle confirmación da comprensión á persoa interlocutora. • Preguntar o significado dunha palabra ou expresión. • Reformular unha palabra ou expresión para facilitar a comprensión. • Xustificar de maneira moi sinxela unha opinión ou unha actividade. • Expresar coñecemento ou descoñecemento. • O nome. Substantivo e adxectivo. Clases, xénero, número, caso e grao. • As partículas interrogativas, exclamativas e relativas de uso máis común • O verbo. Formas máis usuais para a expresión do presente, do pasado e do futuro. Formas de uso máis habitual para expresar estados, accións, eventos, procesos e realizacións • As preposicións, os conectores e os enlaces de uso máis frecuente • Relacións familiares e sociais: parentesco, formas de tratamento sinxelas... • Tempo libre e ocio: actividades de lecer, actividades culturais, afeccións e intereses...
Descrición da actividade	<ul style="list-style-type: none"> • Formular hipótese sobre tipos de festa a partir dunha serie de fotos. • Contar experiencias propias de festas. • Planificar unha festa. • Falar sobre gustos e preferencias persoais ao regalar. • Comprender pequenos textos informativos. • Describir unha festa familiar. • Redactar pequenas invitacións.
Mínimos esixibles	<p><u>Comprensión escrita</u>: ser capaz de ... comprender textos como: vales de regalo, cartas e e-mails sobre celebracións, invitacións a unha festa.</p> <p><u>Expresión e interacción escrita</u>: ser capaz de ... responder a unha invitación. redactar un pequeno relato sobre unha festa, boda, celebración.</p> <p><u>Comprensión oral</u>: ser capaz de ... entender conversas básicas nunha festa. entender conversas relacionadas coa planificación dunha festa.</p> <p><u>Expresión e interacción oral</u>: ser capaz de ... invitar a alguén. felicitar e falar sobre os regalos entregados ou recibidos.</p> <p><u>Mediación</u>: ser capaz de ... refacer para que sexa máis simple e comprensible o que se dixo, coa axuda doutras persoas ou de elementos paralingüísticos. éscribir lle ás persoas destinatarias notas moi breves coa información máis importante.</p>
Criterios de avaliación	<p><u>Comprensión escrita</u> Identificar información relevante en pequenas notas, textos argumentativos e descritivos breves e sinxelos, e relacionados co tema das celebracións de festa. Comprender correspondencia persoal breve en papel ou soporte dixital, redactada en lingua estándar, sinxela e que describa acontecementos ou sentimentos básicos e desexos.</p> <p><u>Expresión e interacción escrita</u> Escribir correspondencia breve e sinxela en papel ou soporte dixital, na que se</p>

	<p>expresan sentimentos, opinións e actitudes. Narrar de forma sinxela e breve feito de xeito moi elemental. <u>Comprensión oral</u> Comprender a información esencial de conversas sobre temas relacionados cunha planificación dunha festa, sempre que non haxa distorsión do son e se poidan pedir, se é o caso, repeticións ou aclaracións. Comprender o sentido global de conversas que traten temas básicos cotiás, si sé fala a modo e con claridade, utilizando expresións e palabras habituais do tema en cuestión. <u>Expresión e interacción oral</u> Desenvolverse en intercambios sociais básicos utilizando fórmulas neutras e informais de saúdo e despedida, de estrutura sinxela e realizando e respondendo a invitacións e suxestións. Participar en conversas con intencións comunicativas básicas diversas facéndose entender, producindo un discurso comprensible con expresións básicas e adecuado ás características da situación de comunicación. Tomar notas moi breves coa información necesaria que considera importante trasladarlle ás persoas destinatarias, podendo facer preguntas sinxelas para obter esta información.</p>
<p>Recursos e Temporalización</p>	<p>Libro de texto: Lección 7, Schritte international Neu 3 Material de audio e vídeo de DW, outros métodos, Goethe Fichas de reforzón de Schritte, Hueber, Goethe 1º cuadrimestre / 4 sesións de 120 minutos</p>

Segundo cuadrimestre

Unidade 8: Am Wochenende (O fin de semana)

Obxectivos:

Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre temas cotiás.

Desenvolverse nas relacións sociais habituais de xeito sinxelo pero eficaz, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía, utilizando expresións básicas moi habituais adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras.

Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos breves e sinxelos, en lingua estándar, e relacionados con temas da súa experiencia, especialmente se contan con apoio visual.

Utilizar estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.

Describir de forma sinxela lugares, obxectos e persoas, e narrar experiencias relacionadas con temas cotiás.

Resumir brevemente a información máis relevante de textos orais ou escritos moi sinxelos e breves, articulados con lentitude, claramente estruturados e que contan con apoio visual e cun léxico de uso moi frecuente, relativos a temas cotiás ou necesidades inmediatas, sempre que poida axudarse de xestos, imaxes ou expresións doutras linguas e poida cometer erros que non dificulten a comprensión.

Mediar: Repite ou reformula o dito de maneira máis sinxela para facerlle máis comprensible a mensaxe ás persoas receptoras.

Competencias / contidos	<ul style="list-style-type: none"> • Vida cotiá: horarios e hábitos de comida, horarios e costumes relacionados co traballo, actividades de lecer... • Reaccionar ante unha información con expresións que manifesten o sentimento adecuado á situación. • Manifestar comprensión e falta de comprensión. • Preguntar o significado dunha palabra ou expresión. • Describir persoas, obxectos e lugares. • Referirse a accións e situacións presentes e pasadas. • Xustificar de maneira moi sinxela unha opinión ou unha actividade. • Suxerir unha actividade • Axendas e diarios • Textos sinxelos e breves • Konjuntiv II para expresar cortesía • As partículas interrogativas, exclamativas e relativas de uso máis común • conector „trotzdem“ • Identificación persoal: datos persoais, aspecto físico, carácter, estados de ánimo, sentimentos...
Descrición da actividade	<ul style="list-style-type: none"> • EO: En pequenos grupos. Describir obxectos con axuda de xestos e mímica. / En grupos da 3: pequenas entrevistas sobre preferencias de xogos. / Posta en común de posibles actividades de tempo libre. • CE: Ler un texto e falar sobre soños ou desexos dos personaxes do texto. Posteriormente, como actividade de EO, apuntar os desexos propios. / Ler pequenos anuncios con ofertas culturais ou de lecer. Introducir o conector „trotzdem? mediante unha comparación de texto e imaxe. • CO y EO: Exercicio de CO sobre propostas de actividades de fin de semana e posterior facer un xogo de rol e facer propostas de saída. Practicar fórmulas de interese ou desinterese • EE: Elaborar en parellas ou individualmente un cartel informativo sobre unha actividade cultural.
Mínimos esixibles	<p><u>Comprensión escrita:</u> ser capaz de ... comprender textos non extensos sobre un programa cultural, anuncios de eventos, unha reportaxe ou unha enquisa.</p> <p><u>Expresión e interacción escrita:</u> ser capaz de ... redactar un e-mail privado sobre os plans para o fin de semana.</p> <p><u>Comprensión oral:</u> ser capaz de ... entender unha conversa entre nai e fillo sobre actividades do tempo libre. comprender un programa de radio con consellos/propostas culturais.</p> <p><u>Expresión e interacción oral:</u> ser capaz de ... dar consellos sobre actividades do tempo libre. dialogar sobre as preferencias de un programa cultural.</p> <p><u>Mediación:</u> ser capaz de ... refacer para que sexa máis simple e comprensible o que se dixo, coa axuda doutras persoas ou de elementos paralingüísticos. escribirlle ás persoas destinatarias notas moi breves coa información máis importante.</p>
	<p><u>Comprensión escrita</u> Comprender o sentido global de textos auténticos sinxelos e de extensión limitada cuxo tema resulte familiar.</p>

Criterios de avaliación	<p><u>Expresión e interacción escrita</u> Narrar de forma sinxela e breve feitos e experiencias cotiás.</p> <p><u>Comprensión oral</u> Comprender textos sinxelos que dean información sobre experiencias persoais cotiás cun repertorio de léxico e estruturas de carácter básico e sinxelo. Comprender o sentido xeral e identificar a información esencial de textos audiovisuais.</p> <p><u>Expresión e interacción oral</u> Intercambiar opinións sobre un tema coñecido mediante a expresión do coñecemento, a opinión e a crenza, mediante fórmulas básicas e expresións frecuentes memorizadas, e facendo uso de estruturas sintácticas básicas.</p>
Recursos e Temporalización	<p>Libro de texto: Lección 8, Schritte international Neu 4 Material de audio e video de DW, Goethe, outros métodos. Fichas de reforzo de Schritte, outros métodos. 2º cuadrimestre / 4 sesións de 120 minutos</p>

Unidade 9: Meine Sachen (As miñas cousas)

Obxectivos:

Comprender o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos, cando exista o apoio de imaxes.

Descibir nun monólogo, de forma breve e sinxela, accións, persoas, lugares e obxectos.

Desenvolverse en actividades habituais e transaccións e xestións cotiás, sinxelas, propias de situacións e temas coñecidos.

Comprender textos instrutivos, descritivos e narrativos sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar.

Intercambiar información concreta e sinxela sobre aspectos cotiáns e habituais nos diferentes ámbitos de actividade social.

Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos.

Transmitir lle oralmente a terceiras persoas información específica e relevante relativa a temas cotiáns, necesidades inmediatas ou aspectos do ámbito persoal contida en textos orais ou escritos, sempre que estes sexan breves e de estrutura sinxela.

Mediar: Identifica, aplicando as estratexias necesarias, a información clave que debe transmitir, así como as intencións básicas dos/as emisores/as e receptores/as cando este aspecto é relevante

Competencias /	<ul style="list-style-type: none"> • Condicións de vida: vivenda, condicións laborais, transporte... • Planificar o desenvolvemento da tarefa tendo en conta a situación de comunicación e o obxectivo que se pretende acadar. • Cooperar coa persoa interlocutora para facilitar a comprensión mutua.
----------------	---

contidos	<ul style="list-style-type: none"> •Reaccionar ante unha información con expresións que manifesten o sentimento adecuado á situación. •Describir persoas, obxectos e lugares. •Xustificar de maneira moi sinxela unha opinión ou unha actividade. •Etiquetas de produtos e embalaxes •Folletos informativos ou publicitarios •Textos sinxelos e breves •Conversas cara a cara •adxectivo. Clases, xénero, número, caso e grao. • as partículas de comparación <i>als</i> e <i>so ... wie</i> • a preposición <i>aus</i> para indicar materiais
Descrición da actividade	<ul style="list-style-type: none"> • EO: En parellas ver unas fotos y usar fórmulas para opinar favorable o desfavorablemente. / En parellas ou pequenos grupos: Transmitir lle oralmente ao compañeiro ou a terceiras persoas a información relativa a temas moi habituais contida en imaxes moi sinxelas. / En parellas: simular situacións indo de tendas. / Describir un obxecto persoal e falar do seu significado. • CE: Ler e comprender un texto descriptivo. • EE y EO: primeiro elaborar un pequeno texto para poxar un obxecto. Posteriormente practicar unha situación de poxa. • EO: en parellas practicar pequenos diálogos sobre que regalar, facendo uso para iso do comparativo. • CO y EO: entender a información básica do audio e falar en pequenos grupos posteriormente sobre os gastos principais en cada fogar. Posta en común a través dunha enquisa. • CE y EO: ler un texto e usar as fórmulas adecuadas para expresar preferencia ou excecpticismo.
Mínimos esixibles	<p><u>Comprensión escrita:</u> ser capaz de ... comprender textos sinxelos dunha estadística de gastos persoais. comprender un texto dun xornal sobre instrumentos musicais.</p> <p><u>Expresión e interacción escrita:</u> ser capaz de ... describir o obxecto persoal favorito.</p> <p><u>Comprensión oral:</u> ser capaz de ... entender diálogos de compra-venta nun rastro ou nos grandes almacéns. entender presentacións dun produto nunha feria. entender entrevistas sobre os gastos persoais.</p> <p><u>Expresión e interacción oral:</u> ser capaz de ... Chegar a un acordo sobre a decoración dun salón. Conversar sobre os costumes persoais de consumo.</p> <p><u>Mediación:</u> ser capaz de ... refacer para que sexa máis simple e comprensible o que se dixo, coa axuda doutras persoas ou de elementos paralingüísticos. éscribir lle ás persoas destinatarias notas moi breves coa información máis importante.</p>
Criterios de avaliación	<p><u>Comprensión escrita</u> Identificar información relevante en textos argumentativos e descritivos, breves e sinxelos, con temas moi coñecidos e da súa experiencia e interese. Comprender o sentido global de textos auténticos, sinxelos, con ilustracións e de extensión limitada cuxo tema resulte familiar.</p>

	<p><u>Expresión e interacción escrita</u> Escribir descrições moi breves e básicas de obxectos, usando oracións sinxelas, e co léxico propio da descrición.</p> <p><u>Comprensión oral</u> Comprender transaccións e xestións básicas sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado. Comprender a información esencial en exposicións e presentacións públicas sinxelas, articuladas a modo e con claridade, referidas a temas coñecidos.</p> <p><u>Expresión e interacción oral</u> Participar en conversas con intencións comunicativas básicas diversas, facéndose entender, utilizando estratexias axeitadas para poder iniciar, manter e rematar o diálogo. Intercambiar opinións sobre un tema coñecido mediante a expresión do coñecemento, a opinión e a crenza, mediante fórmulas básicas e expresións frecuentes memorizadas.</p>
Recursos e Temporalización	<p>Libro de texto: Lección 9, Schritte international Neu 4 Material de audio e video de Schritte, DW e outros métodos. Fichas de reforzón de Schritte 2º cuatrimestre / 4 sesións de 120 minutos</p>

Unidade 10: Kommunikation (Comunicación – Servizos)

Obxectivos:

Comprender frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas.

Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre temas cotiáns, e identificar un cambio de tema.

Comprender o significado global e as informacións relevantes de mensaxes gravadas sinxelas que relaten experiencias persoais e predicibles.

Desenvolverse en actividades habituais e transaccións e xestións cotiáns, sinxelas, propias de situacións e temas coñecidos, facéndose entender ofrecendo ou solicitando información básica.

Describir nun monólogo, de forma breve e sinxela, accións, persoas, lugares e obxectos, respondendo a preguntas breves.

Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos breves e sinxelos, en lingua estándar.

Comprender textos instrutivos, descritivos e narrativos sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar.

Intercambiar información concreta e sinxela sobre aspectos cotiáns e habituais nos diferentes ámbitos de actividade social.

Transmitir lle oralmente a terceiras persoas a información relativa a temas moi habituais contida en gráficos e imaxes moi sinxelas.

Resumir brevemente a información máis relevante de textos orais ou escritos moi sinxelos e breves, articulados con lentitude, claramente estruturados e que contén con apoio visual e cun léxico de uso moi frecuente, relativos a temas cotiáns.

Mediar entre falantes da lingua meta ou doutras linguas en situacións de carácter habitual nas que se producen intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos cotiáns.

<p>Competencias / contidos</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Condicións de vida: vivenda, condicións laborais, transporte... • Bens e servizos públicos: xestións sinxelas en bancos, correos, policía... • Ensañar o texto oral ou escrito. • Adecuar de forma básica o texto oral ou escrito á persoa destinataria, ao contexto e á canle. • Probar novas expresións. • Utilizar estratexias sinxelas para comezar, manter ou rematar unha conversa breve. • Cooperar coa persoa interlocutora para facilitar a comprensión mutua. • Reaccionar ante unha información con expresións que manifesten o sentimento adecuado á situación. • Iniciar e concluír unha conversa telefónica moi sinxela e breve. • Preguntar o significado dunha palabra ou expresión. • Reformular unha palabra ou expresión para facilitar a comprensión. • Expresar coñecemento ou descoñecemento. • Anuncios publicitarios • Formularios • Correspondencia persoal e formal (cartas, postais, mensaxes electrónicas...) • Textos sinxelos e breves • adxectivo. Clases, xénero, número, caso e grao. • A voz pasiva en presente (introdución) • artigo interrogativo <i>Was für ein- ...?</i> • a formación de palabras: adxectivos con <i>un-</i> e <i>-los</i> • a formación de palabras: substantivos en <i>-ung</i>
<p>Descrición da actividade</p>	<ul style="list-style-type: none"> • EO e CO: primeiro ver a secuencia de fotos e expresar suposicións, posteriormente escoitar o audio e relacionar os textos coas correspondentes fotos. • CO e EO: escoitar unhas entrevistas e transmitir oralmente a información. Pequenos diálogos en parellas ou pequenos grupos sobre o tema "coleccionar". • EO e EE: actividade de uso da voz pasiva en parellas. Ler e comprender un pequeno texto, relacionando texto escrito con fotos. En parellas formular oracións en voz pasiva describindo un proceso, por exemplo: „einen Reifen wechseln?" • CO e EO: describir en parellas unha foto formulando hipótese. Escoitar mensaxes telefónicas, usando formulas de desculpa e de dúbida. • En parellas recrear unha situación telefónica e practicar fórmulas de desculpa e dúbida. • EO: En pequenos grupos ou en parellas facer unha enquisa sobre o uso dos novos medios de comunicación e posta en común posterior. • CO e EO: Escoitar un audio descriptivo sobre unha profesión. En parellas tomar notas do audio e falar en parellas sobre o tema. Describir posteriormente unha profesión e falar sobre os aspectos importantes da mesma.
<p>Mínimos esixibles</p>	<p><u>Comprensión escrita:</u> ser capaz de ... comprender textos como: un concurso nunha revista sobre o uso dos diferentes</p>

	<p>medios de comunicación, ou un texto do xornal sobre o linguaxe feminino e masculino.</p> <p><u>Expresión e interacción escrita</u>: ser capaz de ... facer unha estatística do curso sobre o uso dos diferentes medios de comunicación. tomar notas.</p> <p><u>Comprensión oral</u>: ser capaz de ... entender as mensaxes do contestador automático.</p> <p><u>Expresión e interacción oral</u>: ser capaz de ... falar sobre o uso persoal dos diferentes medios de comunicación. falar por teléfono e pedir disculpas. falar sobre as propias experiencias sobre a comunicación: home-muller.</p> <p><u>Mediación</u>: ser capaz de ... refacer para que sexa máis simple e comprensible o que se dixo, coa axuda doutras persoas ou de elementos paralingüísticos. escribirlle ás persoas destinatarias notas moi breves coa información máis importante.</p>
<p>Criterios de avaliación</p>	<p><u>Comprensión escrita</u> Comprender o sentido global de textos auténticos, sinxelos, con ilustracións e de extensión limitada cuxo tema resulte familiar.</p> <p><u>Expresión e interacción escrita</u> Dar información elemental sobre a actividade profesional, os hábitos e os intereses. Escribir descrições moi breves de obxectos e persoas mediante frases e oracións sinxelas.</p> <p><u>Comprensión oral</u> Comprender a información esencial de textos gravados breves, sobre temas previsibles e básicos, sempre que non haxa distorsión do son e poidan escoitalos máis dunha vez.</p> <p><u>Expresión e interacción oral</u> Intercambiar opinións sobre un tema coñecido, usando fórmulas básicas e expresións frecuentes memorizadas. Desenvolverse nas relacións sociais reaccionando coa expresión de actitudes e sentimentos de contento, satisfacción, decepción e interese. Con expresións sinxelas e habituais.</p>
<p>Recursos e Temporalización</p>	<p>Libro de texto: Lección 10, Schritte international Neu 4 Material de audio e video de Schritte, DW e outros métodos Fichas de reforzón de Schritte, Goethe, Hueber. 2º cuadrimestre / 4 sesións de 120 minutos</p>

Unidade 11 : *Unterwegs* (En camiño)

Obxectivos

Comprender a información específica de conversas básicas sobre orientación e a información esencial de textos orais sobre tráfico.

Desenvolverse en transaccións propias de situación e temas coñecidos e solicitar a colaboración da persoa interlocutora

Comprender tipos básicos de correspondencia sobre temas cotiáns.

Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos.

Resumir brevemente a información máis relevante de textos orais ou escritos relativos a necesidades inmediatas.

Competencias / Contidos	<ul style="list-style-type: none">• describir e preguntar polo camiño• entender as indicacións de descripción dun camiño• indicar e preguntar de onde ven alguén• indicar consecuencias• dar información sobre condicións atmosféricas• saúdos e despedidas adecuados na correspondencia formal e informal• A problemática do tráfico e os ciclistas• condicións atmosféricas: previsións meteorolóxicas• transporte particular: o coche, circulación e seguridade viaria• accidentes, o tráfico no propio país• institucións: servizos médicos e sociais• preposicións locais con dativo: aus, von, bis zu, an ... vorbei, gegenüber• preposicións locais con acusativo: durch, entlang, um, über• a conxunción deshalb• formación de palabras con -bar, -isch, -ig (verbo/substantivo -> adxectivo)• sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións: <pf>, <kw>, <ts>, <tz>, <z>, <t + ion>, <ks >, <cks>, <gs>, <x>• Alemaña como "país automobilístico"• tópico: Alemaña como país ideal para os condutores
Descrición da actividade	<ul style="list-style-type: none">• ver e escoitar un episodio sobre consellos turísticos e orientación• descrición dunha escena rutinaria nun barrio• audición dunha gravación telefónica con indicacións ata un enderezo• lectura de mensaxes de texto anunciando problemas de tráfico e avarías• audición de novas sobre o estado do tráfico• lectura de breves notificacións sobre o tempo atmosférico• enquisa sobre o uso de transporte público e privado• carta a un(ha) amigo/a informando do tráfico nunha cidade concreta• fragmento dun filme amosando un paseo nocturno pola cidade• lectura de comentarios nun foro sobre convivencia de coches, bicicletas e peatóns• redacción dunha nota con encargos domésticos• marcar as direccións no plano dunha cidade• lectura dun correo electrónico relatando o tempo e o tráfico en Suíza.

Mínimos esixibles	<p><u>Comprensión escrita:</u> ser capaz de ... comprender textos como: as recomendacións para un chequeo da bicicleta ou sobre a información meteorolóxica.</p> <p><u>Expresión e interacción escrita:</u> ser capaz de ... contestar un e-mail e describir un camiño. redactar un e-mail dando consellos para viaxar. escribir un e-mail falando do tempo e do tráfico.</p> <p><u>Comprensión oral:</u> ser capaz de ... entender a descrición do camino a algún sitio entender a información radiofónica sobre o estado do tráfico nas carreteras.</p> <p><u>Expresión e interacción oral:</u> ser capaz de ... describir o camiño a un lugar opinar sobre os problemas do tráfico.</p> <p><u>Mediación:</u> ser capaz de ... refacer para que sexa máis simple e comprensible o que se dixo, coa axuda doutras persoas ou de elementos paralingüísticos. escribirlle ás persoas destinatarias notas moi breves coa información máis importante.</p>
Criterios de avaliación	<p><u>Comprensión escrita</u> Comprender o sentido global de textos auténticos sinxelos e con ilustracións. De extensión limitada cuxo tema resulte predicible e familiar.</p> <p><u>Expresión e interacción escrita</u> Escribir descricións moi breves e básicas de lugares mediante frases e oracións sinxelas, e co léxico propio da descrición. Escribir correspondencia breve e sinxela en papel ou soporte dixital, na que se expresen sentimentos, opinións e actitudes.</p> <p><u>Comprensión oral</u> Comprender os puntos principais e os detalles relevantes en mensaxes públicos, transmitidos por medios técnicos, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información relativa a situacións de necesidade inmediata.</p> <p><u>Expresión e interacción oral</u> Producir un texto oral breve e sinxelo, no que se narra e se describe algo mediante un repertorio básico de palabras, expresións e estruturas, utilizando un nivel elemental de coherencia e cohesión, cunha pronunciación clara e comprensible. Intercambiar opinións sobre un tema coñecido mediante a expresión do coñecemento, usando fórmulas básicas e expresións frecuentes memorizadas, e facendo uso de estruturas sintácticas e grupos de palabras básicos.</p>
Temporalización e recursos	<p>4 sesións de 120 minutos – 2º cuadrimestre</p> <p>Lección 11 Schritte International Neu 4 / Radio / Copias</p>

Unidade 12 : *Reisen* (Viaxes)

Obxectivos

Comprender o significado global e as información relevantes de mensaxes gravadas sinxelas que relaten experiencias persoais.

Expoñer plans en conversas informais relacionadas con viaxes.

Comprender e localizar información relevante en textos breves relacionados con temas da propia experiencia.

Describir de forma sinxela lugares e narrar experiencias.

Mediar en situación moi cotiás, transmitindo o sentido xeral e a información esencia.

Competencias / Contidos	<ul style="list-style-type: none">• propor destinos vacacionais• valorar propostas, facer propostas• expresar acordo e desacordo• expresar e xustificar gustos e preferencias vacacionais• pedir e dar información sobre viaxes, aloxamentos e prezos• reservar e planificar unha viaxe• redactar invitacións ou textos curtos• referirse a viaxes do pasado: medios de transporte, duración, países e cidades, equipaxe• invitar alguén á casa• vacacións e viaxes: tipos de aloxamentos• lugares de interese turístico: tipos de paisaxes• preposicións locais an, auf, in con dativo e acusativo• preposicións temporais von ... an + dativo e über + acusativo• preposición modal ohne + acusativo• declinación do adxectivo sen artigo• cadencia, acentos e pausas en oracións• rexións, paisaxes e cidades de interese turístico nos países de fala• alemá• Proxecto: Concurso Danubio
Descrición da actividade	<ul style="list-style-type: none">• ver e escoitar un episodio sobre plans de viaxe de dous amigos• enquisa sobre viaxes soñados• elaborar propostas de viaxes• lectura dun foro sobre as vacacións de verán• lectura de anuncios de aloxamentos e toma de decisión• planificación dunha viaxe / conversa nunha axencia de viaxes• lectura de mensaxes de invitación para visitar amigos• redacción dunha mensaxe convidando amigos a unha visita• audición dun diálogo entre amigos que planifican unha viaxe• filme breve sobre o Danubio• lectura de información turística sobre Kelheim• responder a preguntas dun concurso sobre o Danubio• encher un formulario para alugar un automóbil• escribir o anuncio para un aloxamento

	<ul style="list-style-type: none"> • lectura e redacción dunha postal desde un lugar de vacacións • redactar un correo electrónico para rectificar condicións dun aloxamento.
Mínimos esixibles	<p><u>Comprensión escrita: ser capaz de ...</u> comprender textos de anuncios de aloxamentos. comprender textos curtos dun xornal sobre unha viaxe. comprender o texto dunha postal</p> <p><u>Expresión e interacción escrita: ser capaz de ...</u> escribir postais e redactar algo relacionado coa viaxe. escribir pequenos avisos.</p> <p><u>Comprensión oral: ser capaz de ...</u> entender unha conversa nunha axencia de viaxes. entender anuncios gravados sobre aloxamentos</p> <p><u>Expresión e interacción oral: ser capaz de ...</u> opinar sobre aloxamentos. conversar sobre as experiencias persoais nunha viaxe. describir unha viaxe ideal.</p> <p><u>Mediación: ser capaz de ...</u> refacer para que sexa máis simple e comprensible o que se dixo, coa axuda doutras persoas ou de elementos paralingüísticos. éscribirlle ás persoas destinatarias notas moi breves coa información máis importante.</p>
Criterios de avaliación	<p><u>Comprensión escrita</u> Comprender o sentido global de textos auténticos, sinxelos, con ilustracións, e de extensión limitada cuxo tema resulte predicible e familiar.</p> <p><u>Expresión e interacción escrita</u> Narrar de forma sinxela e breve feitos e experiencias, así como expoñer plans de xeito moi elemental e relacionado co tema da unidade. Escribir correspondencia breve e sinxela en papel ou soporte dixital, na que se expresen sentimentos, opinións e actitudes.</p> <p><u>Comprensión oral</u> Comprender o sentido global de conversas que traten temas básicos cotiás, se se fala amodo e con claridade utilizando expresións e palabras habituais do tema en cuestión. Comprender o sentido xeral e identificar a información esencial de textos audiovisuais ou informativos, emitidos con pronuncia clara e pausada.</p> <p><u>Expresión e interacción oral</u> Desenvolverse nas relacións sociais reaccionando coa expresión de actitudes e sentimentos de satisfacción, interese, desinterese, preferencia e sorpresa con expresións sinxelas e habituais, e respectando as normas de cortesía.</p>
Temporalización e recursos	<p>4 sesións de 120 minutos – 2º cuadrimestre</p> <p>Lección 12 Schritte International Neu 4 / Radio / Foros de internet / Prensa</p>

Unidade 13: *Geld* (Diñeiro)

Obxectivos

Comprender a información esencial en presentacións públicas breves.

Desenvolverse en xestións e transaccións cotiáns.

Comprender instrucións básicas de procesos cotiáns referidos ás finanzas.

Intercambiar correspondencia breve e sinxela nun rexistro axeitado.

Tomar notas para terceiras persoas en intervencións breves.

Competencias / Contidos	<ul style="list-style-type: none">• preguntar e expresar coñecemento e descoñecemento• pedir información, axuda e consellos• referirse a distintos servizos da vida cotiá• fórmulas de cortesía para pedir información: Können Sie mir sagen,.../Wissen Sie, .../ Ich wollte fragen, ..., etc.• bancos e xestións• tarxetas, formas de pagamento• preguntas indirectas con wer, was ...• preguntas indirectas con ob• o verbo lassen: o seu uso, conxugación e posición dos elementos• artigos, pronomes demostrativos: dieser, -e, -es e adverbios con irgend-• locución adverbial in Zukunft• pronomes relativos: der / die / das (Nom + Akk), wo, was.
Descrición da actividade	<ul style="list-style-type: none">• ver e escoitar un episodio sobre un problema no banco• entrevista e enquisa sobre hábitos financeiros e bancarios• lectura dun prospecto con consellos de entramento persoal• lectura dun artigo sobre alternativa de vida sen diñeiro• lectura dun cómic• audición dunha canción sobre tarefas diarias• encher un formulario para abrir unha conta bancaria• encher un formulario para solicitar un visado• lectura e participación nun foro de intercambio• audición dunha enquisa sobre viaxes baratas para estudantes• lectura de información oficial sobre a cidade de Colonia• vídeo sobre a relación dos alemáns co diñeiro.
Mínimos esixibles	<p><u>Comprensión escrita:</u> ser capaz de ... comprender textos de xornais sobre formas de pago. comprender o texto dunha solicitude de prácticas nunha empresa. comprender formularios para abrir unha conta bancaria.</p> <p><u>Expresión e interacción escrita:</u> ser capaz de ... redactar preguntas e respostas para un xogo. encher un formulario de solicitude de apertura de conta.</p> <p><u>Comprensión oral:</u> ser capaz de ...</p>

	<p>comprender os relatos sobre outras formas de vivir sen cartos.</p> <p><u>Expresión e interacción oral:</u> ser capaz de ... conversar sobre a propia relación co diñeiro.</p> <p><u>Mediación:</u> ser capaz de ... refacer para que sexa máis simple e comprensible o que se dixo, coa axuda doutras persoas ou de elementos paralingüísticos.</p> <p>éscribirlle ás persoas destinatarias notas moi breves coa información máis importante.</p>
<p>Criterios de avaliación</p>	<p><u>Comprensión escrita</u> Identificar información relevante en textos narrativos, argumentativos e descritivos, breves e sinxelos, cunha secuencia lineal de elementos. Comprender instrucións, indicacións e información básica en lugares dos ámbitos públicos e de estudo, de estrutura moi sinxela e que poida conter apoio visual.</p> <p><u>Expresión e interacción escrita</u> Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e organizar estes seguindo textos modelo. Dar información elemental sobre a actividade profesional, a formación, os hábitos e intereses.</p> <p><u>Comprensión oral</u> Comprender os puntos principais en mensaxes e anuncios públicos, transmitidos por medios técnicos ou en viva voz. Comprender o sentido xeral e identificar a información esencial de textos audiovisuais informativos emitidos con pronuncia clara e pousada e cando os comentarios contén co apoio de imaxes de carácter redundante.</p> <p><u>Expresión e interacción oral</u> Intercambiar opinións sobre un tema coñecido mediante a expresión do coñecemento, a opinión e a crenza, usando fórmulas básicas e expresións frecuentes memorizadas, e facendo uso de estruturas sintácticas e grupos de palabras básicos.</p>
<p>Temporalización e recursos</p>	<p>4 sesións de 120 minutos – 2º cuadrimestre</p> <p>Lección 13 Schritte International Neu 4 / Material de audio e vídeo / Internet / Prensa</p>

3. NIVEL INTERMEDIO B1 E B2

O currículo do Nivel Intermedio das Ensinanzas de Idiomas de Réxime Especial ten a finalidade de dar resposta ás necesidades dunha comunicación eficaz na sociedade actual, plurilingüe e pluricultural.

O proceso de ensino e aprendizaxe de idiomas parte dun modelo de lingua entendida como vehículo de comunicación, tal e como se define no *Marco Europeo Común de Referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación* (MECRL) e na Lei Orgánica de Educación (LOE), do 3 de maio de 2006 (BOE do 4 de maio de 2006), modificada pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. O Nivel Intermedio das ensinanzas de idiomas ten como referencia o nivel de competencia B1 e B2 do MECRL: os obxectivos xerais e específicos para cada unha das destrezas, a selección de contidos e os criterios xerais de avaliación son coherentes co establecido para este nivel e co enfoque orientado á acción polo que se pronuncia o MECRL.

En definitiva, a actividade do aprendiz é o factor máis importante para que a aprendizaxe se produza, polo que, en último termo, o éxito ou o fracaso das aprendizaxes recaen sobre a persoa que aprende. Non obstante, a aprendizaxe dáse con maior facilidade cando o proceso de ensino do profesorado crea as condicións adecuadas para que esta se produza. Por iso, o ensinante debe propor tarefas e experiencias de aprendizaxe significativas que estimulen o interese na utilización da lingua dentro e fóra da aula e a sensibilidade cara ás culturas asociadas ao idioma. O deseño axeitado das tarefas será esencial, pois tamén deben contribuir a fomentar a confianza en si mesmos, a motivación para aprender e a capacidade para planificaren, autoavaliaren e aprenderen de xeito autónomo e independente. Estas tarefas serán deseñadas a partir dos criterios de avaliación, que indican o grao de dominio lingüístico que os estudantes deben acadar, e serán esencialmente comunicativas, para lles ofrecer a oportunidade de utilizar o idioma tal e como o farían en situacións reais de comunicación; de aí a importancia de que os materiais empregados nas devanditas tarefas sexan preferentemente auténticos, de xeito que o alumnado perciba a lingua no seu contexto real, como instrumento de comunicación. Para levar a cabo eficazmente as tarefas correspondentes, as alumnas e alumnos deben ser orientados no uso de estratexias de planificación, execución, control e reparación, así como nunha serie de procedementos discursivos xerais e específicos para cada destreza, e deberánselles proporcionar coñecementos que lles permitan comprender e producir textos axeitados ás necesidades das situacións de comunicación en que participen ou poidan participar.

En canto á avaliación, esta debe ser entendida como un instrumento para verificar e valorar o grao de competencia comunicativa do alumnado, como unha ferramenta que ofrece información e permite reflexionar sobre todo o proceso de ensino-aprendizaxe. Así, este proceso é susceptible de ser permanentemente revisado, concretado e reinterpretado.

O nivel, tal e como establece o Decreto 81/2018 desenvolverase en 3 cursos, dous de B1 (B1.1 e B1.2) e un de B2 (B2.1).

3.1. DEFINICIÓN DO NIVEL

INTERMEDIO B1

O alumnado que supere o nivel intermedio B1 poderá comunicarse en situacións cotiás (traballo, estudos, ocio...) e en contextos de lingua previsible, nun rexistro neutro –aínda que vacile, faga pausas e cometa algún erro– cunha razoable corrección, certa seguridade e eficacia; comprenderá sen dificultade os puntos principais de textos orais e escritos claros en lingua estándar en situacións coñecidas; será quen de producir textos sinxelos nos que xustifique brevemente opinións, pida aclaracións, explique brevemente un problema...

O alumnado que acade este nivel disporá dun coñecemento básico da lingua, gozará dun repertorio amplo de estruturas morfosintácticas sinxelas e dominará o léxico común dos contextos comunicativos habituais e frecuentes.

INTERMEDIO B2

O alumnado que supere o nivel intermedio B2 poderá comunicarse sen esforzo con certo grao de fluidez e naturalidade en situacións habituais e específicas –sen erros importantes e cunha pronuncia clara–; posuirá conciencia lingüística suficiente para corrixirse e resolver ambigüidades; terá en conta a situación comunicativa para adaptarse ao rexistro; comprenderá textos orais e escritos de certa complexidade e distinguirá sen dificultade as ideas principais en textos de carácter concreto e abstracto. Será quen de producir textos claros e detallados sobre temas xerais diversos, poderá defender puntos de vista sobre cuestións xerais, indicando os puntos a favor e en contra e buscando argumentos para as distintas opcións.

O alumnado que acade este nivel disporá dun coñecemento da lingua suficiente para matizar e argumentar, gozará dun amplo repertorio de estruturas morfosintácticas variadas e algunhas complexas e disporá dunha riqueza léxica suficiente para expresarse, incluídas algunhas expresións idiomáticas de uso común.

3.2 OBXECTIVOS XERAIS

INTERMEDIO B1

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel intermedio B1, o alumnado será capaz de:

- Comprender o sentido xeral, as ideas principais e os detalles relevantes dun discurso breve ou de extensión media sobre temas coñecidos, cunha estrutura clara, articulado con nitidez en lingua estándar e a velocidade lenta, transmitido por calquera canle, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poida volver escoitar.
- Producir e coproducir descrições sinxelas e realizar breves discursos presentados como unha secuencia de elementos nos que se responda a preguntas ou se confirmen informacións sinxelas sobre temas da vida cotiá, do ámbito académico e da súa especialidade profesional, cun grao razoable de corrección e fluidez que permitan manter a interacción, aínda que sexa evidente o acento estranxeiro e as pausas para planificar o discurso.
- Comprender o esencial, os puntos principais e os detalles relevantes, en textos breves ou de extensión media que traten asuntos cotiáns, habituais ou do seu interese, escritos en lingua estándar, cunha estrutura clara e ben organizados desde o punto de vista da forma e do contido. Extraer información concreta, incluso de carácter técnico, se esta é sinxela, e identificar a idea principal e algúns detalles específicos.
- Producir e coproducir textos breves e sinxelos sobre temas cotiáns ou da súa especialidade, suficientemente estruturados e adecuados ao contexto (persoa destinataria, situación, propósito comunicativo) en secuencias lineais, onde conte experiencias sinxelas relacionadas con acontecementos reais ou imaxinados, onde se xustifiquen opinións ou se expliquen plans.
- Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, transmitindo o sentido xeral da información e as opinións, sobre asuntos cotiáns do seu interese, en lingua estándar.

INTERMEDIO B2

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel intermedio B2, o alumnado será capaz de:

- Comprender o sentido xeral e as ideas principais dun discurso extenso ben organizado e relativamente complexo, sobre temas coñecidos ou técnicos da súa especialidade, de carácter concreto ou abstracto, en lingua estándar e transmitido a velocidade normal mediante calquera canle.
- Producir e coproducir descrições de temas concretos e abstractos en diferentes rexistros da lingua estándar, e participar en conversas e debates que traten temas cotiáns e nos que se requira certa fluidez e espontaneidade, confirmando a súa comprensión, defendendo os seus puntos de vista e facilitando a participación, cunha pronuncia e unha entoación claras, aínda que sexa evidente o acento estranxeiro, cometa erros e se poida corrixir.
- Comprender o sentido xeral, as ideas principais e os detalles máis relevantes de textos extensos e de certa complexidade, tanto abstractos como concretos, sobre temas xerais diversos do ámbito persoal e profesional, redactados en lingua estándar e que conteñan expresións idiomáticas de uso común, un amplo vocabulario e unha ampla gama de estruturas sintácticas, identificando con rapidez o contido e a importancia da información, aínda que teña dificultades en fragmentos complexos ou nas partes máis difíciles, que poderá reler.
- Producir e coproducir textos de certa extensión, ben organizados e con certo detalle, aínda que de complexidade limitada, sobre unha ampla serie de temas concretos e abstractos da vida cotiá ou relacionados coa súa especialidade, mesmo sintetizando información e argumentos procedentes de varias fontes. Utilizar unha ampla gama de recursos lingüísticos

adecuándoos á situación comunicativa (registro, estilo), de maneira que os textos mostren unidade e coherencia interna, aínda que sexan esquemáticos e simples.

- Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, en situacións tanto habituais como máis específicas ou de certa complexidade nos ámbitos persoal, público, académico e profesional.

3.3 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS, ACTIVIDADES, COMPETENCIAS E CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS EXIXIBLES, SECUENCIADO POR CUADRIMESTRE

Nivel intermedio: B1.1

No desenvolvemento detallado da secuenciación de contidos que se describe a continuación, o profesorado inclúe de forma planificada e intencionada un abano de actividades e ferramentas de avaliación formativa na súa programación diaria de aula. Estas actividades e ferramentas permiten observar, reflexionar e valorar o nivel de comprensión e cumprimento dos obxectivos de aprendizaxe por parte do alumnado. A través delas, adaptadas ás necesidades e ao contexto da aula, axudamos aos estudantes a avanzar na súa aprendizaxe e a facer os axustes necesarios para acadar os obxectivos de aprendizaxe esixidos. Ditas actividades e ferramentas responderán ás seguintes estratexias:

- Coñecer os obxectivos de aprendizaxe da unidade e reflexionar sobre o progreso actual que están a lograr.
- Obter evidencias de aprendizaxe para comprobar o nivel de comprensión dos contidos da unidade por parte do alumnado.
- Traballar con textos modelo orais e escritos para que os estudantes comprendan os criterios de calidade necesarios esixidos na súa produción.
- Autoavaliar e avaliar entre pares (coavaliación) os produtos de aprendizaxe da unidade mediante instrumentos de avaliación que proporcionan retroalimentación sobre o nivel de consecución dos criterios de calidade e os pasos a seguir para achegarse a eles.
- Fomentar un ambiente de retroalimentación no que tanto estudantes como profesorado reciben orientación para realizar axustes na súa aprendizaxe e na docencia

PRIMEIRO CUADRIMESTRE

Unidade 1: Glück im Alltag (Sorte)

Objetivos:

CO: Comprender as ideas principais dun debate articulado con claridade e ben organizado en lingua estándar, aínda que poida presentar algunha estrutura idiomática moi común.

Comprender as ideas xerais dun programa de radio de temas coñecidos (boletín informativo, reportaxe...) articulados con certa lentitude e claridade.

EO: Intervir en asuntos relacionados coa vida cotiá, expresando opinións e sentimentos.

Facer breves exposicións previamente preparadas nas que, ademais, pode responder a preguntas para aclarar puntos non suficientemente claros.

CE: Comprender descrições claras e directas de persoas, acontecementos, obxectos, lugares.

Comprender noticias e artigos periodísticos breves escritos con claridade, sinxelos e ben estruturados sobre temas cotiáns ou do seu interese.

EE: Escribir notas persoais sinxelas nas que se relaten experiencias e se expresen opinións ou desexos.

Redactar textos nos que se narran historias curtas e sinxelas que describen un feito real, por exemplo unha viaxe.

Mediación: Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo o sentido xeral da información e as opinións contidas nos textos fonte.

Competencias /
contidos

Estratéxicos:

- Planificar a propia aprendizaxe establecendo os seu propios obxectivos a curto e a longo prazo.
- Identificar o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión.
- Reformular hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento e experiencias.

Funcionais:

- Reaccionar con expresións que amosen o sentimento adecuado á situación.
- Relatar accións e circunstancias pasadas.
- Dar e pedir información sobre sucesos pasados.
- Informar de actividades no pasado consideradas no seu punto de partida.
- Reaccionar e cooperar na interacción.

Discursivos:

- Enquisas
- Audiovisuais: películas, programas de lecer, telexornais, documentais, material gravado
- Anuncios publicitarios e anuncios por palabras
- Textos xornalísticos: noticias, entrevistas...

Sintácticos:

- Correlación temporal nas oracións
- Uso de conectores propios do nivel
- Oración composta. Subordinación: temporais
- Usos do pasado simple e do pluscuamperfecto de indicativo en verbos regulares e irregulares máis frecuentes.

	<p>Léxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Identificación persoal: biografía, valores persoais, afeccións...
Descrición da actividade	<p>EO: En parellas dicir que lles fai sentirse felices ou cando se senten felices. Posta en común de sentimentos de felicidade. / falar en parellas da propia infancia de modo cronolóxico. / En parellas ou pequenos grupos falar sobre amuletos.</p> <p>CO: escoitar falar sobre un momento de sorte. / escoitar unha entrevista radiofónica. / identificar as entrevistas co audio correcto. / entender unha entrevista na radio e responder a preguntas de contido.</p> <p>CE: Ler un texto breve e identificar a información falsa. / Ler breves noticias en pasado, identificar os tempos verbais en pasado e clasificalos. / Ler e comprender un texto sobre momentos felices na vida.</p> <p>EE: redactar unha breve noticia en pasado.</p> <p>EO e CE: en parellas intercambiar a información dun breve texto.</p>
Mínimos esixibles	<p>Comprensión escrita: ser capaz de:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Recoñecer información xeral e detalles relevantes de artigos xornalísticos sinxelo en lingua estándar, como noticias, entrevistas, reportaxes, etc. • Comprender, nas noticias dun xornal, un suceso, as persoas implicadas, a súa localización temporal e espacial e os motivos e as consecuencias. <p>Expresión escrita: ser capaz de:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Resumir breves fragmentos de información de diversas fontes. • Escribir textos narrativos e descritivos sinxelos en pasado. <p>Comprensión oral: ser capaz de:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Entender informacións esenciais dun programa de radio ou de outros medios audiovisuais. • Entender a información esencial de relatos sinxelos sobre experiencias pasadas. <p>Expresión e interacción oral: ser capaz de:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Relatar experiencias propias e acontecementos do pasado de forma sinxela. • Intercambiar informacións sobre feitos e experiencias pasadas • Narrar unha historia inventada. <p>Mediación: ser capaz de:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Favorecer a comprensión entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo informacións, opinións e argumentos sinxelos. • Facilitar a interacción entre persoas coñecidas no ámbito persoal e público, acomodarse ao rexistro e ás funcións requiridas, aínda que non sempre o faga de xeito fluído.
Crterios de avaliación	<p>Comprensión escrita</p> <ul style="list-style-type: none"> • Localizar e comprender feitos e informacións en textos sinxelos. • Recoñecer información xeral e detalles relevantes de artigos xornalísticos sinxelos como noticias, entrevistas, reportaxes, etc., que traten temas coñecidos e ligados á cultura dos países de fala alemá. <p>Expresión e interacción escrita</p> <ul style="list-style-type: none"> • Resumir información de diversas fontes.

	<ul style="list-style-type: none"> • Escribir textos narrativos e descritivos sobre temas pasados. <p>Comprensión oral</p> <ul style="list-style-type: none"> • Comprender narracións sinxelas e curtas. • Identificar as informacións principais de programas de radio e televisión sobre temas sinxelos de interese persoal e que traten temas cotiáns. • Captar as ideas principais e algún detalle específico de medios audiovisuais ou de outro material gravado sinxelo que traten temas coñecidos. <p>Expresión e interacción oral</p> <ul style="list-style-type: none"> • Intercambiar información detallada de forma sinxela sobre experiencias persoais ou asuntos que lle son familiares e tiveron lugar no pasado. • Facer exposicións breves e ensaiadas narrando acontecementos pasados e responder a preguntas sinxelas que soliciten aclaración ou ampliación.
<p>Recursos e Temporalización</p>	<p>Libro de texto: Schritte international Neu B1.1 (5)</p> <p>Material de audio e video de Schritte, DW e outros métodos</p> <p>Fichas de reforzón de Schritte, Goethe, Hueber...</p> <p>1º cuadrimestre / 9 sesións de 120 minutos</p>

Unidade 2: Unterhaltung (Entretenimento)

Obxectivos:

CO: Comprender as ideas xerais dun programa de radio de temas coñecidos (boletín informativo, reportaxe...) articulados con certa lentitude e claridade.

Comprender a liña xeral de series ou películas nas que se fale articulando con claridade, en lingua estándar e nas que a imaxe e a acción conducen o argumento.

EO: Intervir en asuntos relacionados coa vida cotiá, expresando opinións e sentimentos.

Facer breves exposicións previamente preparadas nas que, ademais, pode responder a preguntas para aclarar puntos non suficientemente claros.

CE: Comprender información e instrucións relevantes contidas en folletos de divulgación, anuncios publicitarios.

Comprender noticias e artigos periodísticos breves escritos con claridade, sinxelos e ben estruturados sobre temas cotiáns ou do seu interese.

EE: Escribir notas persoais sinxelas nas que se relaten experiencias e se expresen opinións ou desexos.

Redactar resumos moi breves en formato convencional nos que ofrece a súa opinión, con certa seguridade, sobre feitos concretos.

Mediación: Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo o sentido xeral da información e as opinións.

<p>Competencias / contidos</p>	<p>Estratéxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Resumir para comprender e producir textos orais ou escritos. • Reformular hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento e experiencias. <p>Funcionais:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Reaccionar con expresións que amosen o sentimento adecuado á situación. • Proponer, aceptar, rexeitar invitacións e propostas. • Expresar a necesidade ou o desexo de facer algo ou de que suceda algo. • Expresar gustos, afeccións, teimas etc. • Expresar sensacións e percepcións. • Reaccionar e cooperar na interacción <p>Discursivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Anuncios publicitarios • Enquisas • Presentacións • Cancións • Anuncios publicitarios • Informes, resumos e esquemas <p>Sintácticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Uso de conectores propios do nivel • Posición e concordancia dos elementos da oración. • Oración composta. Subordinación: de relativo. • Adverbios de grado. <p>Léxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Tempo libre e actualidade: actividades de lecer e culturais, acontecementos do momento... • Información e medios de comunicación: prensa escrita, televisión e radio, Internet....
<p>Descrición da actividade</p>	<p>EO e CO: en parellas ou grupos de 3, formular hipóteses sobre unha secuencia fotográfica. Posteriormente escoitar o audio e comparar.</p> <p>CE e EO: ler un texto curto sobre o tema: series e falar sobre preferencias de series.</p> <p>CO: entender audios sobre series favoritas de distintas persoas.</p> <p>EE e EO: elaborar en parellas un cartel informativo sobre a súa serie favorita, detallando a información.</p> <p>CE: entender textos informativos sobre grupos de música favoritos.</p> <p>EO: aprender e usar fórmulas e estruturas para facer propostas para saír e reaccionar afirmativamente ou negativamente a elas. Quedar para unha actividade conxunta.</p> <p>EO: facer unha entrevista no aula sobre o consumo de medios informativos e o seu uso.</p>
<p>Mínimos esixibles</p>	<p>Comprensión de escrita: ser capaz de:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Encontrar informacións concretas en textos do seu interese (sobre programas televisivos, películas, narracións, etc.) da vida doméstica, do lecer, etc. • Comprender un relato de acontecementos na súa dimensión temporal e espacial recoñecendo os marcadores lingüísticos correspondentes • Identificar palabras e ideas clave proporcionadas polo texto e polas imaxes, interferindo os coñecementos que se poidan ter do tema, doutras linguas e das

	<p>características do medio en que aparece a información (revistas, xornais, etc.).</p> <p>Expresión escrita: ser capaz de:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Reducir un texto a termos breves e precisos, creando un pequeno texto sinxelo, de carácter narrativo. • Redactar textos descritivos breves (persoas, intereses, películas, televisión) amosando os intereses e as preferencias propias. <p>Comprensión oral: ser capaz de:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Comprender o contido da información de medios audiovisuais. • Identificar o sentido xeral e os detalles específicos de medios audiovisuais que traten temas coñecidos ou de carácter previsible. <p>Expresión e interacción oral: ser capaz de:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Intercambiar puntos de vista con precisión e relativa fluidez, ofrecendo breves razoamentos, explicacións e facendo outras propostas. • Iniciar, manter ou terminar espontaneamente conversas e discusións sobre temas de interese persoal. • Expresar ideas e opinións sobre temas da vida cotiá. • InteraCtuar de maneira cooperativa buscando e chegando a acordos. • Describir persoas e pedir información sobre elas ou de temas mais concretos. <p>Mediación: ser capaz de:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Favorecer a comprensión entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo informacións, opinións e argumentos sinxelos. • Facilitar a interacción entre persoas coñecidas no ámbito persoal e público, acomodarse ao rexistro e ás funcións requiridas, aínda que non sempre o faga de xeito fluído.
<p>Crterios de avaliación</p>	<p>Comprensión escrita</p> <ul style="list-style-type: none"> • Localizar e comprender información específica en textos usuais de uso cotián tanto do ámbito persoal como público. • Recoñecer a liña argumental xeral de textos literarios breves e sinxelos. • Identificar información relevante de textos informativos, narrativos e argumentativos, en soporte papel ou dixital. <p>Expresión e interacción escrita</p> <ul style="list-style-type: none"> • Resumir informacións de diversas fontes así como resumir pasaxes utilizando a ordenación do texto orixinal. • Escribir textos descritivos sobre temas concretos ou abstractos do seu campo de interese. • Comunicar con eficacia as ideas principais que se queren transmitir limitando a mensaxe aos coñecementos que se posúen ou os medios dispoñibles. <p>Comprensión oral</p> <ul style="list-style-type: none"> • Identificar o sentido xeral e os detalles específicos de conversas e discusións informais sobre temas cotiáns o relacionados cos medios audiovisuais. • Comprender películas e representacións teatrais, sempre que os elementos visuais e a acción conduzan gran parte do argumento. <p>Expresión e interacción oral</p> <ul style="list-style-type: none"> • Intercambiar puntos de vista e manifestar opinións con precisión e relativa fluidez, ofrecendo breves razoamentos e explicacións.

	<ul style="list-style-type: none"> • Intercambiar información detallada de forma sinxela sobre persoas, acontecementos e sobre unha variedade de asuntos que son familiares (películas, libros, etc.) • Iniciar, manter e terminar conversas e discusións sobre temas de interese persoal ou relacionado coa súa especialidade.
Recursos e Temporalización	<p>Libro de texto: Schritte international Neu B1.1 (5)</p> <p>Material de audio e video de Schritte, DW e outros métodos</p> <p>Fichas de reforzón de Schritte, Goethe, Hueber.</p> <p>1º cuatrimestre / 9 sesións de 120 minutos</p>

Unidade 3: Gesund bleiben (Saúde)

Obxectivos:

CO: Comprender as ideas principais dun debate articulado con claridade e ben organizado en lingua estándar, aínda que poida presentar algunha estrutura idiomática moi común.

Comprender informacións referidas a identificacións e caracterizacións persoais expresadas en linguaxe habitual.

EO: Dar información sobre a identificación e a caracterización persoal.

Dar información xeral sobre un asunto de saúde.

CE: Comprender mensaxes electrónicas, escritas con claridade, de carácter persoal ou formal do seu interese.

Comprender instrucións sinxelas, que poidan ter axuda de soporte visual, contidas en prospectos de medicamentos.

EE: Escribir notas persoais sinxelas nas que se relacionen experiencias e se expresen opinións ou desexos. Redactar resumos moi breves en formato convencional nos que ofrece a súa opinión.

Mediación: Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo o sentido xeral da información e as opinións.

Resumir por escrito os puntos principais expresados en conversacións, entre dúas ou máis persoas interlocutoras, claramente estruturadas, articuladas a velocidade normal e nunha variedade estándar da lingua, sobre temas de interese persoal.

Competencias / contidos	<p>Estratéxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Relacionar a información nova con coñecementos previos. • Solicitar repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu. • Preguntar e responder sobre o estado físico e anímico. • Expresar sensacións e percepcións: medo, dificultade etc. • Explicar un síntoma dunha enfermidade.
-------------------------	--

	<p>Funcionais:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Reaccionar e cooperar na interacción. • Introducir un tema en situacións formais e informais. <p>Discursivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Instrucións e indicacións • Conversas formais e informais • Correspondencia persoal e formal • Informes, resumos <p>Sintácticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • uso da voz pasiva cos verbos modais. • A declinación do xenitivo co artigo definido e indefinido • Repaso dos adverbios de frecuencia: „nie,selten, manchmal ...“ • Repaso das estruturas de oracións subordinadas de „dass“. <p>Léxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Saúde e cuidados físicos: movementos, sensacións e percepcións físicas, servizos de saúde, adicións e drogas, medicina tradicional e alternativa, estética...
<p>Descrición da actividade</p>	<p>EO e CO: Introducción do tema saúde, en grupos posta en común sobre consellos útiles para relaxarse. Relacionar en parellas a secuencia fotográfica e posteriormente comprobar o resultado co audio.</p> <p>CE e EO: ler en parellas un texto e escoller dous consellos.Falar sobre os consellos escolleitos usando estruturas en pasiva con verbos modales. Posteriormente e co apoio de fotos, enumerar as tarefas que adoita facer o médico.</p> <p>CE: relacionar textos curtos sobre consellos saudables con fotos. EO: en parellas preguntarse que fai cada un para manterse en forma, posteriormente posta en común.</p> <p>CO e EO: entender unha conversación, en consulta médica, entre un médico e o seu paciente. En grupos da 3 ou 4, elaborar unha lista de estruturas útiles a usar para cando búscase un consello e estruturas típicas para dar un consello.</p> <p>CE e EO: Usar a lectura dun texto curto sobre o tema saúde para, en grupos, elaborar unha pequena enquisa en clase e preguntar en clase con que frecuencia fan certas actividades saudables.</p> <p>CO e EO: escoitar un programa sobre supostas afirmacións médicas e discutir en parellas. Situarse sobre o escoitado e dar a súa opinión usando estruturas subordinadas de „dass“</p>
<p>Mínimos esixibles</p>	<p>Comprensión escrita: ser capaz de:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Encontrar informacións concretas en textos do seu interese. • Comprender un relato de acontecementos e identificar a expresión de sentimentos (problemas de saúde e síntomas). • Identificar palabras e ideas clave proporcionadas por un texto e por imaxes. <p>Expresión escrita: ser capaz de:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Redactar textos breves e sinxelos sobre asuntos do seu interese para informar a persoas interlocutoras.

	<ul style="list-style-type: none"> • Redactar instrucións sinxelas e breves en formato convencional para explicar como levar unha vida máis saudable. <p>Comprensión oral: ser capaz de:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Entender conversas ou exposicións públicas sobre temas de saúde ou outros temas cotiáns nas que se expresan opinións, recomendacións ou se contan experiencias persoais • Localizar a información esencial en interaccións mantidas sobre un ámbito próximo. • Entender o esencial de conversas entre varias persoas interlocutoras, narracións breves e descricións reproducidas por medios audiovisuais. <p>Expresión e interacción oral: ser capaz de:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Adoptar estratexias que faciliten a comprensión e permitan superar dificultades, deducindo do contexto o significado probable de termos descoñecidos. • Describirse a si mesmo mais as súas doenzas. • Pedir e dar consellos relacionados coa saúde. • Describir de forma sinxela e sen especificar unha estatística sobre temas cotiáns. <p>Mediación: ser capaz de:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Favorecer a comprensión entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo informacións, opinións e argumentos sinxelos. • Tomar notas coa información que considere importante, e trasladarlla ou solicitarlla ás persoas destinatarias. • Reelaborar por escrito a información básica que necesite e transmitir a mensaxe con suficiente claridade e eficacia.
<p>Criterios de avaliación</p>	<p>Comprensión escrita</p> <ul style="list-style-type: none"> • Atopar e comprender información relevante en textos sinxelos de uso cotián e referidos a necesidades inmediatas tanto do ámbito persoal como público. • Comprender textos sinxelos con descricións de doenzas e procesos máis comúns que traten sobre ese campo de interese • Comprender instrucións e consellos sinxelos relativos a costumes e formas de actuación. • Recoñecer información xeral e detalles relevantes de artigos xornalísticos sinxelos (reportaxes, artigos temáticos, estadísticas) <p>Expresión e interacción escrita</p> <ul style="list-style-type: none"> • Escribir notas solicitando ou dando información ou consello salientando os aspectos que resulten importantes. • Escribir textos descritivos sinxelos, coherentes e ben estruturados, sobre feitos e acontecementos concretos relativos a asuntos cotiáns ou sobre temas da saúde e da prevención de enfermidades. • Comunicar con eficacia as ideas principais que se queren transmitir limitando a mensaxe aos coñecementos que se posúen ou os medios dos que se dispón. <p>Comprensión oral</p> <ul style="list-style-type: none"> • Entender a información esencial de conversas en lingua estándar, nas que se traten temas cotiáns relacionados coa saúde. • Captar as ideas principais e algún detalle específico de textos audiovisuais sinxelos que traten temas coñecidos e identificar opinións e actitudes. • Seguir unhas instrucións básicas e sinxelas para facer movementos ou exercicios.

	<p>Expresión e interacción oral</p> <ul style="list-style-type: none"> • Iniciar, manter e terminar conversas e discusións sobre temas cotiáns de interese persoal para a vida diaria. • Manifestar puntos de vista ou opinións persoais expresando con amabilidade crenzas, opinións, acordos e desacordos sobre temas do seu interese persoal. • Interactuar de maneira cooperativa, cunha relativa fluidez, con corrección suficiente e pronuncia claramente intelixible. • Expresar con razoable fluidez ideas e opinións sobre ideas que exceden a vida cotiá.
<p>Recursos e Temporalización</p>	<p>Libro de texto: Schritte international Neu B1.1 (5)</p> <p>Material de audio e video de Schritte, DW e outros métodos</p> <p>Fichas de reforzón de Schritte, Goethe, Hueber.</p> <p>1º cuadrimestre / 9 sesións de 120 minutos</p>

Segundo cuadrimestre B1.1

Unidade 4 : Sprachen (Linguas)

Obxectivos:

CO: Comprender as ideas principais dun debate articulado con claridade e ben organizado en lingua estándar, aínda que poida presentar algunha estrutura idiomática moi común.

Comprender conversas e informacións referidas as linguas e os seus usos expresadas en linguaxe habitual.

Comprender as ideas xerais dun programa de radio sobre as linguas (reportaxe, enquisa,...) articulados con certa lentitude e claridade.

EO: Intervir en asuntos relacionados coas linguas, expresando opinións, preferencias e intencións.

Dar e pedir información persoal sobre o uso e a aprendizaxe das linguas.

Participar en xestións habituais para pedir citas, inscribirse en algo ou xestións básicas en diferentes institucións.

Solicitar información simple relacionada con cuestións administrativas ou académicas.

CE: Comprender mensaxes electrónicas, escritas con claridade, de carácter persoal ou formal do seu interese.

Comprender instrucións sinxelas, que poidan ter axuda de soporte visual, contidas en prospectos de medicamentos, catálogos, libros de instrucións etc.

Comprender noticias e artigos periodísticos breves escritos con claridade, sinxelos e ben estruturados sobre as linguas.

EE: Escribir notas persoais sinxelas nas que se relaten experiencias e se expresen opinións ou desexos.

Tomar notas a partir dunha enquisa, aínda que conteñan algunhas incoherencias.

Redactar resumos moi breves en formato convencional nos que ofrece a súa opinión, con certa seguridade, sobre feitos concretos.

Mediación: Interpretar o que é real e o que é desexo, durante intercambios entre amigos/as, coñecidos/as, familiares ou colegas, no ámbito persoal e en situación imaxinarias (p. ex. en reunións sociais, encontros casuais, ...), sempre que poida pedir confirmación dalgúns detalles.

Tomar notas escritas sinxelas para terceiras persoas recollendo os puntos e os aspectos máis relevantes, durante unha presentación clara e directa nunha variedade estándar da lingua, sobre temas coñecidos ou habituais.

Resumir por escrito os puntos principais expresados en conversacións ou enquisas, claramente estruturadas, articuladas a velocidade normal e nunha variedade estándar da lingua, sobre temas de interese persoal ou do propio campo de especialización nos ámbitos académico e profesional.
Analizar e avaliar diferenzas de criterios en relación co traballo e as linguas.

Competencias /
Contidos

Socioculturais e sociolingüísticos:

- inmigración en países de fala alemana: bilingüismo e problemas co idioma
- nomes de rúas
- comunicación non verbal mediante xestos
- **"inflectivo" e as interxeccións en cómics, e-mails, SMS**

Estratéxicos:

- Repetir, recoñecer e usar modelos de lingua etc.
- Relacionar a información nova con coñecementos previos.
- Deducir e establecer relacións entre as linguas coñecidas.
- Resumir para comprender e producir textos orais ou escritos.
- Identificar o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión.
- Reformular hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento previo e experiencias.
- Asegurar a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.
- Solicitar repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu.

Funcionais:

- manifestar comprensión e incompreensión
- solicitar axuda ao interlocutor para facilitar a comprensión: falar amodo, deletrear, repetir, asegurarse da comprensión da intención, preguntar polo significado dunha palabra ou expresión, etc.
- expresar razóns e escusas, argumentar e opinar
- falar sobre situacións e circunstancias irreais
- relacionar datos: causa, consecuencia, condicións.
- -expresar a importancia dun feito

Discursivos:

- Conversas formais e informais
- Debates e discusións formais
- Enquisas
- Textos xornalísticos: reportaxes, etc.

Sintácticos:

- tempo verbal do Konjunktiv II (repaso e ampliación co tempo de pasado subxuntivo)
- oracións condicionais irreais
- preposición causal wegen + xenitivo
- adverbios darum, daher, deswegen, deshalb

Léxicos:

- lingua e comunicación (repaso)
- as linguas
- plurilingüismo

Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos:

	<ul style="list-style-type: none"> • O fenómeno do Umlaut: discriminación entre <u>, <o>, <a> e <ü>, <ö>, <ä>
Descrición da actividade	<p>CO: entender a temática dunha conversa nunha situación cotiá, nun encontro na rúa EO: dar a opinión e valoración sobre o comportamento de outros CE: entender o tema xeral e detalles dun texto periodístico EE: cancelar unha cita de modo educado EO: en parellas falar das posibles formas de reaccionar en situacións ficticias CO: asociar comentarios e opinións a persoas CO e CE: entender os problemas e as formas mais educadas de reaccionar EO: xogo de rol en parellas para diferentes situacións CE: asociar imaxes con consellos EO e CE: facer suposicións sobre un tema e comparar con un texto CO, EO e EE: facer en parellas unha enquisa e presentar os resultados</p>
Mínimos esixibles	<p>Comprensión oral: ser capaz de:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Entender conversas sobre temas habituais, p. ex. as linguas, nas que se expresen opinións ou experiencias persoais. • Entender a información básica dunha conversación que trate temas cos que estea familiarizado. • Entender as ideas principais e os detalles informativos reproducidos por medios audiovisuais que traten temas coñecidos. • Adoptar estratexias que faciliten a comprensión e permitan superar eventuais dificultades, deducindo do contexto o significado probable de termos ou enunciados descoñecidos. <p>Expresión e interacción oral: Desenvolver interaccións sinxelas sen preparación previa, intercambiando información e opinións persoais, comprendendo o que se di.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Expresar e responder a sentimentos. • Utilizar expresións e estruturas idiomáticas moi habituais e un repertorio léxico adecuado ao tema. • Solicitar e comunicar información concreta e sinxela, de pedir aclaración sobre esta e reaccionar aos comentarios pedindo aclaracións ou razóns e dando a súa opinión. <p>Comprensión de lectura: ser capaz de:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Buscar información concreta en textos de uso cotián, textos do seu interese ou que necesite cun fin particular. • Comprender textos literarios, orixinais ou adaptados, que teñan pouca dificultade léxica e non abusen de usos idiomáticos. • Usar estratexias, lingüísticas ou non lingüísticas, para entender a información principal ou deducir o significado dun texto. <p>Expresión escrita: ser capaz de:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Redactar cartas informais e correos electrónicos vinculados ao ámbito persoal, sinxelas, respetando o formato deste tipo de documento e cun rexistro apropiado. • Elaborar textos coherentes e sinxelos que traten temas do seu interese (describir unha situación ideal, unha estancia ideal) • Usar estratexias para favorecer unha escritura eficaz, sinxela e fluída, planificar o contido do texto, seleccionar as ideas, presentalas e organizalas en parágrafos e revisar a puntuación e ortografía.

	<p>Mediación: ser capaz de:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Favorecer a comprensión entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo informacións, opinións e argumentos sinxelos. • Tomar notas coa información que considere importante, e trasladarlla ou solicitarlla ás persoas destinatarias. • Reelaborar por escrito a información básica que necesite e transmitir a mensaxe con suficiente claridade e eficacia.
<p>Criterios de avaliación</p>	<p>Comprensión oral</p> <ul style="list-style-type: none"> • Comprender a información esencial de conversas ou discusións que traten temas cotiáns e situacións imaxinarias. • Comprender o contido da información xeral e en algúns casos específica de medios audiovisuais sinxelos que traten temas coñecidos ou previsibles e se articulen con relativa lentitude e claridade. • Utilizar estratexias que faciliten a comprensión, extrapolando do contexto lingüístico e non lingüístico o significado de termos descoñecidos e deducindo o significado da oración. <p>Expresión e interacción oral</p> <ul style="list-style-type: none"> • Manifestar puntos de vista e opinións persoais sobre temas do seu interese persoal e profesional, así como explicar proxectos sinxelos e solicitar as opinións e os puntos de vista doutros, interaccionando con relativa fluidez e espontaneidade. • Interactuar de maneira cooperativa, cunha relativa fluidez, con corrección suficiente e pronuncia intelixible para poder ser comprendido. <p>Comprensión de lectura</p> <ul style="list-style-type: none"> • Localizar e comprender información específica nos medios escritos (artigos, reportaxes, entrevistas). • Comprender a información relevante dos textos, mediante claves lingüísticas e non lingüísticas. • Recoñecer a liña argumental xeral de textos literarios contemporáneos breves e sinxelos, escritos en lingua estándar. <p>Expresión e interacción escrita</p> <ul style="list-style-type: none"> • Escribir correspondencia persoal sinxela na que se solicite información, se expresan desexos, plans, se expliquen problemas con razoable precisión, utilizando un repertorio léxico e un rexistro axeitados á situación de comunicación. • Comunicar con eficacia as ideas principais que se queren transmitir. • Escribir textos narrativos ou descritivos, sinxelos, coherentes e ben estruturados, sobre feitos e acontecementos concretos relativos a asuntos cotiáns ou temas do seu campo de interese.
<p>Recursos e Temporalización</p>	<p>Libro de texto: Schritte international neu B1.1 (5) Material de audio e video de Schritte, DW e outros métodos Fichas de reforzó de Schritte, Goethe, Hueber. Schubert... 2º cuadrimestre / 8 sesións de 120 minutos</p>

Unidade 5 + material externo : Arbeit und Schule / traballo e escola

Obxectivos:

CO: Comprender as ideas principais dunha conversa articulado con claridade e ben organizado en lingua estándar, aínda que poida presentar algunha estrutura idiomática moi común.

Comprender anuncios e mensaxes que conteñan información sobre ofertas e postos de traballo, expresadas en linguaxe habitual.

Comprender informacións referidas a identificacións e caracterizacións persoais expresadas en linguaxe habitual .

Mínimos esixibles	<p>CO: É quen de seguir o fío dun discurso extenso.</p> <p>CO: Identifica os puntos relevantes de significado nunha conferencia.</p> <p>EO: Usa suficientes variantes á fin de defender a súa opinión nun debate.</p> <p>EO: É quen de enfatizar e diferenciar matices no contexto dun debate.</p> <p>CE: É quen de discernir os contidos relevantes dun texto informativo.</p> <p>CE: Identifica a intención comunicativa esencial de notas escritas a modo de resumo.</p> <p>CO + EO: É quen de sintetizar os puntos principais dunha charla ou clase plenaria.</p> <p>EO: Presenta suficientes ideas e pareceres á hora de facer suxestións e valoracións nun escrito a modo de comentario.</p> <p>CO + MED: É quen de adaptar o contido máis relevante dunha conferencia nunha toma de notas.</p> <p>Mediación: Ser capaz de ...</p> <ul style="list-style-type: none"> • facer uso dun coñecemento concreto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma. • adaptar os textos ao propósito comunicativo, case sen alterar a información e as posturas orixinais. • producir un texto (oral ou escrito) coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte. • transmitir de xeito oral ou escrito a maioría dos puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como algúns dos os detalles que considere importantes.
Temporalización e recursos	<p>8 sesións de 120 minutos</p> <p>Lección 6 Sicher C1.1 / Vídeos e audios académicos / Webs académicas / Copias / aula virtual.</p>

Nivel C1.2

No desenvolvemento detallado da secuenciación de contidos que se describe a continuación, o profesorado inclúe de forma planificada e intencionada un abano de actividades e ferramentas de avaliación formativa na súa programación diaria de aula. Estas actividades e ferramentas permiten observar, reflexionar e valorar o nivel de comprensión e cumprimento dos obxectivos de aprendizaxe por parte do alumnado. A través delas, adaptadas ás necesidades e ao contexto da aula, axudamos aos estudantes a avanzar na súa aprendizaxe e a facer os axustes necesarios para acadar os obxectivos de aprendizaxe esixidos. Ditas actividades e ferramentas responderán ás seguintes estratexias:

- Coñecer os obxectivos de aprendizaxe da unidade e reflexionar sobre o progreso actual que están a lograr.
- Obter evidencias de aprendizaxe para comprobar o nivel de comprensión dos contidos da unidade por parte do alumnado.
- Traballar con textos modelo orais e escritos para que os estudantes comprendan os criterios de calidade necesarios esixidos na súa produción.
- Autoavaliar e avaliar entre pares (coavaliación) os produtos de aprendizaxe da unidade mediante instrumentos de avaliación que proporcionan retroalimentación sobre o nivel de consecución dos criterios de calidade e os pasos a seguir para achegarse a eles.
- Fomentar un ambiente de retroalimentación no que tanto estudantes como profesorado reciben orientación para realizar axustes na súa aprendizaxe e na docencia

Método: Sicher! C1.2
Primeiro cuadrimestre

Unidade 1: *Finanzen*

Obxectivos

Comprender con relativa facilidade a maioría das conferencias, charlas, coloquios, faladoiros e debates, sobre temas complexos de carácter público, entendendo en detalle os argumentos que se esgrimen.

Participar nunha entrevista, como persoa entrevistadora ou entrevistada, ampliando e desenvolvendo as ideas discutidas, utilizando mecanismos adecuados para manter o bo desenvolvemento do discurso.

Participar en conversacións informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas específicos.

Realizar presentacións claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo, ampliando con subtemas, desenvolvendo ideas concretas

Comprender artigos complexos do ámbito social e identificar detalles que denoten actitudes, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.

Tomar notas durante unha conferencia, curso ou seminario que trate temas da súa especialidade, ou durante reunións no ámbito profesional, escribindo a información de maneira que as notas poderían ser útiles para outras persoas.

Recoñecer significados complexos, en textos orais ou escritos, e adaptar o formato e contido en función das necesidades ou intereses do/a receptor/a e aclarar posibles confusións.

Competencias / Contidos	<p>Estratéxicos: Utilizar todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, axuda doutras persoas interlocutoras...)</p> <p>Funcionais: Funcións ou actos de fala asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento; expresar unha opinión, formular unha hipótese.</p> <p>Discursivos: Entrevistas longas e complexas. Entrevistas xornalísticas de carácter divulgativo.</p> <p>Sintácticos: Usos das formas verbais e nominais na composición de textos e adecuación destas ao tipo de texto e ao discurso. Gramática textual: os procedementos de organización estrutural dos textos orais e escritos: focalizacións, tematizacións, reformulacións etc.</p> <p>Léxicos: Bens e servizos: servizos públicos e privados, individuais e colectivos. Economía e industria: finanzas, impostos e renda. Goberno, política e sociedade: organización organismos e servizos públicos, organizacións sociais, conflitos e movementos sociais, xustiza, modas e tendencias sociais. Xeografía: Suiza Fonético-fonolóxicos: O recoñecemento do alemán suízo.</p>
Descrición da actividade	<ul style="list-style-type: none">• Tormenta de ideas para activar e organizar o vocabulario es os coñecementos xa presentes.• Lectura dun artigo longo (tipo revista)• Ver un "talkshow" e tomar notas. Resumir en grupos o "talkshow" para despois toda a clase chegar a un resumo detallado e consensuado.• En grupos buscar actividades que supoñen un gaston monetario, pensar en alternativas, nos pros e nos contras de ditas alternativas.• Traballar os aspectos gramaticais dun artigo de sucesos (Verbal-I vs. Nominalstil), valorar o contido e dar solucións ó problema que se expón.• Ver un vídeo musical: analizar a temática, os subtemas e o texto da canción.• Redactar no formato dun artigo a información recibida de forma oral.• Ler un artigo, ordealo e resumilo (tanto por escrito como oralmente)• Escribir un texto no que se explican os puntos máis importantes dunha entrevista (en español = mediación interlingüística)• Discutir de xeito informa sobre un tema sociopolítico (a pobreza).• Recabar información de xeito oral sobre un tema económico.• escoitar un texto técnico sobre transaccións bancarias (resposta multiple).• Ler un texto (resumo de datos máis relevantes) sobre un país, Suiza. Facer un texto semellante para unha minipresentación sobre unha cidade.• escoitar tres breves presentacións sobre DACH tomar notas e en grupos elaborar preguntas para un posterior quiz.

<p>Minimos esixibles</p>	<p>Ser capaz de:</p> <ul style="list-style-type: none"> • diferenciar estilos (nominal e verbal) • entender o texto dun rap. • falar sobre as débedas. • entender un texto xornalístico ou unha reportaxe radiofónica sobre finanzas. • resumir un artigo xornalístico ou unha reportaxe radiofónica sobre finanzas. • entender informes económicos e financeiros. • facer valer a propia opinión nunha <i>mesa redonda</i>. • interrompir amablemente a un contertulio. • recabar información sobre un país e reproducila de xeito oral. <p>Mediación: Ser capaz de ...</p> <ul style="list-style-type: none"> • facer uso dun coñecemento concreto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma. • adaptar os textos ao propósito comunicativo, case sen alterar a información e as posturas orixinais. • producir un texto (oral ou escrito) coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte. • transmitir de xeito oral ou escrito a maioría dos puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como algúns dos os detalles que considere importantes.
<p>Critérios de avaliación</p>	<p><u>Comprensión oral</u></p> <p>Recoñece, segundo o contexto e en distintos rexistros (estilo formal ou informal), a intención e o significado de reportaxes radiofónicas.</p> <p><u>Expresión e interacción oral</u></p> <p>Rebate os argumentos das persoas interlocutoras de maneira convincente e apropiada, intervindo de forma fluída e espontánea. É quen de iniciar, manter e rematar unha conversa de maneira apropiada e fluída, respectando as quendas de palabra e tamén valéndose das intervencións das outras persoas interlocutoras. Produce un texto oral coherente e cohesionado a partir dunha diversidade de textos fonte. Transmite de xeito oral e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.</p> <p><u>Comprensión escrita</u></p> <p>Comprende, segundo o contexto, o xénero e o tipo textual, os significados asociados a unha ampla gama de estruturas sintácticas da lingua escrita. Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións de significado.</p>

	<p><u>Expresión e interacción escrita</u></p> <p>Transmite de maneira escrita e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte oral, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.</p> <p><u>Mediación</u></p> <p>Produce un texto (oral ou escrito) coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte.</p> <p>Transmite de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.</p>
Recursos e Temporización	<p>Libro de texto: Sicher! C1.2</p> <p>Vídeo(s) e canción(s)</p> <p>Material complementario escrito e oral</p> <p>Primeiro cuadrimestre; 16 horas (8 sesións)</p>

Unidade 2: *Psychologie*

Obxectivos

Comprender, sen demasiado esforzo, unha ampla gama de programas de radio, televisión, obras de teatro ou espectáculos e películas que poidan conter linguaxe coloquial ou expresións idiomáticas. Identificar pormenores e actitudes implícitas entre os e as falantes.

Realizar presentacións claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo, ampliando con subtemas, desenvolvendo ideas concretas e defendendo puntos de vista con argumentos e exemplos adecuados e responder ás preguntas finais.

Participar en conversacións formais ou informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos. Facer un uso emocional ou humorístico do idioma, expresar as propias ideas e opinións con precisión e presentar liñas argumentais convincentes.

Comprender indicacións e outras informacións de carácter técnico e complexas, incluíndo algún detalle sobre a propia especialidade (psicoloxía), sempre que se poidan reler as seccións máis difíciles.

Comprender en detalle a información contida en textos de consulta de carácter profesional ou académico, en calquera soporte, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.

Escribir memorias e artigos claros e ben estruturados, sobre temas complexos en contornas de carácter público, académico ou profesional, resaltando as ideas principais, ampliando con subtemas e rematando cunha conclusión apropiada.

Recoñecer significados complexos, en textos orais ou escritos, e adaptar o formato e contido en función das necesidades ou intereses do/a receptor/a e aclarar posibles confusións.

Levar a cabo transaccións, xestións e operacións, nas que se debe negociar a solución de conflitos, identificar as posturas, desenvolver argumentos, facer concesións, utilizando unha linguaxe negociadora e afrontar dificultades imprevistas.

<p>Competencias / Contidos</p>	<p>Estratéxicos: Explicar o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo. Deducir e establecer relacións entre as linguas coñecidas. Resumir para comprender e producir textos orais ou escritos. Identificar o tipo de texto para adaptalo á audiencia. Reformular hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento e experiencias. Asegurar a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.</p> <p>Funcionais: Actos de fala asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento, da opinión, da crenza e da conxectura: expresar acordo e desacordo, expresar descoñecemento, expresar dúbida e escepticismo, expresar unha opinión, formular unha hipótese, supoñer, predicir...</p> <p>Discursivos: Anuncios publicitarios complexos retransmitidos Debates e discusións formais sobre temas complexos ou específicos Sondaxes e cuestionarios complexos Cancións</p> <p>Sintácticos: Gerundiv As formas alternativas ás oracións pasivas (p.ex. bekommen + Partizip II) A sufixación nos adxectivos</p> <p>Léxicos: A psicoloxía As investigacións sociais A educación para o recoñecemento e a solución de conflitos A autoaxuda A identidade persoal, as dimensións anímicas e as características dos sentimentos principais. A intelixencia (os test e outras formas de medila, cuantificala e individualizala)</p>
<p>Descrición da actividade</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Escritura automática de palabras ou sintagmas, con posterior explicación "razoada" ante a clase ou en grupo (se a clase é moi numerosa). • Definición de conceptos sen usar o dicionario. Posta en común e comparación das definicións, chegando a unha definición consensuada. Ao final farase unha comprobación co dicionario (monolingüe). • Ler un artigo longo sobre o coeficiente intelectual. Recoñecer estruturas en "Gerundiv" e entedelas como alternativa ás oracións en pasiva. • Dar recomendacións para actuar de xeito emocionalmente intelixente, recoñecendo situacións formas de actuar; traballo en Grupo, no que cada grupo presenta un problema para ser asesorado polos demais grupos. • Os tests psicolóxicos: fiabilidade, tipos e razóns polas cales se fan; cubrir un test, analizar en grupo os resultados, elaborar en parella un test cunha finalidade (capacidade de medición) concreta. • Análisar dos datos dunha enquisa e escribir nun blog o resultado da análise (texto crítico de opinión); con posterior corrección en parellas. • Entrevista a unha psicóloga xuvenil, exercicio de escoita con resposta múltiple. • Ler recensións sobre libros de auto-axuda. Cubrir unha táboa cos contidos das recensións. En parellas elaborar perfís de posibles lector@s para cada un dos libros. Toda as parella xuntas van presentando os libros e os seus posibles

	<p>lectores. Debate entre todos para mellorar os perfís prototípicos d@s lect@r do libro</p> <ul style="list-style-type: none"> • Exercicio de gramática para comparar os distintos aspectos da forma activa e da pasiva (comparación). • Ver un vídeo sobre un aspecto psicolóxico e responder ás preguntas. Con posterior análise da forma de expoñer da profesora do vídeo.
Mínimos esixibles	<p>Ser capaz de:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Endente e distingue a información principal e os detalles máis relevantes durante unha clase maxistral (tipo universitaria) • Valorar o contido dunha clase maxistral. • Diferenciar estilos (nominal e verbal) • Facer unha enquisa e formular a súa opinión sobre os resultados- falar sobre as débedas. • Falar sobre o sentido e a función das enquisas, así como sobre a atracción que causan este tipo de análise. • Entender e formular recomendacións sobre a intelixencia emocional. • Explicar a intelixencia emocional. • Recoñecer os puntos principais nunha entrevista. • Alternar a forma pasiva con outras como bekommen + Partizip II • Usar wollen e sollen como alternativa á oración pasiva. • Escribir a súa opinión sobre unha enquisa con resultados opostos e controvertidos. <p>Mediación: Ser capaz de ...</p> <ul style="list-style-type: none"> • facer uso dun coñecemento concreto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma. • adaptar os textos ao propósito comunicativo, case sen alterar a información e as posturas orixinais. • producir un texto (oral ou escrito) coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte. • transmitir de xeito oral ou escrito a maioría dos puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como algúns dos os detalles que considere importantes.
Criterios de avaliación	<p><u>Comprensión oral</u> Comprende o que se pretende comunicar co fin de sacar as conclusións apropiadas. Recoñece, segundo o contexto a intención e o significado dun amplo repertorio de actos de fala. É capaz de seguir un discurso extenso aínda que non estea claramente estruturado.</p> <p><u>Expresión e interacción oral</u> Desenvolve argumentos detallados de maneira sistemática e ben estruturada,</p>

	<p>relacionando lóxicamente os puntos principais, resaltando os puntos importantes, desenvolvendo aspectos específicos e concluíndo adecuadamente. Exprésase cun alto grao de corrección de modo consistente. Transmite de xeito oral e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias para facer preguntas e dirixir unha conversa (entrevista). Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.</p> <p><u>Comprensión escrita</u> Localiza a información ou segue o fío da argumentación nun texto de estrutura discursiva complexa ou nun que non estea perfectamente estruturado, no que as relacións e conexións</p> <p><u>Expresión e interacción escrita</u> Redacta un texto e adáptao á situación requirida. Presenta ideas e puntos de vista con fin de destacalos, diferenciarlos e eliminar posibles ambigüidades. Utiliza estruturas sintácticas que lle permiten expresarse con precisión, e mantén un alto grao de corrección.</p> <p><u>Mediación</u> Transmite de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses dos destinatarios.</p>
Recursos e Temporización	<p>Libro de texto: Sicher! C1.2 Vídeo(s) e canción(s) Material complementario escrito e oral Primeiro cuadrimestre; 12-13 horas (6-7 sesións)</p>

Unidade 3: *Stadt und Dorf*

Obxectivos

Comprender, independentemente da canle, a información específica en declaracións, mensaxes, anuncios e avisos detallados, aínda que poidan ter mala ou baixa calidade ou un son distorsionado.

Facer declaracións públicas con fluidez, case sen esforzo e usando a entoación para transmitir o significado con precisión.

Participar en conversacións informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos.

Comprender, en calquera soporte, as ideas e posturas expresadas en artigos ou outros textos xornalísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado, nos que se comentan e analizan puntos de vista ou opinións.

Escribir informes e descrições claros e ben estruturados, sobre temas concretos en contornas de

carácter académico ou profesional, resaltando con precisión os elementos descritos.

Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas para trasladar oralmente ou por escrito información sobre temas relacionados coa vida na cidade e no rural.

Competencias / Contidos	<p>Estratéxicos: Autoavaliar o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas. Utilizar todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, axuda doutras persoas interlocutoras...) e establecer relacións entre as linguas coñecidas. Resumir para comprender e producir textos orais ou escritos. Activar e procurar coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas... icar o tipo de texto para adaptalo á audiencia. -Tomar conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo.</p> <p>Funcionais: Funcións ou actos de fala que impliquen compromiso, relacionados coa expresión do ofrecemento, da intención, da vontade e da decisión: expresar a intención, a vontade e a decisión de facer ou non facer algo; ofrecer axuda; prometer e retractarse...</p> <p>Discursivos: Textos de rexistro coloquial en forma de notas, cartas, correo electrónico etc., aínda que se apoiem excepcionalmente en modismos e fraseoloxía específica Entrevistas xornalísticas de carácter divulgativo Podcasts</p> <p>Sintácticos: A oración causal e a concesiva Adxectivos e participios con preposición Os nexos adverbiais e a matización (para expresar máis precisión)</p> <p>Léxicos: A cidade como fenómeno arquitectónico A cidade como fenómeno urbano A vida alternativa A vida nunha aldea A vida en contacto coa natureza sen renunciar as tecnoloxías.</p>
Descrición da actividade	<ul style="list-style-type: none">• En grupos de tres elaborar unha lista de preguntas sobre a imaxe do libro e o que evoca relacionándoa con <i>Stadt und Land</i>. Intercambiar entre os grupos impresións e elaborar toda a clase unha batería de preguntas e respostas consensuada, coa fin de circunscribir o tema e situar o campo semántico• Ler un texto longo sobre a cidade do futuro. Titular os parágrafos do texto e recoñecer as palabras e as ideas clave, para despois definilas e empregalas no resumo do texto (que se fará por parágrafos).• Traballar cos conectores wenn, sofern e falls e reescribir partes do texto lido na actividade anterior.• Responder en grupos de tres ás preguntas dun quiz sobre cidades. Comparar as respostas. Comprobalas. Facer en grupo un quiz semellante ao presentado no libro.• Ver un vídeo sobre os ortos-urbanos. Responder ás preguntas e falar sobre a implantación deste fenómeno en Galicia e nos países de fala alemá.• Ler un texto sobre a vida nunha gran cidade. Responder ás preguntas sobre o texto. Analizar os recursos estilísticos, facendo fincapé nas "estructuras lingüísticas" escollidas para reforzar a perspectiva de quen escribe o texto.

	<ul style="list-style-type: none"> • Exercicio de vocabulario no que en grupos len varios textos (outros ademais do do libro) e definen as palabras destacadas en cada un dos textos. • Exercicio de gramática para repasar os adxectivos e os participios con preposición (fixa). • Ler un texto sobre unha aldea alternativa, na que non se renuncia á tecnoloxía. Resumir en parellas o texto, explicando o vocabulario máis importante. Comparar en clase a coincidencia entre as palabras clave escollidas. • escoitar un texto sobre a vida alternativa (para activar o vocabulario da lectura anterior) e responder ás preguntas (formato: recoñecer información falsa, ordear as ideas principais e resumir partes do audio) • Opinar e discutir sobre a vida alternativa tal como se presenta no texto e no audio. • Valorar nunha mesa redonda (pódense facer dúas na clase) a viabilidade futura das cidades e da vida nas cidades.
Mínimos esixibles	<p>Ser capaz de:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Ler un texto complexo sobre a evolución dunha cidade. • Recoñecer e empregar (por escrito e oral) relacións condicionais dentro dun discurso longo e complexo. • Entender unha entrevista sobre un proxecto ecolóxico-social (xardíns urbanos). • Responder ás preguntas dunha entrevista sobre o tema dos xardíns urbanos. • Tomar unha posición e argumentala nun foro (redactar un texto para un blog, foro ou semellante) • Describir tipos de edificacións dunha cidade. • Explicar cales son as características principais dunha pequena cidade empregando adxectivos e participios na descrición. • Entender artigos sobre a vida alternativa no campo e comentalo empregando conectores con valor concesivo. • Enteder e comentar unha vídeo-entrevista sobre un experimento social, sendo quen de entender detalles da entrevista, así como tomar nota dos puntos principais. • Nomear os argumentos a favor e en contra dunha cuestión, sendo quen de expresar a propia opinión de maneira clara. <p>Mediación: Ser capaz de ...</p> <ul style="list-style-type: none"> • facer uso dun coñecemento concreto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma. • adaptar os textos ao propósito comunicativo, case sen alterar a información e as posturas orixinais. • producir un texto (oral ou escrito) coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte. • transmitir de xeito oral ou escrito a maioría dos puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como algúns dos os detalles que considere importantes.

<p>Criterios de avaliación</p>	<p><u>Comprensión oral</u></p> <p>É capaz de seguir un discurso extenso aínda que non estea claramente estruturado. Comprende o que se pretende comunicar co fin de sacar as conclusións apropiadas e responder con exactitude a posibles preguntas.</p> <p><u>Expresión e interacción oral</u></p> <p>Produce un texto oral coherente e cohesionado a partir dunha diversidade de textos fonte.</p> <p>Transmite de xeito oral e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses da persoa destinataria.</p> <p>Desenvolve argumentos detallados de maneira sistemática e ben estruturada, resaltando os puntos importantes e desenvolvendo aspectos específicos.</p> <p><u>Comprensión escrita</u></p> <p>Localiza a información ou segue o fío da argumentación nun texto de estrutura discursiva complexa ou nun que non estea perfectamente estruturado, no que as relacións e conexións.</p> <p>Comprende, segundo o contexto, o xénero e o tipo textual, os significados asociados a unha ampla gama de estruturas sintácticas da lingua escrita.</p> <p><u>Expresión e interacción escrita</u></p> <p>Redacta un texto e adáptao á situación requirida (unha descrición detallada)</p> <p>Sabe facer unha cita e utiliza as referencias seguindo as convencións, segundo o ámbito e contexto comunicativos (p. ex. nun texto académico).</p> <p>Transmite de maneira escrita e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.</p> <p><u>Mediación</u></p> <p>Sabe citar as fontes segundo o ámbito e o contexto comunicativo.</p> <p>Transmite de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.</p>
<p>Recursos e Temporización</p>	<p>Libro de texto: Sicher! C1.2</p> <p>Vídeo(s) e canción(s)</p> <p>Material complementario escrito e oral</p> <p>Primeiro cuadrimestre; 9-10 horas (4-5 sesións)</p>

Segundo cuadrimestre

Unidade 4: *Literatur*

Obxectivos

Comprender os detalles de conversacións e discusións de certa lonxitude entre terceiras persoas,

mesmo sobre temas abstractos, complexos e captar a intención do que se di.

Realizar presentacións claras e ben estruturadas, sobre un tema concreto (presentar un libro), explicando de xeito resumido e exacto o contido e, defendendo o propio punto de vista con argumentos e exemplos adecuados, así como responder ás preguntas finais.

Participar en conversacións formais ou informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas literarios. Facer un uso emocional do idioma, expresar as propias ideas e opinións con precisión e presentar liñas argumentais convincentes.

Facer declaracións públicas con fluidez, usando a entoación para transmitir o significado con precisión.

Comprender textos curtos e poemas que poidan tratar sobre temas complexos e presentar trazos específicos na súa estrutura ou no léxico (formato non habitual, linguaxe coloquial, ton humorístico).

Comprender textos literarios contemporáneos, escritos nunha variedade de lingua estándar e captar a mensaxe, as ideas e as conclusións implícitas.

Escribir artigos e ensaios claros e ben estruturados, sobre temas literarios en contornas de carácter público ou académico, resaltando as ideas principais, ampliando con subtemas e rematando cunha conclusión apropiada.

Tomar notas durante unha conferencia, curso ou seminario que trate sobre a literatura, escribindo a información de maneira que as notas poderían ser útiles para outras persoas.

Recoñecer significados complexos, en textos orais ou escritos, e adaptar o formato e contido en función das necesidades ou intereses do/a receptor/a e aclarar posibles confusións.

Adaptar sen aparente dificultade o rexistro aos diferentes contextos de uso e manter unha expresión e entoación que permitan transmitir o significado e aclarar posibles confusións.

Competencias /
Contidos

Estratéxicos:

Repetir, recoñecer e usar modelos de lingua etc. Explicar o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo.

Activar e procurar coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas...

Establecer hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos **paratextuais** (entoación, velocidade...) e **extratextuais** (imaxes, gráficos, fotografías...).

Recoñecer as dificultades de comprensión, debido a posibles factores de distorsión, á velocidade coa que se expresa etc.

Funcionais:

Funcións ou actos de fala expresivos, cos que se expresan actitudes e sentimentos como resposta ante determinadas situacións: expresar admiración, ledicia, aprecio, simpatía, (des)confianza, (des)aprobación, decepción, (des)interese, resignación, temor, exculpar, lamentar, reprochar...

Discursivos:

Entrevistas longas e complexas: de traballo, académicas...

Radioteatro / audionovela

Cancións

Textos literarios contemporáneos que poidan presentar certa complexidade lingüística, estrutural e temática

Textos que poidan amosar trazos non normativos

	<p>Textos ensaísticos</p> <p>Sintácticos:</p> <p>Variacións na orde dos elementos</p> <p>A sufixación de substantivos</p> <p>As estruturas oracionais con valor temporal e final</p> <p>Léxicos:</p> <p>A literatura (as súas relacións con outras artes e as profesións)</p> <p>A lectura</p> <p>mundo do libro</p> <p>Os textos literarios (formas e significados)</p>
<p>Descrición da actividade</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Ler citas e asocialas a palabra clave, do léxico preestabrecido. Discutir sobre a validez do que afirman as citas. Comparándoas e buscando exemplos que as confirmen ou descarten. • Facer exercicios de reformulación variando a orde dos elementos. Reescribindo un texto ou partes del con oracións reformuladas (cambiando a orde dos elementos) para, ao final, comparar se os matices de significado de cada un dos textos (o primeiro e o reformulado). • Exercicio de vocabulario no que se buscan no texto da actividade primeira palabras de orixe non xermánica (latina ou grega) e no que se traballa con <i>Komposita</i> (palabras compostas) • Seguir unhas pautas para escribir un conto. • Preparar unha exposición curta sobre os libros máis fermosos que se leron. Facelo "publicitando" a obras que se destacan. • Ler un fragmento da novela "Business Class" de Martin Suter e traballar co texto a nivel de vocabulario e estrutura do texto. Analizar o contido. Facer por escrito unha interpretación do texto, que inclúa algúnha hipótese sobre a novela á que pertence o fragmento. • Recoñecer os elementos temporais nunha oración e reformular oracións dadas con <i>woraufhin</i> ou <i>daraufhin</i> (<i>während/währenddessen</i>). • Facer conxeturas sobre novelas partindo da portada do libro. • Opinar sobre os filmes que se fixeron (dunha escolma) de novelas famosas. Comparar a obra literaria e a cinematográfica. • escoitar unha entrevista a unha guionista. Recoñecer a información que se dá na entrevista, responder a preguntas de resposta aberta sobre o contido da entrevista. • Ler e interpretar un poema. • Recitar un poema (escolla propia por parte do alumno) e facer unha moi breve análise do contido. • Escribir un poema, seguindo unhas pautas marcadas. • Ver un vídeo sobre unha autora e responder ás preguntas (de completar e de resposta aberta).
<p>Mínimos esixibles</p>	<p>Ser capaz de:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Expresar o que significa ler, como actividade de lecer. • Captar os detalles nun texto sobre o pracer de ler e saber transmitilos. • Recoñecer e aplicar variacións na orde dos elementos coa fin de enfatizar e

	<p>resaltar a mensaxe..</p> <ul style="list-style-type: none"> • Nomear diferentes formas nas que se manifesta a literatura. • Escribir un texto literario (conto ou poema). • Recoñecer e empregar diferentes estruturas temporais. • Enteder os detalles da maior parte das explicacións dun guionista nunha entrevista. • Recoñecer e entender recursos literarios nun poema, rima, metáforas etc. • Redactar hipótesis sobre o que vai a pasar nunha novela. • Recoñecer e usar estruturas oracionais con valor final. <p>Mediación: Ser capaz de ...</p> <ul style="list-style-type: none"> • facer uso dun coñecemento concreto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma. • adaptar os textos ao propósito comunicativo, case sen alterar a información e as posturas orixinais. • producir un texto (oral ou escrito) coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte. • transmitir de xeito oral ou escrito a maioría dos puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como algúns dos os detalles que considere importantes.
<p>Crterios de avaliación</p>	<p><u>Comprensión oral</u> É capaz de seguir un discurso extenso e estruturado, comprendendo as ideas xerais e a maioría dos detalles.. Comprende o que se pretende comunicar co fin de sacar as conclusións apropiadas e responder con exactitude a posibles preguntas.</p> <p><u>Expresión e interacción oral</u> Expresa o que quere dicir, superando dificultades ocasionais que poida ter. Expón preguntas para comprobar que comprendeu o que a persoa interlocutora quixo dicir e consegue aclaración dos aspectos ambiguos. Produce un texto oral coherente e cohesionado para expoñer a súa opinión, podendo valerse de outros soportes para axudar a transmitir as súas ideas.</p> <p><u>Comprensión escrita</u> Localiza detalles relevantes en textos extensos e complexos. Recoñece a intención e o significado do propósito comunicativo, segundo o contexto, o xénero e o tipo de texto. Localiza a información ou segue o fío da argumentación nun texto de estrutura discursiva complexa ou nun que non estea perfectamente estruturado, no que as relacións e conexións non sempre se expresen con marcadores explícitos. Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións de significado, aínda que en ocasións poida que necesite consultar un dicionario. Comprende, segundo o contexto, o xénero e o tipo textual, os significados asociados a unha ampla gama de estruturas sintácticas da lingua escrita. Comprende as intencións comunicativas expresadas mediante o uso dunha ampla gama de convencións ortotipográficas, tanto en soporte papel como dixital.</p>

	<p><u>Expresión e interacción escrita</u> Escribe textos complexos extensos, mostrando un dominio dos recursos lingüísticos que lle permiten expresarse con eficacia e precisión. Utiliza estruturas estilísticas (vistas en clase), e mantén un alto grao de corrección. Utiliza as convencións ortotipográficas propias da lingua para producir textos escritos nos que a estrutura e a puntuación son relevantes (un poema). A ortografía é correcta, salvo descoidos tipográficos de carácter esporádico. Adapta a lingua á intención e ao efecto que pretende. Utiliza recursos lingüísticos para buscar un efecto na persoa receptora, podendo cometer algún erro puntual.</p> <p><u>Mediación</u> Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais (adaptar un poema para nenos).</p>
<p>Recursos e Temporización</p>	<p>Libro de texto: Sicher! C1.2 Vídeo(s) e canción(s) Material complementario escrito e oral Segundo cuatrimestre; 18 horas (9 sesións)</p>

Unidade 5: *Internationale Geschäftskontakte*

Obxectivos

Comprender, independentemente da canle, a información específica en anuncios e avisos detallados, aínda que poidan ter mala ou baixa calidade ou un son distorsionado.

Comprender información complexa de instrucións de funcionamento e especificacións de produtos, servizos, así como información sobre procedementos coñecidos ou menos habituais e sobre os asuntos de negociacións profesionais.

Comprender con relativa facilidade a maioría das conferencias, charlas, coloquios, faladoiros e debates, de carácter público, profesional ou académico, entendendo en detalle os argumentos que se esgrimen.

Participar en conversacións formais ou informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos. Facer un uso emocional ou humorístico do idioma, expresar as propias ideas e opinións con precisión e presentar liñas argumentais convincentes.

Participar nunha entrevista, como persoa entrevistadora ou entrevistada, ampliando e desenvolvendo as ideas discutidas, utilizando mecanismos adecuados para manter o bo desenvolvemento do discurso.

Comprender a información contida en correspondencia formal de carácter profesional ou institucional, identificando os niveis de formalidade e as actitudes ou opinións implícitas.

Comprender artigos, informes, actas, memorias e outros textos complexos do ámbito social, profesional ou académico e identificar detalles que denoten actitudes, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.

Tomar notas durante unha conferencia, curso ou seminario que trate temas da súa especialidade, ou durante reunións no ámbito profesional, escribindo a información de maneira que as notas poderían ser útiles para outras persoas.

Levar a cabo transaccións, xestións e operacións, nas que se debe negociar a solución de conflitos, identificar as posturas, desenvolver argumentos, facer concesións, utilizando unha linguaxe negociadora e afrontar dificultades imprevistas. Tomar notas durante unha conferencia, curso ou seminario que trate temas da súa especialidade, ou durante reunións no ámbito profesional, escribindo a información de maneira que as notas poderían ser útiles para outras persoas.

<p>Competencias / Contidos</p>	<p>Estratéxicos: Planificar a propia aprendizaxe establecendo os seus propios obxectivos a curto e a longo prazo. Organizar o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe, aplicacións móbiles, ferramentas en liña...).</p> <p>Identificar o tipo de texto para adaptalo á audiencia. Establecer hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos paratextuais (entoación, velocidade...) e extratextuais (imaxes, gráficos...).</p> <p>Asegurar a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos. Solicitar repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu.</p> <p>Funcionais: Funcións ou actos de fala fáticos e solidarios, que se realizan para establecer ou manter o contacto persoal, social, académico e profesional e expresar actitudes con respecto aos/ás demais: aceptar ou declinar unha invitación, compadecerse, expresar condolencia, facer cumprimentos, interesarse por alguén ou por algo, pedir desculpas e rexeitar...</p> <p>Discursivos: Reunións de traballo con vocabulario específico Instrucións e indicacións detalladas Conferencias, presentacións e declaracións públicas específicas e detalladas Páxinas web gubernamentais ou semellantes Instrucións extensas</p> <p>Sintácticos: Oracións con valor modal, consecutivo A compración Prefixos er- e re-</p> <p>Léxicos: Experiencias laborais no estranxeiro Viaxes de negocio Reunións de negocio</p>
<p>Descrición da actividade</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Facer hipótese sobre os posibles temas que tratan as persoas da imaxe; considerar posibles problemas na comunicación e valorar posibles solucións para os problemas. • En parellas ler un dos dous textos (Die Schweiz, Die Niederlande), analízalo e resumilo en palabras clave. Transmitirille ás parellas que non leron o texto o contido do artigo. Comparar as diferenzas culturais. • Analizar os conectores que aparecen en ambos textos anteriores.

	<ul style="list-style-type: none"> • Escoitar un texto sobre malentendidos baseados en diferenzas culturais e responder ás preguntas. • Traballar co vocabulario necesario para facer unha viaxe de negocios. • Facer un test para coñecer as normas de comportamentos nun encontro de negocios en Alemaña. • Dar recomendacións para mellorar co compartamentos en encontros de negocio que teñan lugar no mundo de fala alemá. • Traballar o vocabulario sobre as estancias de traballo no estranxeiro. • Ler e ordear unha entrevista sobre unha persoa que fala sobre o traballo no estranxeiro. • Reformular partes de entrevista empregando <i>mittels, indem, dadurch</i>. • Negociar o aluguer dunha vivenda no estranxeiro (Shangai ou outra cidade semellante). • Ver un vídeo sobre a presentación dun libro e identificar (analizar) o “Small Talk” das persoas que aparecen. • Representar unha situación onde hai que recorrer á conversa trivial.
Mínimos esixibles	<p>Ser capaz de:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Entender as intencións dun artigo complexo sobre a diferenzas culturais nunha reunión de negocios. • Individualizar as liñas argumentais principais dun artigo xornalístico complexo. • Recoñecer e aplicar conectores consecutivos. • Entender a exposición maxistral dun experto sobre comunicación intercultural e resumir as ideas principais. • Explicar como preparar acertadamente un encontro de negocios. • Destacar diferenzas culturais e dar recomendacións para evitar conflitos na comunicación. • Falar sobre unha estadía laboral no estanxeiro. • Usar os prefixos er- e re-. • Entender con exactitude correspondencia de negocios, dentro dun intercambio de correos electrónicos ou semellantes. • Reconstruír un artigo xornalístico partindo de fragmentos. • Negociar o aluguer dun piso no estranxeiro. • Enteder un vídeo promocional sobre un libro. • Falar sobre trivialidades para manter a comunicación e o tono da conversa. <p>Mediación: Ser capaz de ...</p> <ul style="list-style-type: none"> • facer uso dun coñecemento concreto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma. • adaptar os textos ao propósito comunicativo, case sen alterar a información e as posturas orixinais. • producir un texto (oral ou escrito) coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte.

	<ul style="list-style-type: none"> • transmitir de xeito oral ou escrito a maioría dos puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como algúns dos os detalles que considere importantes.
<p>Criterios de avaliación</p>	<p><u>Comprensión oral</u> Comprende o que se pretende comunicar co fin de sacar as conclusións apropiadas e responder con exactitude a posibles preguntas. Recoñece, segundo o contexto e en distintos rexistros (familiar, informal, formal ou neutro), a intención e o significado dun amplo repertorio de actos de fala e o uso humorístico que causa usar intencionadamente un rexistro non apropiado á situación. Percibe as variedades fonético-fonolóxicas estándar propias da lingua e recoñece matices de significado.</p> <p><u>Expresión e interacción oral</u> Utiliza o idioma con flexibilidade e eficacia para fins sociais, adaptando o que di e os medios de expresalo á situación, ao/á receptor/a e a formalidade requirida. Rebate os argumentos das persoas interlocutoras de maneira convincente e apropiada, intervindo de forma fluída e espontánea. Exprésase cun alto grao de corrección de modo consistente. Produce un texto oral coherente e cohesionado para expoñer a súa opinión, podendo valerse de outros soportes para axudar a transmitir as súas ideas. Varía a entoación e coloca a énfase da oración correctamente para expresar matices de significado, mantendo a articulación propia da variedade estándar da lingua meta.</p> <p><u>Comprensión escrita</u> Localiza a información ou segue o fío da argumentación nun texto de estrutura discursiva complexa ou nun que non estea perfectamente estruturado, no que as relacións e conexións non sempre se expresen con marcadores explícitos. Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións de significado, aínda que en ocasións poida que necesite consultar un dicionario. Comprende as intencións comunicativas e a información máis detallada, sempre que se exprese mediante o uso de convencións ortotipográficas coñecidas (do mundo dos negocios) tanto en soporte papel como dixital.</p> <p><u>Expresión e interacción escrita</u> Produce un texto escrito coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte.</p> <p><u>Mediación</u> Fai uso dun coñecemento concreto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma. Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais. Produce un texto (oral ou escrito) coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte. Transmite de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias. Xestiona con flexibilidade a interacción entre as partes para procurar que flúa a comunicación, axudando a expresar con claridade as posturas e a desfacer malentendidos; e volve, sempre que se precise, sobre os aspectos importantes, iniciando outros temas ou recapitulando para organizar a discusión, e orientándoa cara á resolución da cuestión.</p>

Recursos e TempORIZACIÓN	Libro de texto: Sicher! C1.2 Vídeo(s) e canción(s) Material complementario escrito e oral Segundo cuadrimestre; 10-12 horas (5-6 sesións)
--------------------------	--

<p>Unidade 6: <i>Forschung und Technik</i></p> <p>Obxectivos</p> <p>Comprender información complexa de instrucións de funcionamento, así como información sobre procedementos coñecidos ou menos habituais e sobre os asuntos de negociacións profesionais.</p> <p>Comprender conversacións de certa lonxitude nas que participa, aínda que non estean claramente estruturadas.</p> <p>Realizar presentacións claras e ben estruturadas, sobre un tema concreto (tecnolóxico), desenvolvendo ideas concretas e empregando exemplos adecuados, apartándose cando sexa necesario do texto preparado para continuar con aspectos propostos pola audiencia e rematar cunha conclusión apropiada, unha vez respondidas as preguntas finais.</p> <p>Comprender instrucións, indicacións, normativas, avisos ou outras informacións de carácter técnico e complexas, incluíndo algún detalle sobre condicións e advertencias, tanto se se relacionan coas novas tecnoloxías.</p> <p>Comprender, en calquera soporte, as ideas e posturas expresadas en instrucións ou outros textos técnicos de certa extensión.</p> <p>Escribir correspondencia en calquera soporte e comunicarse en foros, relacionarse con flexibilidade e eficacia coas persoas destinatarias.</p>	
Competencias / Contidos	<p>Estratéxicos:</p> <p>Organizar o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe, aplicacións móbiles, ferramentas en liña...).</p> <p>Autoavaliar o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas.</p> <p>Restablecer e anticipar posicións en relación ao que segue no texto (palabra, frase, resposta...).</p> <p>Discursivos:</p> <p>Instrucións e indicacións detalladas</p> <p>Conversas especializadas</p> <p>Sintácticos:</p> <p>As preposicións con xenitivo</p> <p>As oracións con participio (Partizipialsätze)</p> <p>Os prefixos: durch-, über-, um- e unter-</p> <p>Léxicos:</p> <p>Experimentos</p> <p>Inventos</p> <p>Tecnoloxías innovadoras</p> <p>Usos e aplicacións da ciencia e da tecnoloxía</p>

<p>Descrición da actividade</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Falar en parellas sobre aparellos tecnolóxicos de uso frecuente, sobre as súas funcións, vantaxes, carencias e posibles alternativas (non tecnolóxicas). En grupos de tres faise unha breve análise de dez aparellos e despois ponse en común co resto da clase. • Escribir un texto coas conclusións da posta en común da actividade anterior. • Ler (escribir e falar) un texto sobre tres inventos, responder por escrito a dúas preguntas para valorar cada un dos inventos. Comparar as resposta en grupos de tres ou catro. • Escribir en parellas un texto sobre a invención dun aparello necesario, imprescindible, argumentar as necesidades (empregando preposicións para introducir os argumentos). • Escoitar unha entrevista sobre "A boa ciencia" e responder ás preguntas de resposta aberta. • Falar en parellas sobre hipotéticas invencións, empregando o vocabulario previamente traballado. • Facer en parella unha exposición sobre unha das invencións da actividade previa (cinco minutos, empregando os Redemittel da lección) • Ler un artigo longo e responder a preguntas de verdadeiro falso. • Analizar as oracións de participio do artigo anterior. • Formar palabras seguindo as pautas de prefixación marcadas. • Ver un vídeo e ir respondendo ás preguntas.
<p>Mínimos esixibles</p>	<p>Ser capaz de:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Valorar inventos e saber describilos e criticalos. • Dialogar sobre os límites éticos que deben ter as máquinas / aparellos, elaborando a argumentación con subtemas. • Entender cunha lectura rápida o esencial de artigos en blogs ou noticias curtas. • Expresar o meu parecer e buscar exemplos para sulñar a miña postura. • Entender con detalle reportaxes escritas longas. • Entender instrucións complexas de aparellos, tanto por escrito como de xeito oral • Compartir (con distintos públicos) as miñas experiencias coas novas tecnoloxías, incidindo en detalles e anécdotas. • Usar os prefixos durch-, über-, um- e unter-. • Describir por escrito o proceso dun experimento. <p>Mediación: Ser capaz de ...</p> <ul style="list-style-type: none"> • facer uso dun coñecemento concreto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma. • adaptar os textos ao propósito comunicativo, case sen alterar a información e as posturas orixinais. • producir un texto (oral ou escrito) coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte. • transmitir de xeito oral ou escrito a maioría dos puntos destacados e máis

	<p>relevantes dos textos fonte, así como algúns dos os detalles que considere importantes.</p>
<p>Critérios de avaliación</p>	<p><u>Comprensión oral</u> Comprende, independentemente da canle, a información específica en mensaxes, anuncios, instrucións complexas e avisos detallados, aínda que poidan ter mala ou baixa calidade ou un son distorsionado.</p> <p><u>Expresión e interacción oral</u> Realiza presentacións claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo e expoñelo de maneira convincente. Participa en conversacións formais ou informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos. Expresa as propias ideas e opinións con precisión, presentar liñas argumentais de maneira convincente e responder con eficacia. Exprésase cun alto grao de corrección de modo consistente.</p> <p><u>Comprensión escrita</u> Comprende instrucións, indicacións, normativas, avisos ou outras informacións de carácter técnico e complexas, incluíndo algún detalle sobre condicións e advertencias, sempre que se poidan releer as seccións máis difíciles. Comprende en detalle a información contida en manuais e textos de consulta de carácter profesional ou académico, en calquera soporte, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.</p> <p><u>Expresión e interacción escrita</u> Escribe informes, descrições e artigos claros e ben estruturados, sobre procedementos complexos en contornas de carácter público, académico ou profesional. Mantén un alto grado de corrección. Fai un uso excto do vocabulario técnico específico (coñecido).</p> <p><u>Mediación</u> Adapta o seu discurso ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información. Transmite de xeito oral ou escrito os puntos destacados dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias e do efecto que quere conseguir.</p>
<p>Recursos e</p>	<p>Libro de texto: Sicher! C1.2 Vídeo(s) e canción(s)</p>

Temporización	Material complementario escrito e oral Segundo cuatrimestre; 16 horas (8 sesións)
---------------	--

5. AVALIACIÓN

A avaliación dos cursos ordinarios dos niveis básico, intermedio e avanzado das ensinanzas de idiomas de réxime especial réxese polo Real Decreto 1/2019, de 11 de xaneiro, polo que se establecen os principios básicos comúns de avaliación aplicables ás probas de certificación oficial dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial; polo Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia; pola Resolución do 16 de maio de 2023, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a preinscrición, admisión, matrícula e organización académica nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no curso 2023; e pola Instrución 8/2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, para a elaboración e administración das probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial para o curso 2023/24.

5.1. NATUREZA DA AVALIACIÓN

As probas de avaliación serán elaboradas para verificar o grao de dominio en cada unha das destrezas lingüísticas, sen prexuízo do seu tratamento global no proceso de ensino aprendizaxe. O alumnado será avaliado tomando como referencia os obxectivos, as competencias comunicativas e os criterios de avaliación establecidos no currículo e na presente programación.

5.2. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación do grao de dominio das diferentes destrezas realizarase mediante a tipoloxía de probas que se establece a continuación:

1. Ata finais de decembro: os departamentos didácticos realizarán diferentes actividades de todas as destrezas ao alumnado presencial en todos os cursos dos diferentes niveis para que teña unha idea do seu nivel de aprendizaxe.
2. Proba final de promoción: nos cursos non terminais de nivel o alumnado realizará unha proba final global elaborada polo correspondente departamento, que avaliará o grao de consecución dos obxectivos do curso.
3. Proba terminal de certificación: nos cursos terminais de nivel o alumnado realizará unha proba que será común a todas as modalidades e réximes de ensino en cada escola, e na cal se avaliará o grao de consecución dos obxectivos do nivel.

5.2.1. AVALIACIÓN INICIAL

Esta forma de avaliación aplícase ao comezo de cada curso e determina o nivel de competencia do alumno con respecto ao nivel previsto ao comezo do devandito curso e con respecto ao grupo. Mediante a avaliación inicial, o profesorado obtén unha visión de conxunto para cada grupo e unha información precisa dos puntos fortes e débiles deste e dos distintos individuos que o forman. Isto permítelle planificar e organizar o desenvolvemento do curso de forma que poida dar unha mellor

resposta ás necesidades do alumnado, á vez que serve como unha primeira autoevaluación para que o alumnado tome conciencia do nivel dos seus coñecementos e das necesidades da súa aprendizaxe. Asemade tamén se terá en conta o coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional para identificar as súas dificultades e as súas necesidades de atención educativa.

5.2.2. AVALIACIÓN FORMATIVA

A avaliación formativa (a partir de agora AF) é unha ferramenta PARA a aprendizaxe. Trátase dun proceso que se desenvolve ao longo de toda a instrución na aula, tanto na ensinanza como na aprendizaxe, co único obxectivo de mellorar e optimizar o proceso educativo. É importante lembrar que a AF difire da avaliación sumativa, unha avaliación DA aprendizaxe que mide os obxectivos acadados e que emprega puntuacións e baremos numéricos ao final do curso nas probas terminais de promoción e de certificación.

Neste sentido, a AF require unha constante reflexión sobre tres cuestións clave:

1. Cara onde vou? Cales son os obxectivos de aprendizaxe que se están a traballar?
2. Onde estou? Cal é o progreso actual do alumnado respecto a eses obxectivos?
3. Como chego? Cales son os pasos que debería dar o alumnado para achegarse aos obxectivos desexados e superar a fenda entre eles e o seu progreso real?

Os axentes da AF son tanto o profesorado como o alumnado e os seus compañeiros de clase. Todos eles deben realizar actividades de reflexión, comprensión, e avaliación para obter a información que lles permita facer axustes constantes na docencia e na aprendizaxe, coa finalidade de acadar os obxectivos de aprendizaxe.

Empregaranse un abano de técnicas e estratexias, segundo o contexto da aula e as necesidades do alumnado. Entre elas, destácanse as seguintes:

- Técnicas (tradicionais e dixitais) para comprobar a comprensión
- Técnicas (tradicionais e dixitais) para proporcionar feedback/retroalimentación
- A autoavaliación
- A avaliación entre pares (coavaliación)
- Análise e avaliación de textos modelo, escritos e orais, para comprender os criterios de calidade esixidos.

A continuación preséntase un gráfico co resumo das principais estratexias da AF segundo os axentes implicados (tomado de Leahy et. al, 2005):

	Cara onde vou?	Onde estou?	Como chego?
DOCENTE	Aclarar, compartir e comprender os obxectivos de aprendizaxe	Obter evidencias de aprendizaxe	Proporcionar feedback que permita avanzar na aprendizaxe
COMPAÑEIR@		Activar o alumnado como recurso mutuo de aprendizaxe	
APRENDIZ		Facer de cada alumno o responsable da súa propia aprendizaxe	

De acordo cos principios da AF, é moi importante que o alumnado participe nas actividades de autoavaliación e coavaliación e, por tanto, o profesorado non avaliará todos os seus produtos de aprendizaxe. Os avaliadores, sexan alumnado ou profesorado, empregarán unha variedade de instrumentos de AF, orais e escritos, tales como listas de verificación, rúbricas, cadros de comentarios, símbolos de corrección, así como feedback/retroalimentación sobre producións en audio e en vídeo.

Para máis información sobre a AF recoméndase, recoméndase consultar [esta presentación interactiva \(versión en alemán\)](#) e esclarecer calquera dúbida co profesorado.

5.2.3. AVALIACIÓN DE PROGRESO

O profesorado levará a cabo a avaliación de progreso mediante a realización de tarefas que lle permitan coñecer o progreso do seu alumnado en cada unha das cinco actividades de lingua.

Esta avaliación terá unicamente valor orientativo para o alumnado sobre o seu aproveitamento académico, e servirlle ao profesorado para coñecer o grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica.

Os departamentos/as coordinacións establecerán o número de tarefas que se recollerán por cada actividade de lingua e cando.

5.2.4. PROBA FINAL DE PROMOCIÓN E DIRECTRICES PARA A SÚA ELABORACIÓN

CURSOS NON TERMINAIS DE NIVEL (A1, B1.1 e C1.1)

PROBA FINAL DE PROMOCIÓN

Esta proba será elaborada, administrada e corrixida polo profesorado dos departamentos didácticos de acordo coas especificacións establecidas por cada un deles. Terán carácter unificado para cada un dos diferentes cursos e serán corrixidas polo profesor ou profesora correspondente.

A proba final de promoción realizarase tras a finalización do segundo cuadrimestre, en convocatoria ordinaria, ou ao finalizar o correspondente cuadrimestre no caso dos cursos intensivos.

Haberá unha convocatoria extraordinaria da proba final de promoción, previsiblemente na segunda quincena do mes de xuño, na que o alumnado só terá que examinarse das partes non superadas na convocatoria ordinaria.

Puntuación e cualificación

Nos cursos de nivel A1, a proba final de promoción terá un valor de 100 puntos e constará de catro partes (comprensión de textos orais; produción, coprodución e mediación oral; comprensión de textos escritos; e produción, coprodución e mediación escrita). Cada parte terá un valor de 25 puntos.

Para promocionar de curso dentro do mesmo nivel o alumnado terá que acadar, polo menos, 15 puntos en cada unha das catro actividades de lingua. O alumnado que na convocatoria ordinaria non acade o mínimo do 15 puntos en todas as actividades de lingua, deberá examinarse daquelas nas que non obtivera 15 puntos na convocatoria extraordinaria.

Nos cursos de nivel B1.1 e C1.1, a proba final de promoción terá un valor de 125 puntos e constará de cinco partes (comprensión de textos orais; comprensión de textos escritos; produción e coprodución de textos orais; produción e coprodución de textos escritos; e mediación). Cada parte terá un valor de 25 puntos.

Para promocionar de curso dentro do mesmo nivel o alumnado terá que acadar, polo menos, 12,5 puntos en cada unha das actividades de lingua, e unha puntuación mínima do 65% da puntuación total da proba (81,25/125). O alumnado que non acade o mínimo do 65% (16,25/25) da puntuación total da proba na convocatoria ordinaria, ademais de examinarse das actividades de lingua nas que non obtivera 12,5 puntos, poderá examinarse tamén daquelas actividades nas que non acadara a puntuación mínima do 65%. Neste caso, se a cualificación obtida na convocatoria ordinaria é superior á que se obteña na extraordinaria, manterase a cualificación máis alta para o cálculo da nota final.

En todos os cursos e niveis, o alumnado que non promocióne deberá repetir curso e ser avaliado de novo de todas as actividades de lingua.

CONVOCATORIAS

O alumnado oficial poderá permanecer en cada un dos niveis o dobre de anos establecidos para cada un deles pola lexislación vixente. Logo de esgotadas as convocatorias o alumnado non poderá cursar as ensinanzas en réxime presencial pero poderá inscribirse para realizar as probas terminais de certificación polo réxime libre.

ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

A organización, aplicación e avaliación das probas para a obtención das certificacións por parte do alumnado con necesidades educativas especiais basearanse no principio de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes. Así, na celebración das probas deberanse adaptar, se é o caso, a duración e as condicións de realización delas.

5.2.5. PROBAS TERMINAIS ESPECÍFICAS DE CERTIFICACIÓN

CURSOS TERMINAIS DE NIVEL (A2, B1, B2, C1)[i]

O alumnado matriculado nos cursos terminais de nivel terá dereito a unha convocatoria de probas ordinaria, que terá lugar tras a finalización do segundo cuadrimestre, e outra, extraordinaria, que se realizará previsiblemente na segunda quincena de xuño. Nos cursos intensivos e de nivel integrado que se realicen no primeiro cuadrimestre, a convocatoria ordinaria será a finais do primeiro cuadrimestre, e a extraordinaria tras a finalización do segundo cuadrimestre.

Na convocatoria extraordinaria o alumnado só terá que examinarse das actividades de lingua non superadas na convocatoria ordinaria. De non obter a cualificación de apto en todas as partes da proba na convocatoria extraordinaria, o alumnado oficial deberá repetir curso e ser avaliado de novo de todas as partes da proba.

As probas terminais específicas de certificación serán comúns para todas as modalidades e réximes de ensinanza en cada escola e permitirán o acceso directo ás ensinanzas do nivel inmediatamente superior, e o nivel de competencia e o grao de dominio do idioma que se avalían nestas probas estableceranse en referencia aos obxectivos e criterios de avaliación establecidos nos currículos de cada idioma.

As probas correspondentes ao nivel básico A2 e intermedio B1 serán elaboradas polos correspondentes departamentos didácticos seguindo as pautas establecidas pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades na guía de elaboración do nivel correspondente.

As probas correspondentes aos niveis intermedio B2 e avanzado C1 serán deseñadas, a partir de tarefas redactadas polos departamentos didácticos das distintas escolas, por unha comisión de validación que a Dirección Xeral de Formación Profesional e Innovación Educativa designará para tal efecto.

A administración, avaliación e cualificación das probas será responsabilidade dos departamentos didácticos.

As guías informativas das probas de certificación de cada nivel poderanse consultar na páxina web da escola, www.eoisantiago.org, [Estrutura e contido](#)

As probas correspondentes ao nivel básico A2 estruturaránse en catro partes: comprensión de textos orais; produción, coprodución e mediación oral; comprensión de textos escritos; e produción, coprodución e mediación escrita.

As probas correspondentes ao niveis intermedio e avanzado (B1, B2, C1) estruturaránse en cinco partes: comprensión de textos orais; produción e coprodución de textos orais; comprensión de textos escritos; produción e coprodución de textos escritos; e mediación.

O alumnado examínase de todas as partes da proba e ningunha delas será considerada eliminatoria para a realización do resto delas.

As probas correspondentes á comprensión de textos orais e comprensión de textos escritos basearíanse en textos auténticos ou adaptados extraídos das diferentes fontes de comunicación oral ou escrita. A tipoloxía das tarefas deberá ser a apropiada para avaliar tanto a comprensión global como a comprensión de aspectos máis particulares de cada un dos textos.

No nivel A2, na proba de produción, coprodución e mediación escrita, o alumnado deberá producir textos de diferente tipoloxía e rexistro. A proba de produción, coprodución e mediación oral constará das tarefas necesarias para avaliar tanto o logro da comunicación proposta como a corrección e adecuación fonética e lingüística no uso da lingua, e comprenderá cando menos monólogo sostido e interacción co profesor ou outros aspirantes.

A cualificación da coprodución e mediación escrita e produción, coprodución e mediación oral das probas será realizada por, polo menos, dous membros do departamento correspondente.

Nos niveis B1, B2, C1, na proba de produción e coprodución escrita, o alumnado deberá producir textos de diferente tipoloxía e rexistro. A proba de produción e coprodución oral constará das tarefas necesarias para avaliar tanto o logro da comunicación proposta como a corrección e adecuación fonética e lingüística no uso da lingua, e comprenderá cando menos monólogo sostido e interacción co profesor ou outros aspirantes. A proba de mediación constará de dúas tarefas, unha para avaliar a mediación oral e outra para avaliar a mediación escrita. A tarefa de mediación oral e as tarefas de produción e coprodución de textos orais combinaránse nunha única proba; do mesmo xeito, a tarefa de mediación escrita combinarase coas tarefas de produción e coprodución escrita.

A cualificación da produción e coprodución de textos orais; produción e coprodución de textos escritos, e mediación, será realizada por, polo menos, dous membros do departamento correspondente.

Puntuación e cualificación

A puntuación total da proba terminal de certificación do nivel A2 será de 100 puntos. Cada unha das catro partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos. A cualificación será positiva cando se acaden, polo menos, 15 puntos en cada unha das catro partes nas que se estrutura a proba.

A puntuación total da proba terminal de certificación para os niveis B1, B2, C1 será de 125 puntos. Cada unha das cinco partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos. A cualificación será positiva cando se acaden, polo menos, 12,5 puntos en cada unha das cinco partes nas que se estrutura a proba e se obteña unha puntuación mínima do 65% no total da proba. O alumnado que non acaden o mínimo do 65% da puntuación total da proba na convocatoria ordinaria, ademais de examinarse das actividades de lingua nas que non obtivera 12,5 puntos, poderá examinarse tamén daquelas actividades nas que non acadara a puntuación mínima do 65%. Neste caso, se a cualificación obtida na convocatoria ordinaria é superior á que se obteña na extraordinaria, manterase a cualificación máis alta para o cálculo da nota final.

En todos os cursos e niveis, a cualificación outorgada ao alumnado será de apto, non apto ou non presentado, segundo corresponda.

O alumnado que non obteña a cualificación de apto nas probas terminais de certificación dos diferentes niveis poderá solicitar unha certificación académica na que se faga constar, con mención de todas as partes que conforman a proba, que acadou o grao de dominio requirido nas actividades de lingua que avalíen as partes superadas.

CONVOCATORIAS

O alumnado oficial poderá permanecer en cada un dos niveis o dobre de anos establecidos para cada un deles pola lexislación vixente. Logo de esgotadas as convocatorias o alumnado non poderá cursar as ensinanzas en réxime presencial pero poderá inscribirse para realizar as probas terminais de certificación polo réxime libre.

ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

A organización, aplicación e avaliación das probas para a obtención das certificacións por parte do alumnado con necesidades educativas especiais basearanse no principio de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes. Así, na celebración das probas deberanse adaptar, se é o caso, a duración e as condicións de realización delas.

[1] Equivalencia de cursos oficiais; A2.2 = A2; B1.2 = B1; B2.2 = B2; C1.2 = C1.

5.2.6. AUTOAVALUACIÓN

O profesor e o departamento deben facer unha autoavaliación sobre os resultados obtidos tras diferentes probas feitas aos seus alumnos oficiais tanto nos niveis que non certifican como nos de certificación. No caso de ter un elevado índice de suspensos, 50% ou superior, cada profesor debería reflexionar sobre a idoneidade da proba feita no aula e suscitarse unha serie de preguntas:

- Que parte do alto índice de suspensos é responsabilidade do propio profesor?
- Axustouse a proba ao traballado e visto durante semanas no aula?
- Que mecanismos debo activar para evitar futuros resultados similares?

No caso de ter un alto índice de suspenso en xuño en cursos de niveis de certificación, a formulación varía. Aínda así cabo suscitarse unha serie de preguntas, que poderían ser:

- Como podo ter un alto índice de suspensos, habendo cumprido cos contidos e obxectivos da programación?
- Axústase a programación ao nivel?
- As actividades no aula ao longo do curso foron as adecuadas?
- Que podo facer para, nunha nova convocatoria, mellorar os resultados?

Esta autoavaliación debe ser parte de cada reunión de departamento posterior aos diferentes exames. Nela débense valorar tanto os resultados individuais como colectivos do departamento e suscitarse a posibilidade de establecer uns criterios de mellora común. Estes criterios poden incidir en mellorar as coordinacións de elaboración de probas, os pilotaxes internos das probas e unha avaliación crítica de cada profesor sobre o seu traballo. Ao finalizar o curso e como parte da memoria do curso, faise un estudo estatístico dos resultados obtidos, que posteriormente son tratados en reunión de departamento para a súa análise, fixar medidas correctoras de ser necesarias e trasladar finalmente os resultados ao claustro.

5.3. CONVOCATORIA DAS PROBAS

1. As probas terminais de certificación realizaranse no mes de maio - xuño en convocatoria ordinaria e na segunda quincena do mes de xuño en convocatoria extraordinaria para o alumnado oficial. O alumnado libre soamente poderá presentarse a convocatoria ordinaria de febreiro. Na convocatoria extraordinaria o alumnado só terá que examinarse das destrezas non superadas na convocatoria ordinaria.
2. A Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais establecerá anualmente as datas e horario para a realización das probas de nivel B2 e C1 para os idiomas que se imparten en máis dunha escola.
3. As probas terminais de certificación correspondentes aos cursos intensivos autorizados realizaranse ao finalizar o correspondente cuadrimestre. Cando o curso teña lugar no primeiro cuadrimestre as probas terminais de certificación correspondentes serán elaboradas polos departamentos didácticos de acordo co establecido no documento de especificacións do nivel correspondente. A convocatoria extraordinaria destes cursos terá lugar no mes de xuño.

5.4. ASISTENCIA

O alumnado que non se incorpore ao curso correspondente, xa sexa este final ou non final de nivel, nos primeiros quince días lectivos sen xustificación razoada perante a dirección, perderá a condición de alumnado oficial e a escola poderá dispoñer da súa praza para ser cuberta por outro aspirante.

5.5. SESIÓNS DE ESTADARIZACIÓN: DIRECTRICES E PROTOCOLO DE ANÁLISE DE RESULTADOS E CONCLUSIÓNS

Protocolo para a estandarización dos criterios de avaliación dos departamentos didácticos:

Para garantir a fiabilidade das certificacións das escolas oficiais de idiomas, a Resolución do 17 de decembro de 2014 establece que o profesorado deberá participar en sesións de estandarización para a corrección destas probas. Estas sesións dedicaranse á estandarización dos criterios de avaliación da expresión oral e expresión escrita dos niveis que certifique o departamento (que poden ser A2, B1.2, B2 e C1). Estas sesións leváranse a cabo ao menos unha vez no curso académico, preferiblemente antes da administración das probas de certificación.

Para levar a cabo as sesións, o/a xefe/a de departamento ou a persoa coordinadora das probas de certificación seguirá as seguintes pautas:

1. Seleccionará mostras de probas de expresión oral e escrita feitas por candidatos dos distintos niveis da convocatoria anterior.
2. Estas mostras repartiranse entre o profesorado do departamento, que deberá avalialas de forma individual, utilizando as ferramentas propias das probas de certificación (baremos, guías de administración, criterios de avaliación, MECR, etc.).
3. O profesorado fará unha posta en común dos seus resultados, ben reunido como departamento, ou ben en grupos pequenos, co obxectivo de chegar a un entendemento común dos descritores dos baremos de avaliación.
4. Se hai desacordo nas notas outorgadas, o profesorado deberá chegar a un consenso a través do debate, sempre apoiado nos criterios de avaliación do nivel.

Este proceso levará a que o profesorado chegue a unha comprensión máis profunda das características da produción oral e escrita dos candidatos en cada un destes niveis, e tamén resultará nun maior grao de fiabilidade na avaliación das probas de expresión.

5.6. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para as probas terminais de certificación dos niveis Básico, Intermedio e Avanzado utilizaranse os baremos incluídos na Guía da Administración das Probas de Certificación dos correspondentes niveis. Para avaliar as tarefas de lingua que se farán de xeito integrado nas clases ao longo do primeiro cuadrimestre tamén se utilizarán como guía os baremos correspondentes das probas de certificación.

6. ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS

A metodoloxía usada na EOI ten como referente un modelo de ensinanza comunicativo, cunha base fundamentalmente práctica, cuxa finalidade é o uso do idioma. Trátase do enfoque orientado á acción do MCERL, que se centra non só nas competencias lingüísticas, senón en todas as capacidades que o individuo debe utilizar para se integrar eficazmente na comunidade da lingua que está estudar.

Este enfoque, na súa posta en práctica, terá como centro tarefas baseadas nos obxectivos de comunicación definidos no currículo e nesta programación, e terá en conta as necesidades e intereses do alumnado. Na sociedade levamos a cabo tarefas (escribimos cartas, realizamos conversas, compramos billetes de avión, solicitamos información en ámbitos da nosa vida profesional, pública ou persoal, expresamos dúbidas respecto de opinións ou proxectos familiares ou profesionais...). Isto é o que debe aprender a facer o alumnado.

O aprendiz de idiomas será usuario da lingua que está a aprender, o que implica: ter en conta as súas necesidades reais de aprendizaxe, e os seus intereses e contextos de uso; aceptar, como consecuencia disto, a existencia na aula dun perfil competencial desigual, e de motivacións e intereses diversos; e establecer graos de dominio que poden non responder en todos os casos ao grao de competencia do falante nativo.

Os principios metodolóxicos en que se baseará o proceso de ensino-aprendizaxe serán os seguintes:

A aprendizaxe centrada no alumno e nas súas necesidades. Este principio favorece a implicación deste na aprendizaxe, que se pode lograr: téndoo en conta á hora de deseñar as tarefas (traballando con materiais que respondan aos seus intereses, mesmo propostos por el); tendo en consideración os diferentes estilos de aprendizaxe (e, xa que non é posíbel dar resposta a cada un deles por separado, polo menos axustar a nosa axuda ás características xerais do alumnado); identificando os seus coñecementos previos para actualalos antes de realizar unha tarefa; e desenvolvendo a súa capacidade de auto avaliación.

A recreación na aula de situacións que simulen as actividades comunicativas reais consideradas en cada nivel do currículo e que centren o ensino no aprendiz e nas súas necesidades. O profesor debe prever as situacións en que terá que desenvolverse o alumno na realidade, para poderlle proporcionar os expoñentes lingüísticos e os referentes culturais que lle permitirán comunicarse nelas. Deste xeito, propoñendo tarefas e utilizando recursos e materiais de aprendizaxe que respondan aos seus intereses e aos seus futuros contextos de uso, lograremos maior motivación. Para incluír no proceso de aprendizaxe as dimensións do individuo que aprende teremos en conta a súa biografía, os asuntos que o ocupan e os que lle preocupan, a súa creatividade e o seu contorno; e o alumnado tamén poderá propoñer tarefas, seleccionar recursos e materiais de aprendizaxe que respondan aos seus intereses.

A reflexión do docente (individualmente ou en colaboración co alumnado) sobre o proceso de ensino-aprendizaxe para obter conclusións e poder aplicar de xeito eficaz o enfoque metodolóxico adoptado, así como para poder proporcionarlle ao alumnado indicacións sobre o propio control e sobre as estratexias de aprendizaxe máis axeitadas.

O fomento de actitudes como o plurilingüismo e o pluriculturalismo, pois o desenvolvemento das capacidades que se exercitan ao relacionarse con outras linguas e culturas repercute no desenvolvemento da competencia na lingua obxecto de estudo.

A variación das formas de socialización e da organización tradicional da aula. Unha aula organizada por mesas orientadas cara ao profesor non favorece a realización de actividades de comunicación; é preferíbel optar por exemplo por un deseño en U, ou distribuír as mesas en varios grupos. Ademais, hai que ter en conta outros espazos de socialización e aprendizaxe distintos da aula, dentro da escola (salón de actos e aula de informática, laboratorio, cafetería e sala de estudo...) e fóra dela (a través de excursións, intercambios...).

O estímulo da capacidade de aprender a aprender, favorecendo o desenvolvemento de estratexias de comunicación e aprendizaxe.

O fomento na clase dunha dinámica que favoreza a interacción comunicativa (entre os alumnos e co profesor), creando un clima de axuda mutua, cordialidade, empatía, respecto e interese.

A atención á diversidade, tanto de intereses como de coñecementos, capacidades e ritmos de aprendizaxe, mediante recursos metodolóxicos que teñan en conta estas diferenzas.

As metodoloxías comunicativas -especialmente a baseada en tarefas- reproducen na aula as situacións de uso en contextos auténticos ao mesmo tempo que, para desenvolverse nelas, proporcionan o apoio de procesos de aprendizaxe (traballo do vocabulario, das estruturas, dos

contidos sociolingüísticos, etc. que posibilitan a realización da tarefa comunicativa). Seguen un proceso de ensino-aprendizaxe contrario ao tradicional, que partía da lingua para abordar as actividades: o enfoque baseado na acción, no uso, na actividade social, non presenta aspectos da lingua para a súa aprendizaxe e posterior utilización na comunicación, senón que, en función das actividades comunicativas que se vaian realizar, propón unidades de uso. A selección dos contidos deriva da actividade de uso da lingua, da tarefa que se realice. E, aínda que se poden prever os contidos lingüísticos para realizar unha tarefa, hai que ter presente que calquera tarefa podería resolverse con outros recursos diferentes.

Os contidos introducíranse, pois, en función das necesidades do proceso de aprendizaxe da lingua como instrumento de comunicación. Aínda que estes aparezan no currículo e na programación separadamente, non se trata de velos na aula de forma illada, senón que terán que ser integrados no marco dunha tarefa e en función das necesidades lingüísticas para levala a cabo. A progresión gramatical é, consecuentemente, gradual e concéntrica.

En todo caso, unha tarefa é calquera iniciativa para a aprendizaxe que implique a realización na aula de actividades de uso da lingua representativas das que se poden levar a cabo fóra dela, que estea estruturada pedagoxicamente, quen estea aberta á intervención activa e ás achegas persoais dos que a executan, que requira deles unha atención prioritaria ao contido das mensaxes e que lles facilite ocasión e momentos de atención á forma lingüística.

Pero non podemos limitar o proceso de ensino á proposta de actividades comunicativas e actividades capacitadoras da tarefa final. Os principios en que se basean as estratexias de aprendizaxe das linguas proporciónanos tamén ámbitos de intervención pedagóxica:

A concepción da aula como un espazo social e de aprendizaxe, e da clase é como un acontecemento comunicativo en que se produce lingua nun contexto social real.

Os procesos psicolóxicos da aprendizaxe de linguas (interlingua, teorías do erro, perfís do aprendiz...).

O plurilingüismo e a pluriculturalidade.

A autonomía na aprendizaxe e as condicións que permiten o seu desenvolvemento e aprender ao longo da vida.

En consecuencia, debemos dedicar momentos da aprendizaxe a:

- A análise do proceso de aprendizaxe –que erros se cometen e por que, que se sabe facer respecto da tarefa proposta e que se necesita aprender para abordala con éxito e corrección lingüística.
- A identificación dos coñecementos doutras linguas (lingüísticos, textuais, sociolingüísticos e culturais de uso) que poden axudar a aprender esta.
- As condicións que favorecen a autonomía do aprendiz e a autoaprendizaxe (elixindo obxectivos propios, materiais, métodos e tarefas, determinando a organización e realización das tarefas elixidas e aplicando a auto avaliación).
- As estratexias de comunicación (planificación, execución, control e reparación) requiridas para levar a cabo as actividades comunicativas.
- A avaliación será sempre coherente cos obxectivos e contidos da programación. Debemos optar por unha avaliación distinta da tradicional, baseada fundamentalmente na corrección dos erros. Estes son proba da vontade que ten o alumno de comunicarse a pesar de equivocarse, e son produto inevitábel e pasaxeiro da interlingua que desenvolve. Débense corrixir se interfíren na comunicación (e a posteriori, cando non interfira na comunicación).

7. RECURSOS DIDÁCTICOS

O departamento pon ao coñecemento de seus alumnos una serie de recursos didácticos coa intención de que éstos cumpran as seguintes funcións:

1. Que lles proporcionen información ao alumno.
2. Que sexan unha guía para as aprendizaxes, xa que nos axudan a organizar a información que queremos transmitir. Deste xeito ofrecemos novos coñecementos ao alumno.
3. Que lles axuden a exercitar as habilidades e tamén a desenvolvelas.
4. Que lles esperten a motivación, impúlsana e crean un interese cara ao contido do mesmo.

O departamento ten á súa disposición os recursos didácticos tradicionais como poden ser libros de texto, dicionarios, e libros de material fotocopiado, e tamén outros recursos como películas, documentais, xogos, e revistas. Parte da labor do departamento este curso, como noutros anteriores, é contribuir a un banco de materiais compartido por todo o profesorado. Tamén este curso se promoverá a colaboración entre profesores para crear un banco de ligazóns de uso didáctico mediante DIIGO e que se atopa na páxina web da EOI:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/eoidesantiago/node/843>

Os recursos cos que conta o centro son os seguintes:

a) Biblioteca.

A actual biblioteca da EOI de Santiago de Compostela pertence á rede MEIGA de bibliotecas da Xunta de Galicia. En alemán, entre outros materiais, pódense atopar os materiais recomendados para os diferentes cursos e niveis.

b) Departamento.

A comezos de curso o departamento de alemán conta con certo material bibliográfico ou audiovisual, fundamentalmente para todos os niveis agás o nivel C que ao ser de recente incorporación, dispón de menos materiais. Durante o curso faranse as xestións necesarias para adquirir fondos bibliográficos e audiovisuais para o departamento, incrementando os medios do nivel C.

c) Sala de lectura.

A sala de lectura conta con varios ordenadores con conexión a internet. Ademais o alumnado de alemán pode ler varios exemplares de revistas en alemán, concretamente da Focus; Spiegel e TV-Spielfilm mercadas cos fondos anuais dos que dispón o departamento para subscricións.

d) Conexión a internet.

O alumnado pode acceder a internet desde os ordenadores da sala de lectura ou desde o seu portátil mediante a conexión sen fíos dispoñible no centro. Nas aulas cóntase con acceso a internet a través de cableado.

f) Aulas.

As clases de alemán desenvólvense en diferentes aulas do centro -concretamente nas 4, 6, laboratorio e no salón de actos- que contan con ordenador, radio CD, reprodutor de DVD, sistema de audio integrado no teito e encerado dixital.

g) Salón de actos.

O salón de actos conta cun encerado dixital e sistema de megafonía e utilízase tamén como aula. Aínda que a ocupación con grupos ordinarios ou outro tipo de cursos fai que practicamente non sexa operativo para a súa función inicial, se estivese libre podería servir, sempre previa reserva, para levar a cabo as actividades extraescolares que se programen este curso dende o departamento.

h) Material informático portátil.

Dispónse de varios ordenadores portátiles e de 19 tabletas que se poden usar previa reserva.

i) Material reprográfico.

Cóntase cunha fotocopiadora en rede cos ordenadores do centro para fotocopiar o material para as aulas e unha no departamento.

8. DIRECTRICES PARA CREAR, ORGANIZAR E MANTER O BANCO DE MATERIAIS DO DEPARTAMENTO

A elaboración da programación didáctica é unha oportunidade para que o profesorado poida reflexionar sobre os materiais e as ferramentas que utilizará para poñer en práctica o contido da mesma. Nalgúns casos, todo o material didáctico será elaborado polo profesorado que imparta o nivel. Noutros, o profesorado utilizará un libro de texto como apoio á docencia. En todos os casos, e tratándose tanto de materiais creados con anterioridade como publicados por editoriais, o momento da elaboración da programación didáctica irá da man da revisión destes materiais e a análise das carencias nos mesmos. Tamén irá acompañado dunha proposta de materiais que deberán ser creados ou atopados para poder completar a programación dunha forma satisfactoria.

O departamento de alemán xa leva anos traballando na elaboración e mellora do seu banco de materiais, co obxectivo de facilitar que o profesorado pertencente ao mesmo poida acceder facilmente aos materiais antes descritos, mesmo en casos de profesorado traballando nas seccións, se fora o caso nun futuro, profesorado de nova incorporación ou substituto, etc. O banco clasificará os materiais en dous tipos - material específico do nivel, que forma parte esencial da programación didáctica, e material de uso opcional, presente para completar e enriquecer a docencia. O profesorado que imparta o nivel clasificará e organizará este material antes de incorporalo ao banco de materiais, manténdoo actualizado o responsable do mesmo, e facilitará o acceso ao mesmo, mantendo unha copia en formato dixital.

9. BIBLIOGRAFÍA E MATERIAL RECOMENDADO

NIVEL BÁSICO

BÁSICO A1	<i>Momente A1</i> . Ed. Hueber	
	Kursbuch A1 plus interaktive Version	ISBN 978-3-19-501791-6
	Arbeitsbuch A1 plus interaktive Version	ISBN 978-3-19-511791-3

LECTURA RECOMENDADA para BÁSICO 1

O profesor ou a profesora levará aos alumnos á Biblioteca para mostrarlles os libros que hai e poderá recomendarlles algunha lectura.

BÁSICO A2	<i>Schritte International 3 + 4 NEU</i> . Ed. Hueber	
	Kursbuch und Arbeitsbuch A 2.1	ISBN 978-3-19-301084-1
	Kursbuch und Arbeitsbuch A 2.2	ISBN 978-3-19-601084-8

LECTURA RECOMENDADA para BÁSICO 2

O profesor ou a profesora levará aos alumnos á Biblioteca para mostrarlles os libros que hai e poderá recomendarlles algunha lectura.

BÁSICO A1 E A2: LIBROS DE CONSULTA RECOMENDADOS

- Diccionario bilingüe Moderno de Alemán. Ed. Langenscheidt ISBN 3-468-96054-9
- Curso de autoaprendizaje de alemán para principiantes "Deutsch rapid". Ed. Hueber ISBN 007470-4

- Reimann, Monika. Gramática esencial del alemán (con ejercicios). Ed. Hueber ISBN 071575-0
- Grammatik aktiv Deutsch als Fremdsprache A1-B1. Ed. Cornelsen ISBN 978-3-06-023972-6

NIVEL INTERMEDIO

- INTERMEDIO B1.1 *Schritte International NEU 5.* Ed. Hueber
Kursbuch + Arbeitsbuch (mit Audio CD). Ed. Hueber ISBN 978-3-19-8141-036-5

LECTURA RECOMENDADA para INTERMEDIO B1.1

- Thoma, Leonhard. Das Idealpaar (mit CD) Ed. Hueber ISBN 978-84-8141-036-5
- Scherling, Theo & Elke Burger. Leo & Co. Leichte Beute. Ed. Langenscheidt ISBN 978-3-468-49755-1

- INTERMEDIO B1.2 *Aspekte neu - Mittelstufe Deutsch Lehrbuch mit DVD B1 plus.* Ed. Langenscheidt -Klett
Kursbuch ISBN 978-3-12-605015-9
Arbeitsbuch ISBN 978-3-12-605017-3

LECTURA RECOMENDADA para INTERMEDIO B1.2

- Kästner, Erich. Die Konferenz der Tiere. Ed. Dressler. ISBN 3-7915-3021-6
- Hacke, Axel. Nächte mit Bosch. Ed. DTV. ISBN 342311942X
- Janosch. „Oh, wie schön ist Panama“ Ed. Beltz & Gelberg ISBN 978-3407760067

B1.1 E B1.2: LIBROS DE CONSULTA RECOMENDADOS

- Diccionario monlingüe Deutsch als Fremdsprache. Ed. Hueber ISBN 3-19-001735-2
- Diccionario monolingüe Deutsch als Fremdsprache. Ed. Langenscheidt ISBN 3-46849028-3
- Hering, Axel, Magdalena Matussek & Michaela Perlmann-Balme. Em - Übungsgrammatik DaF. Ed. Hueber. ISBN 3-19-001657-7
- Grammatik aktiv Deutsch als Fremdsprache A1-B1. Ed. Cornelsen ISBN 978-3-06-023972-6

INTERMEDIO B2	<i>Aspekte neu</i> - Mittelstufe Deutsch Lehrbuch mit DVD B1 plus. Ed. Langenscheidt -Klett	
Primer cuatrimestre	Lehrbuch mit DVD Arbeitsbuch mit Audio-CD	ISBN 978-3-12-605015-9 ISBN 978-3-12-605017-3
Segundo cuatrimestre	O/a profesor/a informará ao comezo de curso sobre o libro de texto do segundo cuatrimestre. OPCIONAL: <i>Aspekte neu</i> Mittelstufe Deutsch Lehrbuch mit DVD B2. Ed. Langenscheidt-Klett	
	Lehrbuch mit DVD Arbeitsbuch mit Audio-CD	ISBN 978-3-12-605024-1 ISBN 978-3-12-605026-5

LECTURA RECOMENDADA para INTERMEDIO B2

- Zweig, Stefan: Die Schachnovelle, Ed. Fischer ISBN-10: 3596215226
- Herrndorf, Wolfgang: „Tschick“, Ed. rororo. ISBN 978-3-499-25635-6

B2: LIBROS DE CONSULTA RECOMENDADOS

- Diccionario monolingüe Deutsch als Fremdsprache. Ed. Langenscheidt ISBN 3-46849028-3
- Deutsch üben Band 3/4 Weg mit den typischen Fehlern. Ed. Hueber ISBN 007451-8
- Deutsch üben Band 5/6 Sag's besser. Ed. Hueber ISBN 007453-5
- Hall, Karin & Barbara Scheiner. Übungsgrammatik DaF für Fortgeschrittene. Ed. Hueber ISBN 978-3-19-007448-8

NIVEL AVANZADO

AVANZADO C1.1	<i>Sicher! C1.1</i> . Ed. Hueber <i>Kursbuch + Arbeitsbuch</i> C1.1 Lektion 1-6	
	Kursbuch Arbeitsbuch	ISBN: 978-3-12-605024-1 ISBN: 978-3-12-605026-5

LECTURA RECOMENDADA para AVANZADO C1.1

- von Schirach, Ferdinand: Verbrechen. Ed. Piper ISBN 978-3-492-25966-8
- Goosen, Frank: Liegen lernen. Ed. Heyne ISBN 3-453-21224-X
- Safier, David: Mieses Karma. Ed. Rowohlt ISBN 978-3-499-25475-8

C1.1: LIBROS DE CONSULTA RECOMENDADOS

- Diccionario monolingüe Deutsch als Fremdsprache. Ed. Langenscheidt ISBN 3-46849028-3
- Deutsch üben Band ¾ Weg mit den typischen Fehlern. Ed. Hueber ISBN 007451-8
- Deutsch üben Band 5/6 Sag's besser. Ed. Hueber ISBN 007453-5
- Hall, Karin & Barbara Scheiner. Übungsgrammatik DaF für Fortgeschrittene. Ed. Hueber ISBN 978-3-19-007448-8

AVANZADO C1.2 *Sicher! C1.2*. Ed. Hueber ISBN 978-3-19-701208-7
Kursbuch + Arbeitsbuch C1.2 Lektion 7-12

LECTURA RECOMENDADA para AVANZADO C1.2

- Borrmann, Mechtild: Wer das Schweigen bricht, Ed. Pendragon ISBN-978-3865322319
- Rademacher, Cay: „Trümmerörter“, Dumont (2011) ISBN 978-3-832-16154-5
- Aichinger, Bernhard: „Der Fund“, btb Verlag ISBN 978-3442757831

C1.2: LIBROS DE CONSULTA RECOMENDADOS

- Diccionario monolingüe Deutsch als Fremdsprache. Ed. Hueber ISBN 3-19-001735-2
- Diccionario monolingüe Deutsch als Fremdsprache. Ed. Langenscheidt ISBN 3-46849028-3
- Deutsch üben Band 5/6 Sag's besser. Ed. Hueber ISBN 007453-5
- Hall, Karin & Barbara Scheiner. Übungsgrammatik DaF für Fortgeschrittene. Ed. Hueber ISBN 978-3-19-007448-8
- Übungsgrammatik für die Oberstufe Niveau B2-C2. Ed. Hueber ISBN 978-3-19-207448-6

MONOGRÁFICO C1+

LIBRO DE TEXTO/MATERIAL: O/a profesor/a informará ao comezo do curso sobre o material a usar durante o curso

LECTURA RECOMENDADA para C1+ Monográfico

- Seethaler, Robert: „Der Trafikant“. Ed. Kein & aber Pocket ISBN 0369-5909-2
- Kehlmann, Daniel: Ruhm. Ed. Rowohlt ISBN 978-3-498-03543-3

C1+ Monográfico: LIBROS DE CONSULTA RECOMENDADOS

- Diccionario monolingüe Deutsch als Fremdsprache. Ed. Hueber ISBN 3-19-001735-2
- Diccionario monolingüe Deutsch als Fremdsprache. Ed. Langenscheidt ISBN 3-46849028-3
- Deutsch üben Band 5/6 Sag's besser. Ed. Hueber ISBN 007453-5
- Hall, Karin & Barbara Scheiner. Übungsgrammatik DaF für Fortgeschrittene. Ed. Hueber ISBN 978-3-19-007448-8
- Übungsgrammatik für die Oberstufe Niveau B2-C2. Ed. Hueber ISBN 978-3-19-207448-6

10. MEDIDAS PARA A UTILIZACIÓN DAS TIC

Vivimos nun mundo globalizado onde as tecnoloxías da información e comunicación (TIC) na vida das persoas, tanto na vida cotiá como na profesional, privada ou en tempo de lecer, son case omnipresentes. E a aprendizaxe de linguas non é ningunha excepción a esta tendencia: os recursos en liña que permiten axudar esta aprendizaxe multiplícanse de forma exponencial.

Gran parte do noso alumnado é cidadán do mundo dixital, o que supón que está afeito a aprender e a comunicarse mediante recursos dixitais: resultaralle moito máis satisfactorio facer actividades de aprendizaxe non só centradas na cultura escrita e impresa senón tamén na cultura dixital.

Polo tanto resulta conveniente prever, ademais dos recursos tradicionais dispoñibles no centro, a utilización doutros recursos presentes en Internet, tendo en conta que a EOI está equipada con conexión (ADSL, wifi, encerado interactivo) e espazos de traballo que permitan tanto o acceso colectivo (durante a clase) como o acceso individual (fóra da clase) a recursos existentes na rede.

As vantaxes do uso das TIC no ensino de idiomas son, entre outros:

- motivación (carácter novidoso e interactividade)
- desenvolvemento comportamental
- método e rigor
- traballo ao seu ritmo
- autonomía
- interdisciplinabilidade

Máis especificamente, Internet:

- permite ao alumnado estar en contacto coa lingua auténtica.
- fai entrar o mundo exterior na aula.
- serve como punto de partida para múltiples actividades.

Sen embargo, na selección e utilización de todos eses recursos convén ter en conta os seguintes aspectos:

1. Favorecer o uso de redes sociais e o uso da web como ferramenta tanto de recepción como de produción de información e interacción/intercambio con outros usuarios da lingua aprendida (uso de *cadernos de bitácora, podcasts, wikis,...*).
2. Fomentar a participación en proxectos de colaboración a distancia que utilicen as TIC (*chat, correo electrónico, foros, telefonía ou vídeo conferencia a través de internet, co programa Skype, por exemplo*): estes recursos permiten realizar proxectos con participantes de países nos que a lingua estudada sexa o vehículo da comunicación ou nos que se traballe de forma multilingüe.
3. Favorecer o desenvolvemento de estratexias para a procura, selección e organización de información na web (como por exemplo, a través das *webquests*), utilizando a lingua estudada. Isto tamén implica que se promova no departamento a creación de *webquests* para o seu uso nas clases, como actividades complementarias ou de síntese da materia.

4. Promover o uso de plataformas de xestión de aulas virtuais, como Aula CESGA ou Moodle: son ferramentas útiles para construír o coñecemento no traballo en grupo, tamén para a titoría e a orientación individualizada do alumnado. Trátase, en definitiva, de favorecer a continuidade fóra da aula do proceso de aprendizaxe.
5. Incentivar a difusión dos materiais e dos contidos creados por alumnado e profesorado na intranet da EOI e na internet.

Co obxectivo de sistematizar un pouco fronte á multitude de recursos que temos ao noso arredor, imos tentar caracterizar un recurso de Internet. Para isto, podemos mencionar brevemente os seguintes criterios:

- tamaño ou duración do recurso
- obxectivos que se pretenden acadar
- destrezas traballadas
- tipo de público: nivel, idade, necesidades específicas
- temática
- tarefa aberta (de creación) ou pechada (como *Hot Potatoes*), escrita ou oral
- soporte filtrado (semiauténtico) ou auténtico
- natureza do soporte: interactividade, multicanalidade, actualidade
- relación coa vida real
- posta en situación a través dunha simulación ou dun xogo de rol
- tipo de participación: actividade por parellas, en grupo pequeno ou en grupo grande
- ferramentas necesarias: ordenador, proxector, encerado interactivo...

A partir dos criterios arriba mencionados, pódense establecer as seguintes categorías de recursos pedagóxicos dispoñibles en Internet:

- exercicios
- tests en liña: autoavaliación, proba de clasificación...
- tarefas pechadas
- tarefas abertas (ou guións) con produción escrita: foros, *wikis*, *cadernos de bitácora*...
- tarefas abertas (ou guións) con iteración oral
- cursos ou complementos de cursos: cursos xerais, por destrezas parciais, linguaxes específicas
- boletíns pedagóxicos

Para concluír, hai que subliñar que, debido á sobrecarga de traballo a maioría destas propostas non se poden realizar dentro do noso horario laboral e a súa realización polo tanto queda sometida ao tempo libre do que dispoña cada profesor.

11. LIÑAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Alumnado con dificultades cognitivas e/ou de memoria de traballo

Estratexias para minimizar as dificultades de aprendizaxe previndo unha sobrecarga da memoria de traballo, promover as funcionalidades de traballo e empregar estratexias de aula e impacto no deseño das unidades didácticas:

- Reducir as intervencións faladas do profesorado, canto máis fala máis ten que loitar o alumnado por entender.
- Avaliar as demandas de traballo das actividades de aprendizaxe e reducir a dificultade de procesamento. As actividades que supoñen demandas dun almacenamento moi grande/de memoria de traballo implican frecuentemente a retención de cantidades significativas de material verbal cun contido relativamente arbitrario (p.e. lembrar secuencias de tres ou máis números ou palabras que non se relacionan entre si).
- Dar tempo de procesamento extra para contestaren preguntas (tempo de espera); simplificar a cantidade de procesamento mental dándolles "pistas" escritas no taboleiro.

- Acrecentar o grao de significado e de familiaridade do material que hai que lembrar (personalizar e contextualizar).
- Repetir información importante (repetición espaciada), deterse de cando en cando e preguntarlles que resuman o que aprenderon até o momento.
- Dividir instrucións que teñen múltiples pasos en pasos separados, dándolles tempo para realizar os pasos; darlles instrucións escritas como referencia; reestruturar tarefas complexas (dividir en anacos máis pequenos).
- Animar a usar axudas para a memoria (información chave, incluídos os obxectivos das unidades ou actividades, criterios de avaliación, etc; usar mapas conceptuais; apoios visuais).
- Empregar diferentes organizadores gráficos para ensinar novos conceptos e informacións.
- Minimizar a ansiedade e temores do alumnado, porque impactan na capacidade cognitiva.
- Proporcionar recursos prácticos (na súa mesa, se se precisar) para reducir a sobrecarga de memoria, por exemplo, comezos de oracións, soletreo de vocabulario chave, papel pautado, etc.
- Reducir a cantidade total de material que haxa que almacenar ou lembrar (por exemplo, acurtar as oracións que teñan que escribir ou o número de items que teñan que lembrar).
- Usar técnicas de ancoraxe para asegurar que poidan ligar coñecementos previos, proporcionar o contexto, desenvolver rutinas, etc.

O procesamento oral na memoria de traballo supón grandes dificultades, por exemplo, seguir as instrucións orais, coller apuntamentos nas conferencias, respostas escritas a preguntas orais, etc. Por tanto, debemos reducir as cargas da memoria de traballo por medio de:

- Simplificar as instrucións e dividilas en pasos individuais (con axuda de axudas de memoria se for posíbel).
- Dividir as preguntas en segmentos para minimizar a carga de memoria.
- Repetir o contido varias veces para que o alumnado o ouza e procese claramente.
- Animar o alumnado a pedir información cando se require.
- Dar ao alumnado máis tempo de agarda para poderen procesar a información.

Cumpre, ademais, lembrarmos que:

- Cada estudante ten un nivel e función de memoria de traballo e dificultades cognitivas diferentes.
- A memoria de traballo es as dificultades cognitivas van afectar o desempeño nas probas de avaliación.
- A ansiedade, o estrés e o medo engaden máis problemas ás dificultades cognitivas e á memoria de traballo.
- Alumnado que ten moitas dificultades cognitivas e/ou moitos problemas de memoria de traballo na súa L1 vai ter aínda moitos máis coas dificultades cognitivas e coa súa memoria de traballo nunha L2 a

Organizadores gráficos facilitadores da memoria de traballo e que palían as dificultades cognitivas:

- mapas conceptuais e 2 columnas pros/contras (para remuíños de ideas, revisión, vocabulario, conceptualización, etc)
- fichas boca abaixo para descubrir pares, con imaxes, palabras, sons, grafías, etc
- arañeiras ou mapas conceptuais (vocabulario)
- dados
- nubes de palabras (vocabulario, conceptos)

- gráficos: liñas, de barras, tarta.
- **"decision tree"**: elaborar instrucións para resolver un problema
- **diagrama de Venn**: mostrar similitudes e diferencias
- Smart Art de ciclo: mostrar un proceso de causas-consecuencias
- Liñas temporais: tempos verbais
- Mostrar información sobre cinco tipos de dietas por categorías: táboa ou gráfico, fichas con nomes dos tipos de dietas e outras con definicións, e unilos (isto xa non sería presentación, sería o exercicio)
- Clasificar características: **Diagrama de Carroll**
- **Placemat**: Debater, contrastar

12. OUTROS CURSOS

12.1. CURSOS MONOGRÁFICOS

A programación destes cursos axustarase aos niveis correspondentes do Marco europeo común de referencia para as linguas e nela constarán de forma expresa os obxectivos, as competencias, os contidos e os criterios de avaliación.

MONOGRÁFICOS

Nivel C1+ Monográfico

O presente curso de mellora de destrezas orais (producción, co-producción, mediación e comprensión oral) ofértase no presente curso 2023-24 polas seguintes razóns: É un curso que pode resultarlle interesante ao alumnado actual do nivel C que ten dificultades en tarefas comunicativas, e pode resultarlle de interese ao noso ex-alumnado de niveis C que non se matriculou este ano e/ou en anos anteriores e que estea algo oxidado nestas destrezas, e se plantexa este curso coo unha opción menos estresante (ao non ser certificadora) para poñerse ao día e recuperar fluidez.

OBXETIVOS XERAIS

Son os que aparecen para o produción e coprodución oral e a comprensión oral nos niveis C veñen recollidos no Decreto 81/2018, do 19 de xullo, a saber:

- Comprender, independentemente da canle e mesmo en malas condicións acústicas, a intención e o sentido xeral, as ideas principais, a información importante, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes, tanto implícitas como explícitas, dos e das falantes nunha ampla gama de textos orais extensos, precisos e detallados, e nunha variedade de acentos, rexistros e estilos, mesmo cando a velocidade de articulación sexa alta e as relacións conceptuais non estean sinaladas explicitamente, sempre que poida confirmar algúns detalles, especialmente se non está familiarizado/a co acento.
- Producir e coproducir con fluidez, espontaneidade e case sen esforzo, independentemente da canle, unha ampla gama de textos orais extensos, claros e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, en diversos rexistros, e cunha entoación e acento adecuados á expresión de matices de significado, mostrando dominio dunha ampla gama de recursos lingüísticos, das estratexias discursivas e interaccionais e de compensación que fai imperceptibles as dificultades ocasionais que poida ter para expresar o que quere dicir, e que lle permite adecuar con eficacia o seu discurso a cada situación comunicativa.
- Comprender, sempre que dispoña dun certo tempo para acostumarse ao acento, practicamente a calquera persoa interlocutora e calquera texto oral, producido en vivo ou retransmitido, independentemente da canle e da velocidade, aínda que a calidade do son non sexa óptima. Será quen de recoñecer significados implícitos e apreciar matices de estilo.
- Producir e coproducir, con soltura e fluidez, textos orais extensos, detallados e formalmente correctos para comunicarse en situacións da vida persoal, social, profesional e académica,

adaptando con eficacia o estilo e o rexistro aos diferentes contextos de uso, sen cometer erros, salvo algún descoido ocasional, e empregando un amplo repertorio de expresións, acentos e patróns de entoación que lle permitan transmitir con precisión matices sutís de significado.

No desenvolvemento detallado da secuenciación de contidos que se describe a continuación, o profesorado inclúe de forma planificada e intencionada un abano de actividades e ferramentas de avaliación formativa na súa programación diaria de aula. Estas actividades e ferramentas permiten observar, reflexionar e valorar o nivel de comprensión e cumprimento dos obxectivos de aprendizaxe por parte do alumnado. A través delas, adaptadas ás necesidades e ao contexto da aula, axudamos aos estudantes a avanzar na súa aprendizaxe e a facer os axustes necesarios para acadar os obxectivos de aprendizaxe esixidos. Ditas actividades e ferramentas responderán ás seguintes estratexias:

- Coñecer os obxectivos de aprendizaxe da unidade e reflexionar sobre o progreso actual que están a lograr.
- Obter evidencias de aprendizaxe para comprobar o nivel de comprensión dos contidos da unidade por parte do alumnado.
- Traballar con textos modelo orais e escritos para que os estudantes comprendan os criterios de calidade necesarios esixidos na súa produción.
- Autoavaliar e avaliar entre pares (coavaliación) os produtos de aprendizaxe da unidade mediante instrumentos de avaliación que proporcionan retroalimentación sobre o nivel de consecución dos criterios de calidade e os pasos a seguir para achegarse a eles.
- Fomentar un ambiente de retroalimentación no que tanto estudantes como profesorado reciben orientación para realizar axustes na súa aprendizaxe e na docencia

Unidade 1: *Einen Pecha-Kucha-Vortrag erstellen und halten*

Obxetivos

Área léxico-semántico: Diferentes temas dun interés profesional, académico ou persoal

Comprender en detalle a información contida nunha charla sobre un tema de carácter profesional, académico ou persoal.

Producir un discurso (Pecha Kucha) e expresarse con fluidez.

Competencias /
Contidos

- Relacionar a información nova con coñecementos previos.
- Resumir para comprender e producir textos orais.
- Tomar conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo.
- Producir un texto oral coherente e cohesionado.
- Tomar notas e apuntamentos mentres se escoitan charlas ou debates, recollendo as palabras ou expresións clave empregadas polas persoas interlocutoras.
- Utilizar todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, ...)
- Analizar as diferencias entre unha charla dun formato clásico e unha charla Pecha Kucha.

	<ul style="list-style-type: none"> • Usar conectores e estruturas gramaticais necesarios para unha charla. • Elaborar e presentar unha charla (Pecha Kucha) con fluidez.
Descrición das actividades	<ul style="list-style-type: none"> • Descubrir os teus intereses. • Analizar e entender unha charla (Pecha Kucha) • Repaso de conectores necesarios para unha charla. • Preparar un discurso oral (Pecha Kucha) e presentarlo. • Elaborar unha publicación en Instagram.
Criterios de avaliación	<ul style="list-style-type: none"> • Saca proveito dun amplo repertorio de elementos lingüísticos para formular pensamentos con precisión. • Presentar un discurso según un formato establecido. • Produce discursos claros, fluídos e ben estruturados. • Comunica e traslada información complexa e detallada dun xeito preciso e natural, sendo quen de dar exemplos e explicacións adecuadas. • Presenta ideas e puntos de vista de maneira flexible co fin de destacalos, diferencialos e eliminar posibles ambigüidades. • Axusta a entoación á situación comunicativa, variándoa para expresar matices de significado.
Avaliación formativa	<p>Na fase da elaboración dos discursos se establecen varias fases de reflexión final sobre o progreso do traballo e medidas para melloralo.</p> <p>Ao final da unidade o alumnado debe reflexionar de forma individual en qué ámbitos quere mellorar e como intenta conseguilo ao longo do curso.</p>
Recursos Temporalización	<p>Material elaborado especificamente para este curso. / Aula virtual</p> <p>7-8 sesións (setembro/outubro 2023)</p>

Unidade 2: *Umwelt & Nachhaltigkeit & Tierwohl*

Obxetivos

Área léxico-semántico: Medio ambiente, sustentabilidade, protección de animais

Comprender en detalle a información contida tanto en textos extensos e complexos como en programas de televisión dun tema de carácter profesional, académico ou persoal.

Participar con fluidez en debates formais sobre asuntos complexos de carácter xeral utilizando argumentos claros e persuasivos para defender o propio punto de vista.

Competencias / Contidos	<ul style="list-style-type: none"> • Comprender en detalle textos escritos sobre a sustentabilidade. • Recoñecer significados implícitos complexos en textos escritos. • Usar expresións para relacións e obxetivos. • Comprender en detalle programas sobre el medio ambiente. • Realizar presentacións claras e ben estruturadas sobre un tema do medio ambiente. • Practicar a mediación oral a base dun gráfico. • Mediar nun debate. • Expresar opinións e falar co fluidez en debates.
Descrición das actividades	<ul style="list-style-type: none"> • • Leer e comprender diferentes formatos de textos escritos e orais sobre temas relacionados co medio ambiente e a protección de animais. • Analizar gráficos. • Transmitir información á outra persoa. • Ver e comprender programas sobre problemas do medio ambiente. • Preparar e dar unha charla sobre un programa. • Realizar debates. • Simulación: Organizar un día de sustentabilidade nun centro educativo.
Criterios de avaliación	<ul style="list-style-type: none"> • Controla e repara o seu discurso en contextos complexos. • Formula pensamentos con precisión, pon énfase e elimina posibles ambigüidades. • Produce discursos claros, fluídos e ben estruturados. • Comunica e traslada información complexa e detallada dun xeito preciso e natural, sendo quen de dar exemplos e explicacións adecuadas. • Presenta ideas e puntos de vista de maneira flexible co fin de destacalos, diferencialos e eliminar posibles ambigüidades. • Expresa e argumenta as súas ideas e opinións con claridade e precisión, pode rebatir os argumentos das persoas interlocutoras e é quen de persuadir. • Utiliza un vocabulario correcto e apropiado, co fin de enriquecer, matizar e precisar o que quere dicir, e transmite matices sutís de significado. • Pode tomar a palabra, mantela e cedela de maneira completamente natural e espontánea. • Pode resumir ou trasladar con detalle as posturas e os argumentos presentados, así como os seus propios. • Axusta a entoación á situación comunicativa, variándoa para expresar matices de significado. <p><u>Mediación oral</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • Produce un texto oral coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte. • Transmite de xeito oral os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.
Avaliación formativa	Ao final da unidade o alumnado debe reflexionar de forma individual e en grupos sobre o resultado do seu aprendizaxe e proponden melloras, se fai falta.

Recursos e Temporización	Material elaborado específicamente para este curso. / Aula virtual 6 sesións (outubro 2023)
-----------------------------	--

Unidade 3: *Klimaaktivismus & Protestformen*

Obxetivos

Área léxico-semántico: Movimentos de protesta, medio ambiente, política

Opinar e posicionarse con respecto á diferentes formas de protesta.

Comprender en detalle a información contida tanto en textos extensos e complexos como en programas de televisión dun tema de carácter profesional, académico ou persoal.

Participar con fluidez en debates formais sobre asuntos complexos de carácter xeral utilizando argumentos claros e persuasivos para defender o propio punto de vista.

Competencias / Contidos	<ul style="list-style-type: none"> • Reflexionar sobre diferentes formas de protesta. • Comprender en detalle textos escritos e orais sobre diferentes accións de protesta. • Evaluar diferentes formas de protesta. • Aprender léxico específico. • Defender un punto de vista nun debate.
Descrición das actividades	<ul style="list-style-type: none"> • • Reflexionar e falar sobre diferentes formas de protesta e a súa eficacia. • Clasificar diferentes formas de protesta. • Presentar unha acción de protesta. • Evaluar accións de protesta según a súa eficacia. • Leer textos a favor e en contra da última xeración. • Elaborar diferentes puntos de vista co respecto ás protestas. • Realizar un debate defendendo un punto de vista en concreto. • Realizar unha enquisa na EOI sobre as preocupacións do alumnado e profesorado co respecto ao medio ambiente. • Elaborar unha publicación en Instagram sobre un tema medio ambiental (Podcast / Vídeo).
Criterios de avaliación	<ul style="list-style-type: none"> • Controla e repara o seu discurso en contextos complexos. • Formula pensamentos con precisión, pon énfase e elimina posibles ambigüidades. • Produce discursos claros, fluídos e ben estruturados. • Comunica e traslada información complexa e detallada dun xeito preciso e natural, sendo quen de dar exemplos e explicacións adecuadas. • Presenta ideas e puntos de vista de maneira flexible co fin de destacalos, diferencialos e eliminar posibles ambigüidades. • Expresa e argumenta as súas ideas e opinións con claridade e precisión, pode rebatir os argumentos das persoas interlocutoras e é quen de persuadir. • Utiliza o vocabulario adquirido na unidade. • Pode tomar a palabra, mantela e cedela de maneira completamente natural e espontánea.

	<ul style="list-style-type: none"> • Pode resumir ou trasladar con detalle as posturas e os argumentos presentados, así como os seus propios. • Axusta a entoación á situación comunicativa, variándoa para expresar matices de significado. <p><u>Mediación oral</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • Produce un texto oral coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte.
Avaliación formativa	Ao final da unidade o alumnado debe reflexionar de forma individual e en grupos sobre o resultado do seu aprendizaxe e propondor melloras, se fai falta.
Recursos e Temporización	Material elaborado especificamente para este curso. / Aula virtual 6 - 7 sesións (novembro 2023)

Unidade 4: *Fotografie & Künstliche Intelligenz*

Obxetivos

Área léxico-semántico: Fotografía, arte, tecnología

Coñecer diferentes formas de fotografía e o uso da intelixencia artificial nos medios visuais.

Reflexionar sobre a creatividade e os riscos da intelixencia artificial.

Comprender en detalle a información contida en textos extensos e complexo escritos e orais.

Participar con fluidez en debates formais sobre asuntos complexos de carácter xeral utilizando argumentos claros e persuasivos para defender o propio punto de vista.

Competencias / Contidos	<ul style="list-style-type: none"> • Usar vocabulario específico do mundo da fotografía. • Transmitir información dun texto fonte. • Comprender textos orais en detalle sobre a creatividade. • Reflexionar sobre procesos de creatividade e de intelixencia artificial. • Reflexionar sobre as posibilidades e riscos da intelixencia artificial nunha sociedade.
Descrición da actividade	<ul style="list-style-type: none"> • Aprender o léxico específico da fotografía co axuda dunha presentación. • Coñecer ao fotógrafo Henri Cartier-Bresson co axuda de textos escritos e fotos e debater sobre o seu concepto da creatividade. • Practicar a mediación oral. • escoitar un podcast sobre os criterios da creatividade. • Coñecer ao fotógrafo Boris Eldagsen e o seu concepto de creatividade e intelixencia artificial. • Comprender un vídeo sobre fotos xeneradas con intelixencia artificial. • Debatir sobre os perigos da intelixencia artificial no fotoperiodismo. • Elaborar un podcast sobre o tema.

<p>Criterios de avaliación</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Utiliza o vocabulario adquirido na unidade. • Controla e repara o seu discurso en contextos complexos. • Produce discursos claros, fluídos e ben estruturados. • Comunica e traslada información complexa e detallada dun xeito preciso e natural, sendo quen de dar exemplos e explicacións adecuadas. • Presenta ideas e puntos de vista de maneira flexible co fin de destacalos, diferencialos e eliminar posibles ambigüidades. • Expresa e argumenta as súas ideas e opinións con claridade e precisión, pode rebatir os argumentos das persoas interlocutoras e é quen de persuadir. • Pode tomar a palabra, mantela e cedela de maneira completamente natural e espontánea. • Pode resumir ou trasladar con detalle as posturas e os argumentos presentados, así como os seus propios. • Axusta a entoación á situación comunicativa, variándoa para expresar matices de significado. <p><u>Mediación oral</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • Produce un texto oral coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte.
<p>Avaliación formativa</p>	<p>Ao final da unidade o alumnado debe reflexionar de forma individual e en grupos sobre o resultado do seu aprendizaxe e proponer melloras, se fai falta.</p>
<p>Recursos e Temporización</p>	<p>Material elaborado especificamente para este curso. / Aula virtual 10 sesións (novembro / decembro 2023)</p>

Unidade 5: *Medienrealität & Nachrichten*

Obxetivos

Área léxico-semántico: xéneros de series, televisión, noticias, programas, realidade e ficción

Coñecer diferentes xéneros de series.

Reflexionar sobre a relación entre a realidade e ficción.

Comprender en detalle a información contida en textos extensos e complexo escritos e orais.

Redactar noticias.

Usar o Konjunktiv I & II

<p>Competencias / Contidos</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Usar vocabulario específico do mundo da televisión e das noticias. • Coñecer xéneros de realidade e ficción. • Coñecer o concepto da realidade mediática. • Saber usar o Konjunktiv I & II • Comprender as noticias actuais. • Transmitir noticias.
--------------------------------	--

Descrición da actividade	<ul style="list-style-type: none"> • Aprender o léxico específico dos xéneros da televisión. • Ler un texto sobre a realidade mediática. • Posicionares con respecto á xéneros híbridos. • Investigar sobre un Mockumentary. • Comprender noticias. • Aprender o léxico específico de diferentes ámbitos, como a política, medio ambiente, • Redactar noticias e usar o Konjunktiv I & II. • Elaborar un programa de noticias.
Criterios de avaliación	<ul style="list-style-type: none"> • Utiliza o vocabulario adquirido na unidade. • Produce discursos claros, fluídos e ben estruturados. • Comunica e traslada información complexa e detallada dun xeito preciso e natural, sendo quen de dar exemplos e explicacións adecuadas. • Presenta ideas e puntos de vista de maneira flexible co fin de destacalos, diferencialos e eliminar posibles ambigüidades. • Expresa e argumenta as súas ideas e opinións con claridade e precisión, pode rebatir os argumentos das persoas interlocutoras e é quen de persuadir. • Usa o Konjunktiv I & II • <u>Mediación oral</u> • Produce un texto oral coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte.
Avaliación formativa	Ao final da unidade o alumnado debe reflexionar de forma individual e en grupos sobre o resultado do seu aprendizaxe e proponden melloras, se fai falta.
Recursos e Temporización	Material elaborado especificamente para este curso. / Aula virtual 10 sesións (xaneiro / febreiro 2024)

Unidade 6: *Literatur & kulturelle Aktivitäten*

Obxetivos

Área léxico-semántico: literatura, cine, cultura

Coñecer diferentes xéneros literarios.

Reflexionar sobre o uso da literatura e do cine na actualidade.

Comprender en detalle os mecanismos de textos literarios orais e escritos.

Participar con fluidez en debates formais sobre asuntos complexos de carácter xeral utilizando argumentos claros e persuasivos para defender o propio punto de vista.

Competencias /	<ul style="list-style-type: none"> • Usar vocabulario específico do mundo da cultura / literatura / cine. • Transmitir información dun texto fonte. • Comprender textos orais en detalle sobre recensións de libros e filmes. • Reflexionar sobre procesos de creatividade.
----------------	---

Contidos	<ul style="list-style-type: none"> • Reflexionar sobre o rol da literatura e do cine na sociedade actual.
Descrición da actividade	<ul style="list-style-type: none"> • Aprender o léxico específico co axuda dunha presentación. • Coñecer poetas / escritores e fragmentos das súas obras. • Practicar a mediación oral. • Ver un vídeo sobre unha crítica literaria. • Expresarse e debatir sobre preferencias literarias. • Elaborar un podcast sobre o tema.
Criterios de avaliación	<ul style="list-style-type: none"> • Utiliza o vocabulario adquirido na unidade. • Controla e repara o seu discurso en contextos complexos. • Produce discursos claros, fluídos e ben estruturados. • Comunica e traslada información complexa e detallada dun xeito preciso e natural, sendo quen de dar exemplos e explicacións adecuadas. • Presenta ideas e puntos de vista de maneira flexible co fin de destacalos, diferencialos e eliminar posibles ambigüidades. • Expresa e argumenta as súas ideas e opinións con claridade e precisión, pode rebatir os argumentos das persoas interlocutoras e é quen de persuadir. • Pode tomar a palabra, mantela e cedela de maneira completamente natural e espontánea. • Pode resumir ou trasladar con detalle as posturas e os argumentos presentados, así como os seus propios. • Axusta a entoación á situación comunicativa, variándoa para expresar matices de significado. • <u>Mediación oral</u> • Produce un texto oral coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte.
Avaliación formativa	Ao final da unidade o alumnado debe reflexionar de forma individual e en grupos sobre o resultado do seu aprendizaxe e proponer melloras, se fai falta.
Recursos e Temporización	Material elaborado especificamente para este curso. / Aula virtual 6 sesións (febreiro / marzo 2024)

13. PROCEDEMENTOS PARA COORDINAR, VALORAR E REVISAR O DESENVOLVEMENTO E RESULTADO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

A aplicación práctica da programación didáctica esixe unha reflexión e avaliación sistemática dos elementos fundamentais que a compoñen.

Podemos identificar diferentes elementos avaliábeis partindo do proceso ensino-aprendizaxe e a súa modelación en sentido sistémico (César Coll 1980). Estes elementos non son máis que a composición do propio proxecto curricular, se ben esta análise terá que ser feita desde unha perspectiva práctica e concreta tendo en conta: que metas se presentan, arredor de que contidos xira, que medidas de intervención didáctica se presupoñen, que materiais e recursos didácticos se utilizaron, que sistemas de avaliación se aplicaron e a funcionalidade de procedemento xeralmente empregada.

Avaliación dos obxectivos

Adecuación dos obxectivos xerais do nivel.

Se se relacionan con todos os niveis evolutivos do alumno.

Se os requirimentos se adaptan aos coñecementos e capacidades reais dos alumnos nun nivel óptimo para o éxito do proceso de aprendizaxe.

Se teñen redundancias ou contidos innecesarios

Avaliación dos contidos

Se concretizan os obxectivos propostos.

Se se adaptan ao currículo vixente.

Se amosan unha lóxica interna.

Se teñen en conta unha perspectiva plurilingüe .

Se inclúen autoavaliación do estudante (nas súas propias metas).

Avaliación do conxunto da experiencia educativa

Se a súa estrutura permite o tratamento de diferentes dimensións de contido para acadar os obxectivos propostos.

Se a súa estrutura e oferta permite unha adaptación para a atención á diversidade en función dos requirimentos, propostas e ideas dos alumnos.

Se ten en conta o proceso de autoavaliación e autoaprendizaxe do alumnado.

Se permite a adquisición de aprendizaxe instrumental por parte do alumnado.

Avaliación dos recursos didácticos

Se apoian a interacción entre os estudantes e entre profesor-estudantes.

Se se utilizan recursos habituais da vida cotiá non feitos con fins didácticos do tipo de trípticos, periódicos, etc.

Se os recursos son útiles para o desenvolvemento dos contidos e acadamento dos obxectivos.

Se permiten a exercitación de diferentes formas de expresión.

Se son atractivos na presentación dos temas.

Se estimulan as diferentes formas receptivas.

Se son adecuados para o seu uso creativo.

Se estimulan a participación activa do estudante, a súa creatividade, autonomía e socialización.

Se o estudante participa dalgún xeito na súa escolla.

Para analizar estes aspectos, a programación didáctica estará suxeita a dous tipos de avaliación: de progreso e final. A avaliación de progreso permitirá unha mellor aplicación da programación didáctica á hora de desenvolver a de aula e un axuste máis adecuado ás necesidades do alumnado. A avaliación continua da programación permite adaptala na medida do posible ás necesidades que se vaian detectando durante todo o proceso de ensino-aprendizaxe. A avaliación final terá como obxectivo a consideración da programación dun ano escolar para o seguinte, reformulando aqueles aspectos que se considere oportuno. Os instrumentos de avaliación da programación que se empregarán serán os seguintes:

1. Reunións de coordinación. Estas reunións permitirán unha avaliación progresiva da programación, permitindo adaptala ás necesidades do alumnado e facendo os axustes precisos para que os obxectivos programados sexan acadados con maior éxito.
2. Reunións de avaliación final. Estas reunións de final de curso terán como obxectivo a análise do desenvolvemento da programación, e reflectirán na memoria final do departamento aqueles apartados que precisan ser modificados ou reformulados.
3. Memoria final. Este documento comprenderá, entre outros puntos, a serie de aspectos da programación que sería preciso reformar para adaptala, tanto ao tempo dispoñible, como ás necesidades do alumnado, como a un mellor axuste co establecido no currículo. Todos os aspectos que cómpre reformar consignados na memoria serán tidos en conta á hora de elaborar a programación didáctica do ano seguinte.
4. Estatísticas. Despois de feita a avaliación final do alumnado, estudaranse os datos estatísticos respecto ao número de aprobados, suspensos e non presentados por cada curso, co obxectivo de

detectar un posible abandono e o feito de non acadar os obxectivos ligados a desaxustes na programación didáctica.

14. PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO

Os procedementos que se usarán para realizar a avaliación interna do departamento son os seguintes:

Observación:

A observación persoal permítenos detectar problemas, erros e carencias que poderían ser remediados. A estas observacións pódense engadir outras derivadas da análise de situacións anómalas, do contacto co profesorado do departamento tanto persoalmente como por correo electrónico, e das queixas de alumnas e alumnos.

Reflexión en grupo:

Isto pode facerse entre os seguintes colectivos: entre todo o profesorado nas reunións de departamento; entre a xefatura de departamento e os coordinadores; na CCP e outras reunións co equipo directivo.

Enquisas:

Como mínimo unha vez ao curso enviarase unha enquisa ao profesorado do departamento para analizar o funcionamento do mesmo.

Para optimizar a utilidade do cuestionario, este deberá seguir algunhas normas:

- a) O anonimato: non se poderá pedir nome nin sinatura, evitarase que haxa que escribir algunha á man e non se farán preguntas identificadoras.
- b) Motivación e información: débese informar previamente da utilidade da enquisa e posteriormente dos resultados.
- c) Brevidade.

O modelo de enquisa relativo á avaliación interna do departamento será o seguinte:

Cómo podemos mellorar o noso departamento?

Por favor marca os seguintes aspectos do 1 ao 4, sendo 1 a valoración máis baixa e 4 a máis alta. Tamén deixa os teus comentarios sobre como cres que as cousas se poden mellorar.

Como valorarías os seguintes aspectos do departamento de alemán?

Cómo podemos mellorar o noso departamento?

Por favor marca os seguintes aspectos do 1 ao 4, sendo 1 a valoración máis baixa e 4 a máis alta. Tamén deixa os teus comentarios sobre como cres que as cousas se poden mellorar.

Como valorarías os seguintes aspectos do departamento de alemán?

1. Actividades culturais: 1 2 3 4

Como pensas que se poden dinamizar? Podes dar algún exemplo?

2. Recursos didácticos: 1 2 3 4

Pensas que nalgún nivel compre cambiar de método? Tes algunha proposta para mellorar?

3. Reunións de departamento: 1 2 3 4

Como pensas que se poderían mellorar?

4. Elaboración dun banco de exames: 1 2 3 4

Tes algunha proposta para actualizar ou mellorar o traballo colaborativo?

5. Organización das probas finais de maio - xuño: 1 2 3 4

6. En qué aspectos pensas que se podería mellorar a coordinación da elaboración das probas?

7. Comunicación coa xefatura do departamento: 1 2 3 4

8. Outros: Algún outro comentario sobre o funcionamento do departamento?

15. PROCEDEMENTOS PARA IDENTIFICAR E CANALIZAR AS NECESIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO DO DEPARTAMENTO

Como en calquera aspecto da vida, tamén nos centros de ensino é necesario, antes de deseñar e intervir, realizar un estudo previo –análise de necesidades- que nos permita calcular coa maior exactitude posíbel os aspectos en que debemos centrar o noso traballo formativo, como debemos realizalo e secuencialo, etc.

É importante que a análise das necesidades non sexa realizada “de arriba para abaixo”, é dicir, que non sexan exclusivamente os membros dos equipos directivos, da inspección ou da Consellaría os que determinen cales son as necesidades que ten o profesorado; para isto é importante lembrar que as necesidades non son só déficits ou carencias e que existen necesidades de diferente tipo:

- Normativas: aluden ao establecido por lei normal ou social.
- Sentidas: percepcións subxectivas de cada persoa.
- Expresas: esixencias xeneralizadas.
- Comparativas: derivadas da diferenza entre grupos en igualdade de condicións onde un posúe algo que os outros non teñen.
- Prospectivas: fan referencia a necesidades que xurdirán no futuro.
- Os procedementos básicos que se utilizarán para detectar as necesidades de formación do profesorado do departamento serán principalmente tres:
- Observación: a simple observación persoal permítenos detectar problemas, erros e carencias que poderían ser remediados a través da acción formativa (dificultades para gravar un cd, uso incorrecto dos aparellos electrónicos...). A estas observacións pódense engadir outras derivadas da análise de situacións anómalas ou estrañas e das queixas de alumnas e alumnos.
- Reflexión en grupo: o proceso podería ser o que segue:

- Distribución do profesorado (dun único departamento ou de varios) en grupos de 5 ou 6 persoas; escolla de voceiro.
- Reflexión individual sobre as propias necesidades e elaboración dunha lista.
- Debate no grupo e contraste das reflexións individuais para conseguir unha proposta consensuada (sen excluír ningunha das anteriores); posteriormente repetirase o proceso cos resultados dos outros grupos.
- Enquisas: poden ser dirixidas ao profesorado ou ao alumnado. Para optimizar a utilidade do cuestionario, este deberá seguir algunhas normas:
- anonimato: non se poderá pedir nome nin sinatura, evitarase que haxa que escribir algunha á man e non se farán preguntas identificadoras.
- Motivación e información: débese informar previamente da utilidade da enquisa e posteriormente dos resultados.
- Brevidade.
- **principal problema da enquisa, a pesar destas "precaucións", será a inevitábel subxectividade das percepcións dos suxeitos entrevistados.**